CAPÍTULO 1. INTRODUCCIÓN 1
1.1.- CONTIDO DO DOCUMENTO 1
1.2.- ANTECEDENTES 2
1.3.- CONCURSO E ADXUDICACIÓN 2
1.4.- CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DO PXOM DE VILAMARTÍN 2
1.5.- ÁMBITO DE INFLUENCIA 3
1.6.- CALENDARIO 3
1.7.- PLANTEXAMENTO XENÉRICO 5
1.8.- A FIGURA DA APROBACIÓN INICIAL 5
CAPÍTULO 2.- MEMORIA INFORMATIVA 6
2.1.- O MEDIO FÍSICO 6
2.2.- PROBLEMAS DERIVADOS DO MEDIO FÍSICO 7
2.3.- A DEMOGRAFÍA 7
2.3.1.- A POBOACIÓN COMARCAL 8
2.3.1.1.- O estado da poboación 8
2.3.1.2.- Evolución da poboación 8
2.3.2.- A DEMOGRAFÍA MUNICIPAL 10
2.3.2.1.- O estado da poboación 10
2.3.2.2.- Evolución da poboación municipal 10
2.4..- PROBLEMAS DERIVADOS DA DEMOGRAFÍA MUNICIPAL 11
2.5.- A ACTIVIDADE ECONÓMICA 11
2.6.- PROBLEMAS DERIVADOS DA ACTIVIDADE ECONÓMICA 12
2.7.- O MEDIO URBANO 13
2.7.1.- ANÁLISE DA MALLA URBANA 13
2.8.- PROBLEMAS DERIVADOS DO MEDIO URBANO 13
2.9. A VIVENDA 14
2.10.1.- ESTIMACIÓN DA DEMANDA DE VIVENDA PROTEXIDA 14
2.10.- A ORDENACIÓN MUNICIPAL 15
2.10.1.- AS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO 15
2.10.2.- O PLANEAMENTO MUNICIPAL 15
2.10.3.- O PLANEAMENTO DOS CONCELLOS LIMÍTROFES 16
2.11.- PROBLEMAS DERIVADOS DA ORDENACIÓN URBANISTICA 17
2.11.1.- A CLASIFICACIÓN DO SOLO 17
2.11.2.- O SOLO URBANO 17
2.11.3.- OS NÚCLEOS RURAIS 17
2.11.4.- OS SISTEMAS XERAIS 18
2.11.4.1.- A rede de comunicacións 18
2.11.4.2.- Os equipamentos 18
2.11.4.3.- Os espacios libres 18
2.12.- INCIDENCIA DA LEXISLACIÓN SECTORIAL VIXENTE 18
2.13.- ANÁLISE DAS INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS 19
2.13.1.- INFRAESTRUTURAS VIARIAS 19
2.13.2.- INFRAESTRUCTURAS DE SERVIZOS 20
2.13.2.1.- Abastecemento de auga 20
2.13.2.2.- Saneamento 20
2.13.2.3.- Residuos sólidos urbanos 20
2.14.- ANÁLISE DOS ESPACIOS LIBRES E EQUIPAMENTOS EXISTENTES 21
CAPÍTULO 3- MEMORIA DE ORDENACIÓN 23
3.1.- O MODELO DE ASENTAMENTO PROPOSTO E A ESTRUCTURA XERAL E ORGÁNICA DO TERRITORIO 23
3.2.- XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA 24
3.2.1.- CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL APLICADOS 24
3.2.2.- CRITERIOS SECTORIAIS 24
3.2.2.1.- Criterios en orden a acadar o acabado e mellora do modelo e medio urbano existente 25
3.2.2.2.- Criterios específicos nos núcleos rurais 25
3.2.2.3.- Criterios específicos nas áreas para novos asentamentos 26
3.2.2.4.- Criterios específicos para o solo rústico 26
3.2.2.5.- Obxectivos e criterios socioeconómicos 26
3.2.2.6.- Obxectivos e criterios en orden a resolver problemas estructurais 27

3.2.2.7.- Consecución do sistema xeral de espacios libres 27
3.2.2.8.- O tratamento dos equipamentos que constitúen o sistema xeral 27
3.2.2.8.1.- Equipamento docente 27
3.2.2.8.2.- Equipamento sanitario 27
3.2.2.8.3.- Equipamento asistencial 28
3.2.2.8.4.- Equipamento sociocultural 28
3.2.2.8.5.- Equipamento deportivo e zonas verdes 28
3.2.2.8.6.- Equipamento relixioso 28
3.2.2.8.7.- Cemiterios 28
3.2.2.9.- Obxectivos, criterios e actuacións dirixidos a resolver os problemas existentes nos servizos urbanos básicos e no medio ambiente 28
3.2.2.10.- Accións tendentes á actualización da normativa urbanística 28
3.2.2.10.1.- Marco legal. 28
3.2.2.10.2.- Sistema normativo. 29
3.2.3.- MODELO DE XESTIÓN URBANÍSTICA PROPOSTO 29
3.2.3.1.- Xestión do solo urbano 30
3.2.3.2.- Xestión do solo de núcleo rural 30
3.2.3.3.- Xestión do solo urbanizable 30
3.2.3.4.- Xestión do solo rústico 31
3.2.4.- CRITERIOS E ESTRATEXIAS DE XESTIÓN DO PLANEAMENTO 31
3.2.4.1.- Criterios de xestión en solo urbano consolidado 31
3.2.4.2.- Criterios de xestión en solo urbano non consolidado e solo urbanizable delimitado 31
3.2.4.3.- Criterios para o calculo do aproveitamento tipo 31
3.3.- DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DOS PARÁMETROS URBANÍSTICOS DA ORDENACIÓN PROPOSTA 32
3.3.1.- CUANTIFICACIÓN DA CLASIFICACIÓN DO SOLO E AS CAPACIDADES DO PLANEAMENTO 32
3.3.1.1.- Ordenación e cuantificación das capacidades do solo urbano consolidado 32
3.3.1.2.- Ordenación e cuantificación das capacidades do solo urbano non consolidado 34
3.3.1.2. Ordenación e cuantificación das capacidades do solo de núcleo rural 35
3.3.1.2.1 Xustificación da consolidación edificatoria dos núcleos rurais 38
3.3.1.3. Ordenación e cuantificación das capacidades do solo urbanizable delimitado 39
3.3.1.4. Dimensionamento da capacidade residencial en función das expectativas de crecemento 40
3.3.1.5.- Ordenación do solo rústico 41
3.3.1.5.1. Solo Rústico de Protección Agropecuaria 42
3.3.1.5.2. Solo Rústico de Protección Forestal 42
3.3.1.5.3. Solo Rústico de Protección de Augas 42
3.3.1.5.4. Estudo de inundabilidade dos ríos e regatos do concello de Vilamartín.... 43
3.3.1.5.5. Solo Rústico de Protección de Infraestructuras 43
3.3.1.5.6. Solo Rústico de Protección de Espacios Naturais 43
3.3.1.5.7. Solo Rústico de Protección de Patrimonio 50
3.3.1.5.8. Solo Rústico de Protección Ordinaria 51
3.3.2. CUANTIFICACIÓN E DEFINICIÓN DE SISTEMAS INFRAESTRUCTURAIS E DOTACIONAIS 51
3.3.2.1. Sistema viario 51
3.3.2.2. Sistema de infraestructuras urbanísticas 51
3.3.2.3. Sistema de zonas verdes e espacios libres 54
3.3.2.3. Sistema de Equipamentos 55
3.3.2.4. Obtención, execución e deseño das novas dotacións 57
3.4. RELACIÓN DO PXOM CON OUTRAS NORMATIVAS SECTORIAIS . 58
3.4.1. RELACIÓN DO PXOM COAS DOT 58
3.4.2. RELACIÓN DO PXOM COA NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE 59
3.4.3. RELACIÓN DO PXOM COA LEXISLACIÓN SOBRE HABITABILIDADE 60
3.4.4. RELACIÓN DO PXOM COA NORMATIVA VIXENTE EN MATERIA DE RESIDUOS 60
3.4.5. RELACIÓN DO PXOM COA NORMATIVA VIXENTE EN MATERIA DE COMERCIO. 60
4.- ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN E ESTUDIO ECONÓMICO 61
4.1.- ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN 61
4.2.- ESTUDIO ECONÓMICO 62
ANEXO I: INFORME DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA 1
ANEXO II. INFORME PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL 1

ANEXO III: CUMPRIMENTACIÓN DO INFORME PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL.....1

ANEXO IV: CUMPRIMENTACIÓN DOS INFORMES EMITIDOS DURANTE O PERÍODO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO.....1

ANEXO V: INFORME DE ALEGACIÓNS.....1

ANEXO VI: ESTUDO DE AFECCIÓNS Ó RÉXIME HÍDRICO.....1

CAPÍTULO 1. INTRODUCCIÓN

1.1.- CONTIDO DO DOCUMENTO

O presente documento articúlase atendendo ó referido no art. 61 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e as súas posteriores modificacións (LOUPMRG), na que se determina que un Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) desenvolverá os seguintes documentos:

a) Memoria Xustificativa dos seus fins e obxectivos, así como as súas determinacións.
b) Estudio do medio rural e análise do modelo de asentamento poboacional
c) Informe de sustentabilidade ambiental e memoria ambiental (ISA).
d) Planos de información.
e) Planos de ordenación urbanística do territorio.
f) Normas urbanísticas.
g) Estratexia de Actuación e Estudio Económico
h) Informe ou memoria de sustentabilidade conómica
i) Catálogo de elementos que se deben protexer ou recuperar.
j) Informe ou memoria de sustentabilidade económica
k) Aqueloutros que se consideren necesarios para reflectir axeitadamente as súas determinacións.

a) Memoria xustificativa: como compoñente do texto de redacción do Plan, o contido deste documento de memoria adáptase ó referido no art. 38 do Regulamento de Planeamento (RP) establecendo as conclusións da información urbanística, analizando as distintas alternativas posibles e xustificando o modelo elixido, as determinacións de carácter xeral e as correspondentes ós distintos tipos e categorías de solo, se ben o referido ás características que define como "naturais" do territorio se contemplan mais especificamente no documento de Estudio do Medio Rural.

A efectos da súa organización interna, o documento de Memoria estructúrase en 4 capítulos, un introductorio, os dous centrais nos que se atenden os contidos referidos no RP, e finalmente un capítulo no que se establece a estratexia de actuación global do Plan, e o estudio económico que a sustenta:

Capítulo 1. Introducción.
Capítulo 2. Memoria informativa.
Capítulo 3. Memoria de ordenación.
Capítulo 4. Estratexia de actuación e estudio económico.

b) Estudio do medio rural e análise do modelo de asentamento territorial. Segundo a LOUPMRG o estudio do medio rural debe servir de base para establecer as medidas tendentes á conservación e mellora das súas potencialidades intrínsecas e, en particular, para a protección dos seus valores ecolóxicos, ambientais, paisaxísticos, históricos, etnográficos, culturais ou con potencialidade productiva. A análise do modelo de asentamento territorial terá por obxecto determinar as medidas que se vaian adoptar para a preservación e mellora do medio rural e a preservación dos asentamentos histórico-tradicionais, definindo os elementos que o constitúan e a súa inserción no marco comarcal destacando a división parroquial, o sistema de núcleos de poboación, a súa capacidade de acollida da demanda previsible de uso residencial no medio rural e a súa relación co medio natural e productivo. A súa elaboración foi concretada despois dun minucioso traballo de campo con identificación, sobre a cartografía dispoñible, de tódalas vivendas, alpendres, hórreos e demais construccións auxiliares, así coma a tipoloxía destas de cara á delimitación precisa dos núcleos rurais.

c) Informe de sustentabilidade ambiental (ISA) e Memoria Ambiental. Terá por obxecto a análise e a ponderación dos efectos da execución e desenvolvemento das determinacións do Plan Xeral sobre os recursos naturais e o medio físico, a adopción de medidas correctoras necesarias para minimizar os seus impactos, e a valoración da adecuación das infraestructuras e servicios necesarios para garantir os novos desenvolvementos en condicións de calidade e sustenatabilidade ambiental, así como a súa coherencia cos obxectivos de protección do dominio público natural. A memoria ambiental terá por obxecto vincular as determinacións do Plan Xeral que se aprobe provisional e definitivamente ó contido do informe de sustentabilidade ambiental, e en base a isto será incorporada ó PXOM no momento procedimental oportuno, é dicir, inmediatamente antes da aprobación provisional.

d) Planos de información urbanística: recóllense aquí os planos referentes á topografía, rede hidrográfica, solos, cultivos, distribución da poboación e outros que aporten documentación adicional ós apartados anteriormente expostos. Un apartado importante desta documentación será a correcta e actualizada cartografía, complementada co traballo de campo necesario así como uns exhaustivos planos de servicios urbanísticos, os cales servirán de base para as clasificacións das distintas entidades de poboación.

e) Planos de Ordenación Urbanística. Divídense en dous tipos de planos:

- Planos de clasificación, estructura xeral e usos globais do termo municipal. Realizado sobre base cartográfica a escala 1/5000.
- Planos de ordenación e xestión do solo urbano, tanto consolidado como non consolidado, e urbanizable, e planos de ordenación dos núcleos rurais. Realizado sobre base cartográfica a escala 1/2000.

Estes planos compleméntanse con outros máis específicos como o que representa a estructura xeral e orgánica do territorio ou a división de sectores de solo urbanizable.

f) Normas Urbanísticas. Subdividíronse en dúas partes:

- Normas Urbanísticas. Textos escritos.
- Normas Urbanísticas. Fichas de xestión do solo urbano non consolidado e do solo urbanizable.

h) Catálogo de Protección. Recóllense aquí os distintos elementos catalogados do termo municipal, tanto arquitectónicos como arqueolóxicos cos seus graos de protección e as súas cautelas.

1.2.- ANTECEDENTES

O Concello de Vilamartín dispón para a ordenación do solo do seu territorio de dunha Delimitación do Solo Urbano, aprobada definitivamente o 9 de maio de 1995.

A ordenación establecida neste documento de planeamento serviu de base para regular o proceso de edificación no ámbito do solo urbano quedando o resto do termo municipal ó amparo das Normas Subsidiarias Provinciais o que deu lugar a unha serie de situacións de fora de legalidade que o PXOM deberá intentar encauzar.

Imponse, polo tanto, a necesidade de elaborar un documento que regule o crecemento municipal, tanto no rural, con iniciativas cada vez máis florecentes neste terreo, como no solo urbano, cunha presión urbanística moderada, pero que precisa de maneira urxente unha recondución.

1.3.- CONCURSO E ADXUDICACIÓN

Acollidos á Orde que regula a concesión de axudas para a redacción de planeamento, convocada pola C.P.T.O.P.T. no ano 2010, o Excmo. Concello de Vilamartín aprobou as Condicións Técnicas e Económico-administrativas para a contratación mediante concurso, dos traballos da redacción do Plan Xeral, séndolle adxudicada a elaboración deste á empresa ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A., e ó seu equipo de profesionais, dirixidos polo enxeñeiro de camiños D. Julio C. Rojo Martínez e o arquitecto D. Isidro López Yáñez.

1.4.- CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DO PXOM DE VILAMARTÍN

Durante o período transcorrido desde a entrada en vigor da Delimitación do Solo Urbano, o 9 de maio de 1995, xurdiu unha importante normativa tanto estatal como autonómica, que incide nos aspectos territoriais da actividade económica e urbanística. Pola súa especial incidencia e importancia, é necesario citar as seguintes:

- Lei 8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- Lei 10/1995, de Ordenación do Territorio de Galicia.
- Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. (LOUPMRG).
- Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- Ley 8/2007, de 28 de mayo, de suelo.
- Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, pola que se modifica a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- Lei 2/2010 de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Estas novas normativas, constitúen o marco regulador no que debe inscribirse toda a actividade urbanística e planificadora do territorio, e introduciron trocos importantes na maneira de entender a territorialización das actividades económicas e a súa ordenación integrada con carácter urbanístico nun Plan.

Por outra parte, o desenvolvemento da actividade constructiva no termo municipal, sobre todo a nivel de vivendas unifamiliares, fóra da limitación establecida pola vixente Delimitación do Solo Urbano, coas limitacións territoriais que esta leva de seu, creou diferenzas no ordenamento urbanístico municipal e situacións de ilegalidade ou fóra de ordenamento que nestes momentos comprometen a actividade urbanística municipal.

A necesidade de regular a construción dun elevado número de vivendas unifamiliares de maneira ordenada e a necesidade de regular de xeito mais controlado a localización de

diferentes construccións no solo rústico, fan precisa a redacción do PXOM, para adecuar o planeamento ás novas formas de concibir a ordenación do territorio municipal e comarcal, así como permitir a introducción dos mecanismos, instrumentos e técnicas que a moderna lexislación permite, a fin de facer unha normativa máis flexible nas súas determinacións, máis áxil en canto á súa posibilidade de xestión e execución, e máis equilibrada en canto á ocupación do territorio.

O hipotético aumento de poboación debe ser contemplado de maneira rigorosa fomentando a estructura nucleada do concello da maneira máis ordenada posible, aproveitando as oportunidades que a nivel de asentamentos poboacionais aporta a nova lexislación galega, acorde cos diversidade do noso territorio, nas cales os novos asentamentos se integren de xeito natural co tecido existente e se reduzan os déficits que a nivel de espacios libres e equipamento poida ter neste momento o concello.

Por último, a crecente modernización das explotacións agrícolas, fundamentalmente vitivinícolas, amparadas na Denominación de Orixe Valdeorras, así como a implantación en solo rústico de actividades vinculadas á primeira transformación, son outros aspectos de importancia que debería recoller o Plan Xeral na súa regulación.

1.5.- ÁMBITO DE INFLUENCIA

As características físicas dunha boa parte do termo municipal, con condicións medioambientais e climáticas particulares, derivadas da situación na cunca do río Sil, orientación, vexetación, etc., así como a proximidade a dous nodos de certo dinamismo como son O Barco de Valdeorras e a Rúa, a moi pouca distancia deles, provocaron un importante crecemento do parque de vivendas unifamiliares, cunha ordenación que deberá ser contemplada dun xeito rigoroso.

Así, o novo PXOM, que necesariamente deberase de centrar no ámbito do termo municipal, porá un énfase especial en prever unha mellora importante nas comunicacións das diversas entidades de poboación e en completar e mellorar a ordenación e as dotacións dos núcleos urbanos existentes.

1.6.- CALENDARIO

No ano 2010, o Excmo. Concello de Vilamartín aprobou as Condicións Técnicas e Económico-administrativas para a contratación, mediante concurso, dos traballos de redacción do PXOM a ESTUDIO TÉCNICO GALEGO, S.A., e ó seu equipo de profesionais, dirixidos polo enxeñeiro de Camiños D. Julio C. Rojo Martínez e o Arquitecto D. Isidro López Yáñez.

A tramitación do PXOM de Vilamartín pasou por varios acontecementos ata chegar ó presente documento.

Iniciouse unha primeira tramitación do PXOM alá polo ano 2004, aprobándose inicialmente o documento e expoñéndose o documento entre os meses de xullo e agosto deste ano.

Este proceso culminou coa Orde da Consellería de Política Territorial, Obras e Vivenda de 18 de outubro de 2005 pola que se denegaba a aprobación definitiva do PXOM de Vilamartín argumentando que o documento presentaba “un conxunto de deficiencias que non susceptibles de emenda”.

A raíz desta resolución o Concello decidiu comezar a redacción dun novo documento que foi remitido para informe previo á aprobación inicial en 2007. O informe previsto foi emitido en marzo de 2008 indicando nel que *“o PXOM que se presenta mantén, no fundamental, o conxunto de deficiencias detectadas no documento que foi obxecto da devandita Orde do 18/10/2005, sen que se teña procedido por tanto a unha profunda e completa revisión documental e de fondo do mesmo, e mesmo incorpora nalgúns casos novas deficiencias*”.

Entre 2008 e 2009 produciuse unha renovación na Corporación Municipal. A nova Corporación, á vista dos trámites realizados con anterior PXOM decidiu iniciar un novo proceso de redacción, comezando pola convocatoria dun novo concurso e adxudicación.

Unha vez adxudicado a nova redacción iniciáronse os traballos como se dun novo PXOM de tratase.

Así, inicialmente, modificouse e mellorouse a base cartográfica a partir da cartografía analítica do concello, elaborada por este especificamente para o PXOM, introducindo, como grande novidade, a base catastral, para unha correcta adecuación da propiedade ás determinacións do planeamento, para que reflicta con exactitude a realidade do feito físico no termo municipal. O equipo redactor transcribiu á mesma tódalas infraestructuras, equipamentos e servicios existentes que, xunto cos planos de análise, configuran a base fundamental do documento de Documento de Inicio para a Avaliación Ambiental Estratéxica.

Para a elaboración deste documento iniciouse a realización dun concienciudo traballo de campo. O resultado deste traballo de campo foron unha serie de datos que serviron de base

para a actualización e mellora da cartografía, así como para a elaboración do Estudio de Medio Rural, e a análise do modelo de asentamento.

En canto ó catálogo de bens a protexer, independentemente dos espacios naturais, tratados na clasificación do solo, realizouse o traballo de campo encamiñado á súa identificación e a elaboración dunha ficha coa descrición do ben, do seu estado de conservación, así como das posibles obras a realizar e/ou as medidas tendentes á súa recuperación.

Paralelamente, foise realizando traballo de gabinete, coa recompilación e redacción do conxunto da información urbanística, con datos referentes ó medio físico, ó medio construído e ós factores demográficos e socioeconómicos fundamentais á hora de tomar decisións sobre as previsións de crecemento, necesidades e estratexia de cara ó futuro do concello.

Cos datos obtidos, redactouse un novo Documento de Inicio da Avaliación Ambiental Estratéxica do PXOM do Concello de Vilamartín, que foi presentado ó concello con data de outubro de 2010. Neste documento recollíase a información urbanística e unha diagnose da situación actual, así como o estudio das alternativas que debía contemplar o PXOM para o ordenamento municipal.

Este documento foi remitido á Consellería de Medio Ambiente e exposto ó público entre os meses de novembro e decembro de 2010. A partir desta exposición, a Consellería remitiu ó Concello o Documento de Referencia, con data de decembro de 2010.

A análise deste documento, xunto coas indicacións e suxestións do equipo técnico e dos xestores municipais, permiten poñer en evidencia a situación urbanística municipal, sinalando os conflictos principais e a diagnose ou catálogo dos problemas existentes, así como as posibles solucións e alternativas que se poden contemplar para facerlles fronte, no marco dunha concepción global da ordenación territorial do municipio, cunhas liñas xerais que poden e deben quedar xa definidas desde o Documento de Aprobación Inicial.

As principais ideas de futuro plasmadas no Documento de Aprobación Inicial poderíanse resumir nas seguintes:

- Continuidade do trazado e clasificacións da Delimitación do Solo Urbano vixente, procurando ordenar os crecementos xurdidos tanto ó amparo da normativa como á marxe desta, sempre e cando se consideren conformes cos intereses municipais
- A delimitación de áreas do territorio como núcleos rurais sempre que se verifique o cumprimento do prescrito na LOUPMRG, tentando recoller as numerosas edificacións que xurdiron á marxe do planeamento
- O mantemento e reforzo do actual sistema de núcleos rurais moitos deles de estructura histórico-tradicional e grande valor arquitectónico como conxunto.
- A dotación de solo industrial, tanto intentando recoller as instalacións que xurdiron á marxe do planeamento como solo para ubicar as novas industrias.
- A conservación ambiental, paisaxística e patrimonial e a dotación de elementos comunitarios buscando a integración dos diferentes grupos sociais, urbanos e rurais do municipio.

Con data de marzo de 2011, remítese o Documento de Aprobación Inicial ó Concello para que, unha vez dado coñecemento del, remítao á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, co fin de recadar o preceptivo Informe Previo á Aprobación Inicial.

Este informe é emitido con data de 3 de novembro de 2011. Neste indícanse unha serie de cuestións, xustificacións e correccións que é necesario introducir no documento de tramitación para poder proceder á súa aprobación inicial.

O documento que incorpora a nova documentación, as modificacións e as xustificacións derivadas do informe anteriormente referido é remitido ó Concello de Vilamartín en data de decembro de 2011 para que proceda á súa aprobación inicial e exposición ó público.

O documento foi aprobado no pleno de 29 de decembro de 2011 e exposto ó público por prazo de dous meses segundo anuncio no DOG nº 25 de 6 de febreiro de 2012.

Como resultado da exposición ó público foron presentadas un total de 68 alegacións. Como anexo á presente memoria inclúese un informe de resolución destas alegacións.

Tamén foron solicitados os preceptivos informes sectoriais así como as consultas que se derivan deste proceso de exposición ó público e consultas. Como no caso anterior inclúese como anexo á presente memoria un informe de cumprimentación dos informes sectoriais.

Logo da resolución das alegacións elaborouse o documento refundido coas alegacións resoltas favorablemente así como coa incorporación dos informes sectoriais para a súa remisión ó órgano ambiental competente para a aprobación da pertinente memoria ambiental.

O órgano ambiental competente aprobou a memoria ambiental en data de 29 de xullo de 2013.

Logo de introducir no documento de trámite as modificacións que se derivan da memoria ambiental procede remitilo ó concello para que proceda á súa aprobación provisional.

1.7.- PLANTEXAMENTO XENÉRICO

O moderado desenvolvemento da actividade constructiva no termo municipal, limitado polo estipulado na Delimitación de Solo Urbano vixente, que tan so delimita a vila de Vilamartín, e as normas de aplicación directa marcadas pola Lexislación do Solo, coas limitacións de xestión que estas conlevan, creou diferenzas no ordenamento urbanístico municipal, que se acentúan coa aparición dunha serie de construccións (residenciais e industriais) que, se ben pódense incluír nun proxecto ordenador global, a día de hoxe, carecen de legalidade ou xurdiron á marxe desta.

Ademais disto, aproveitando a área de influencia das vilas do Barco de Valdeorras e a Rúa, pretendese dotar ó concello de zonas que poidan absorber os posibles crecementos industriais nun marco ordenado, tanto física como legalmente, procurando ubicar bolsas de solo que poidan servir para estes fins. A grande importancia, a nivel socioeconómico, de empresas vinculadas á extracción e transformación da pizarra, así como as relacionadas co transporte de mercadorías, pola especial vinculación da vila coa estrada N-120, fan necesaria a creación de solo industrial no que se podan incluír as súas respectivas instalacións, e a posibilidade de ampliación e inserción de novas empresas relacionadas co sector, establecendo a súa ordenación e integración no territorio. Asociada a esta labor industrial, atopamos no concello actividades de extracción de lousa, que deberán ser tratadas axeitadamente no PXOM de cara á súa correcta clasificación e futura recuperación medioambiental.

A crecente importancia das vías de comunicación, sobre todo a estrada N-120, que aumentan en grande medida as expectativas de crecemento da zona, así como a obtención do solo necesario para completar os servicios públicos e Sistemas Xerais do termo municipal, fan necesaria a redacción do PXOM para adecuar o planeamento ás novas formas de concibir a ordenación do territorio municipal e comarcal, así como para permitir a introducción dos mecanismos, instrumentos e técnicas que a moderna lexislación permite, á fin de facer unha normativa máis flexible nas súas determinacións, máis áxil en canto á súa posibilidade de xestión e execución, e máis equilibrada en canto á ocupación do territorio. Á vez, introdúcense as técnicas previstas na lexislación para reparto de beneficios e cargas derivadas do planeamento, de tal forma que posibiliten ó Concello manter o seu proceso de desenvolvemento resolvendo a xeración de zonas libres, sistemas xerais e reservas de solo para os equipamentos necesarios que debe acompañar a este proceso, de tal forma que fagan da residencia en Vilamartín algo acorde cos tempos actuais, onde a demanda deste tipo de espacios e equipamentos considérase prioritaria á hora de fixar a poboación existente.

Por todo isto, o novo Plan Xeral ten que procurar que as previsións do solo que se vai incorporar no proceso urbanizador, estean suficientemente dimensionadas respecto, non tanto ó crecemento demográfico, como ás potencialidades que a súa posición estratéxica outórgalle.

Deberá ser prioritario, no planeamento de Vilamartín, o sistema xeral de comunicacións, e o mantemento da tendencia de dotar de servicios urbanísticos ó núcleo urbano, continuando e posibilitando a materialización de actuacións xa emprendidas nesta materia polo Concello.

En canto ó medio rural, deberase establecer, por un lado, o marco que posibilite o mantemento e mellora do medio físico natural no que se localiza, e por outro lado, potenciar un desenvolvemento cualitativo do mesmo, que debe primar sobre o cuantitativo. Así, débense tratar con especial sensibilidade tódalas áreas que presenten un notorio interese medioambiental ou bioecolóxico, xunto co tratamento que debe dárselle ós núcleos rurais, conforme á LOUPMRG.

Así, pretendese que o novo PXOM resulte flexible e áxil, permitindo a súa adaptación ás circunstancias mudantes e, ás veces imprevisibles, da sociedade, e sente as bases urbanísticas do Vilamartín do século XXI.

1.8.- A FIGURA DA APROBACIÓN INICIAL

Establece o artigo 85 da LOUPMRG, que unha vez concluída a elaboración do planeamento, inmediatamente antes da Aprobación Inicial, o expediente completo será remitido para o seu informe ó Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, quen deberá emitilo no prazo máximo de dous meses.

O Documento de Aprobación Inicial, como documento de planeamento que é, conterá as determinacións necesarias para a ordenación integral do termo municipal, que se plasma na documentación reseñada no punto 1.1 desta memoria.

CAPÍTULO 2.- MEMORIA INFORMATIVA

2.1.- O MEDIO FÍSICO

O termo municipal de Vilamartín de Valdeorras atopa a súa localización xeográfica na latitude 42º 24'7, Norte; e a lonxitude de 7º 04', Oeste, situándose na zona nordés da provincia de Ourense, lindando ó polo norte co concello de Oencia, da provincia de León; polo leste, co concello de O Barco de Valdeorras; polo sur, co de Petín; e polo oeste, cos da Rúa, e Quiroga.

Vilamartín de Valdeorras ten unha altitude media de 575 metros sobre o nivel do mar e unha orografía heteroxénea cun perfil de alta montaña ao norte, que se corresponde coa Serra de Lastra, co Turrieiro (1612 m) como o punto máis alto, sendo máis suave segundo imos descendendo cara ás marxes do río Sil. Estas mesmas circunstancias se dan ao sur do concello, que no Alto do Mouzón (1329 m) alcanza as súas máximas cotas.

Esta orografía condicionou a aparición de numerosos regatos e cavorcos, que augas abaixo se van convertendo no río Leira, polo oeste e o río Farelos, polo leste, vertendo en ambos os dous casos as súas augas ao río Sil, sendo a zona sur, a máis desértica, condición esta que influíu nos asentamentos.

Ten unha extensión de 88,3 km², o que dista dabondo da media de Galicia, que se sitúa en torno ós 94km², e unha poboación de 2.164 habitantes, segundo o censo de 2009, agrupados en 11 parroquias, con 22 entidades de poboación en total. A densidade de poboación que se obtén é de 24,50 hab/km². O baixo número de entidades, unido á baixa densidade de poboación, dan como resultado unha paisaxe rural constituída por pequenas aldeas repartidas heteroxeneamente sobre o territorio.

Estas entidades de poboación distribúense nas parroquias de: Arcos (San Lourenzo), Arnado (San Clemente), Cernego (San Victor), Córgomo (Santa Comba), Correxais (San Pedro), Leira (San Vicente), O Mazo (San Antonio), A Portela (San Xulián), San Miguel de Outeiro (Santo Antonio), Valencia do Sil (San Bernabé) y Vilamartín de Valdeorras (San Xurxo).

A capital municipal é Vilamartín, na parroquia de mesmo nome, e dista 102km de Ourense.

O relevo é accidentado, quebrado, de monte e chan, con predominio de zonas abruptas. Dunha análise altimétrica, podemos distinguir tres zonas que se clasificarán pola súa distinta altitude:

- zona de terreos situados entre as cotas 300 e 600, localizada en ambos marxes do río Sil, onde atópanse os principais asentamentos, correspondendo coas parroquias de Arcos, Arnado, Córgomo, San Miguel de Outeiro e Vilamartín de Valdeorras, e parte das de Correxais, O Mazo, A Portela e Valencia do Sil.
- zona de terreos comprendidos entre as cotas 600 e 900, que abranguen unha zona das parroquias de Cernego, Leira e A Portela.
- zona de terreos de maior altitude, por enriba da cota de 900, localizada nas parroquias de Correxais e Valencia do Sil, cara o sur e lindando cos concellos de A Rúa, Petín e O Barco de Valdeorras. Cara o norte as de Cernego, Leira e A Portela, no límite co concello de Oencia, na provincia de León.

Topograficamente, o concello acada pendentes moi elevadas, sendo máis das súas 2/3 partes, e coincidindo coas zonas de maior pendente (máis do 20%), a terceira zona definida na análise altimétrica.

O clima de Vilamartín de Valdeorras podemos consideralo como clima continental e unha forte impronta mediterránea. A súa situación no interior da provincia de Ourense, así como a súa orografía e cotas altimétricas, contribúen a que o clima teña características de montaña, apreciable na temperatura, nas precipitacións totais e na cuberta vexetal que combina especies frondosas con bosques repoboados de pino.

Desde o punto de vista hidrográfico, a zona pertence á conca do río Sil, que marca o referente na rede hidrográfica basease en pequenos ríos que cumpren as funcións de fornecer ós núcleos de poboación próximos a eles, onde teñen especial relevancia o río Leira e Farelos, que son afluentes do Sil. O resto da rede compóñena os regatos que enlazan cos anteriores: rego do Bacelo, rego de Preanes, rego do Retorno e rego da Filgueira.

A grande maioría do territorio do municipio de Vilamartín atópase dedicado a monte baixo (matorral) e monte alto (mestura de coníferas e outras frondosas). A minoría restante do territorio dedicase ós cultivos, predominando os viñedos, propios da denominación de Valdeorras e unha moi pequena parte está dedicada á horta.

Por último, cabería destacar neste apartado as ribeiras de varios ríos, os cales no seu percorrido forman, en ocasións, profundos vales onde existe vexetación típica de ribeira e abondo tupida.

Os asentamentos de poboación repártense dunha forma heteroxénea, cadrando principalmente coas zonas, polo xeral, mellor comunicadas sendo as máis despoboadas aquelas máis accidentadas.

Dúas son as tipoloxías dos asentamentos predominante no municipio: a de aldea pechada, con caserío en medianeira, en moitos casos formando pequenas prazas, e que integran un complexo entramado viario e o localizado de forma lineal ao longo dos camiños. A distribución das edificacións sitúase xeralmente entre os limites dos terreos de cultivo e o monte. Esta circunstancia reflíctese no número de vivendas que integran os diferentes núcleos.

2.2.- PROBLEMAS DERIVADOS DO MEDIO FÍSICO

O principal problema neste senso deriva da grande dispersión que presenta a poboación galega en xeral, e a de Vilamartín de Valdeorras en particular, agrupándose en núcleos de tamaño variable, desde os núcleos sen solución de continuidade ó longo das estradas, ata os pequenos núcleos de tipoloxía pechada, esparexidos por todo o municipio, pasando polos conxuntos de dúas ou tres edificacións tradicionais, recoñecidos nos censos como entidade propia.

Esta situación provoca que na interrelación núcleos rurais-medio físico prodúzanse afeccións sobre este último, normalmente de carácter leve, salvo en casos puntuais. Este feito pode apreciarse na necesidade de abastecemento de auga con cargo ós presupostos municipais ou a costa de mananciais de ladeira, pozos, exploracións e sondaxes de grande profundidade.

Así mesmo, este aspecto favorece o problema dos vertidos incontrolados e a contaminación ambiental, que a medio prazo, e dentro das directrices marcadas pola Unión Europea, obrigará a adoptar medidas correctoras xenéricas, coa introducción e deseño dun sistema de depuración e verquido para a xeneralidade do termo municipal, a partir do existente, que será preciso completar e redimensionar nalgúns puntos. Será necesario establecer medidas correctoras naqueles puntos que puidesen supor unha afección grave ó medio físico.

A este problema, relacionado co modelo de asentamento poboacional existente, engádese ó xerado pola aparición de novas edificacións espalladas, en lugares ben comunicados, e vinculadas á boa accesibilidade que estes presentan, acrecentando o problema plantexado anteriormente e, en moitos casos agravándoo, pois a nivel de medio natural non sempre se trata das mellores localizacións. Deberá ser prioritario desde a redacción do presente planeamento, o control deses novos asentamentos, ben desde a óptica da súa posible inserción no armazón de núcleos existentes ou ben contemplando as medidas de edificacións fora de ordenación, de maneira que se impida calquera expansión destes, de cara á súa paulatina desaparición.

Outra das conclusións que se poden extraer dos apartados precedentes é a riqueza arquitectónica que se atopa nas edificacións rurais deste municipio, que haberá que potenciar articulando as medidas necesarias que fomenten a rehabilitación das construccións existentes, e a correcta integración das novas na estructura edificada existente.

En canto ó aspecto xeotécnico, as características do mesmo no ámbito do municipio de Vilamartín de Valdeorras, fará tomar precaucións nas condicións constructivas dos edificios, naqueles terreos que podan presentar problemáticas dos seguintes tipos:

- Litolóxicas: existen áreas que presentan formacións cun grao de alteración superficial importante. Iso implica que a capacidade portante destas zonas sexa inferior á pedra sa, sendo preciso, ó acometer unha obra, determinar a potencia da zona alterada, así como a súa capacidade de carga, para estimar se a resistencia do terreo é suficiente para soportar as estructuras que sobre este se sitúan.

- Xeomecánicas e xeomorfológicas: refírese a terreos con capacidade de carga moi baixa que fan necesarias cimentacións máis profundas, apoiadas en estratos resistentes, a terreos con fortes pendentes topográficas e de accesibilidade difícil.

- Hidrolóxicas: refírese a áreas con drenaxe deficiente, que poden producir empozamentos en períodos de choivas, e a áreas con posible agresividade por infiltración, o que fai necesario o emprego de cimentos especiais.

En resumo, o medio natural esixe prestar adecuada atención a súa posta en valor, tanto como medio de conservación, como de equilibrio das condicións de vida da poboación.

2.3.- A DEMOGRAFÍA

O estudio da poboación ten un interese decisivo en calquera traballo de planeamento físico, o coñecemento de cuestións tales como a dimensión do “stock” de poboación e a súa evolución histórica, o movemento natural ou os movementos migratorios, a estructura de idades e sexos ou a distribución da poboación sobre o territorio é de primordial interese á hora de establecer a ordenación física do territorio.

Por outra parte, a realización dunhas predicciónns da futura poboación municipal, no ámbito no que se enmarca o concello, pode resultar ficticia, pois a evolución desta depende en grande medida do comportamento de concellos limítrofes, sobre todo A Rúa e O Barco de Valdeorras, pola condición deste último de cabeza da comarca de Valdeorras, na que está incluído o concello de Vilamartín de Valdeorras.

Este estudio aborda a realidade demográfica desde varios aspectos, desde o máis xeral a nivel comarcal, ata o máis particular, analizando a evolución da poboación de cada un dos núcleos do termo municipal.

Para unha primeira aproximación xeral optouse por considerar, a efectos demográficos, o territorio correspondente á comarca de Valdeorras. Incluímos así dentro deste estudio ós concellos de O Barco de Valdeorras, A Rúa de Valdeorras, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Petín, Rubiá, A Veiga y Vilamartín de Valdeorras.

2.3.1.- A POBOACIÓN COMARCAL

2.3.1.1.- O estado da poboación

A poboación de feito da comarca de Valdeorras, entendendo por esta a agregación dos termos municipais enriba citados, representa, no ano 2010, o 1,01% da poboación galega e o 8,42% da poboación da provincia de Ourense.

O peso relativo desta área en Galicia mantense abondo estable ata 1970, onde a poboación comarcal e a provincial sofren incrementos paralelos, manténdose a participación en torno ao 8,6%. E no período que vai de 1970 ata 1991 onde obsérvanse as maiores perdas, tanto a nivel comarcal como a nivel provincial. Desde 1991 ata a data actual, a porcentaxe achega valores de principio de século, se ven e certo que a poboación provincial sufriu unha perda considerable de case o 15%, respecto á de 1900, que chega o 27% en 1950, onde o índice de poboación era máximo. Os valores respecto a comarca aínda son máis desfavorables, con perdas que van do 20% ata o 29%, nos mesmos períodos.

Esta perda de peso relativo debe de ser valorada atendendo ó carácter eminentemente rural dela, no senso de que non indica forzosamente unha situación de especial regresividade demográfica en relación con outras bisbarras rurais galegas, e mesmo da provincia de Ourense.

Densidades de poboación (2010)

Concello	Poboación de Feito	Superficie (km²)	Densidade (Hab./km²)
Barco de Valdeorras, O	14.134	85,7	164,92
Bolo, O	1.117	91,2	12,25
Carballeda de Valdeorras	1.866	222,7	8,38
Larouco	584	23,7	24,64
Petín	1.032	30,5	33,84
Rúa de Valdeorras, A	4.754	35,9	132,42
Rubiá	1.583	100,7	15,72
Veiga, A	1.075	290,5	3,70
Vilamartín de Valdeorras	2.072	88,3	23,47
Comarca	28.217	969,2	29,11
Provincia de Ourense	335.219	7273,4	46,09
Galicia	2.797.653	29574,4	94,60

2.3.1.2.- Evolución da poboación

De acordo cos datos do último censo, a poboación de feito da comarca a 1 de Xaneiro de 2010 era de 28.217 habitantes. A 31 de decembro de 1900 dita poboación era de 35.721 habitantes, o que supón que nos cento oito anos que separan estas dúas datas a bisbarra perdeu 7.504 habitantes.

A evolución da poboación comarcal pasou polas seguintes etapas desde principios de século:

1900-1920

É unha etapa de estancamento demográfico. As cifras de poboación mantéñense estables, o que indica que a migración prodúcese nunha cifra próxima á do crecemento vexetativo. É dicir, emigra, en termos netos, un mínimo de persoas igual á diferenza entre nacementos e defuncións producidos na bisbarra durante eses vinte anos.

Esta etapa cadra cunha situación de fortes movementos de emigración en Galicia, que se dirixen fundamentalmente a Arxentina, Uruguai, Brasil, Cuba, etc. países que se ven faltos de forza de traballo para explotar os seus recursos naturais, imprescindibles para sustentar o forte pulo económico que se estaba a producir daquela en Europa (antes da Primeira Guerra Mundial). Da magnitude do éxodo nesta etapa da idea o feito de que o número total de emigrantes supuxo o 15,3% da poboación coa que contaba Galicia en 1900.

1920-1930

Esta etapa caracterízase por un certo estancamento do “stock” demográfico comarcal, se ben non chegaría sequera para cubrir o crecemento vexetativo desta década, polo que, de acordo coas nosas estimacións seguiríase producindo emigración, aínda que a un nivel moi por debaixo do da etapa anterior.

1930-1940

Na década dos anos 30 déixanse sentir en Galicia as consecuencias da grande crise económica acontecida en 1929, e que sufriu todo o mundo occidental, provocando unha forte recesión na demanda de forza de traballo no mercado internacional, fundamentalmente en América, destino da inmensa maioría da emigración galega. Como consecuencia, desapareceu a emigración galega e mesmo se produciu un retorno neto dunhas 65.000 persoas. Esta situación atopa o seu reflexo na comarca de Valdeorras. A poboación comarcal experimentou un crecemento de 2.306 persoas durante esta década, a maior de todo o que vai de século.

1940-1970

Neste período Galicia asiste a un proceso de regresión demográfica dunha dimensión sen precedentes na súa historia recente. Por vez primeira, Galicia perde poboación en termos absolutos. Durante os decenios de 1950 e 1960, un volume de poboación superior a todo o crecemento vexetativo experimentado durante estes anos abandona o país. En total, o número de emigrantes no período 1940-1970 achégase ós seiscentos mil para toda Galicia, o que significa que un de cada catro galegos optou pola emigración.

Durante a primeira década desta etapa a emigración galega diríxese fundamentalmente ó resto de España. Rematada a Segunda Guerra Mundial, asístese a un relanzamento da emigración transoceánica que se prolonga durante a década dos 50, combinada coa dirixida a Europa e ó resto de España. A partir de 1960, e ata entrados os anos 70, a emigración orientase fundamentalmente a Europa. Sen embargo, como consecuencia da crise económica internacional acontecida en 1973, vese freada a emigración, chegando a desaparecer totalmente a mediados da década dos 70.

O panorama demográfico da nosa área correspóndese a grandes trazos coa situación descrita para toda Galicia, se ben resulta ser considerablemente menos regresiva tendo en conta o seu carácter rural.

Entre 1940 e 1970 a bisbarra perde por emigración un volume de poboación de dimensión aproximada ó crecemento vexetativo producido nestes 30 anos, de modo tal que o número de habitantes da bisbarra mantense estancado, con lixeiros descensos. Así o evidencian as taxas de crecemento acumulativas da poboación comarcal, que se manteñen ó longo de todo o período en valores moi baixos.

1970-1981

Esta etapa comezaría en realidade en 1973, ano no que se inicia a crise económica mundial. A partir deste ano comeza a decaer a emigración galega ó estranxeiro e, posteriormente a dirixida a España, ata desaparecer totalmente nos últimos anos da década dos setenta. Os datos do último censo de poboación revelan que o saldo migratorio do período 1970-1980 é nulo para o conxunto de Galicia.

A situación da nosa área comarcal, aínda gardando un certo paralelismo coa galega, ten perfís propios derivados do seu carácter marcadamente rural. De entrada, o saldo migratorio segue sendo negativo, se ben o seu volume estimado, tanto en termos absolutos como relativos, é o menor de todo o século, exceptuando a década dos 30. Isto é, prodúcese emigración, pero a niveis significativamente inferiores ós doutras épocas.

Desagregados estes datos no ámbito municipal póñense de manifesto importantes diferenzas. Así, mentres os municipios de O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Petín, Rubiá, A Veiga e Vilamartín de Valdeorras, rexistran as taxas emigratorias más altas do século, no de O Barco de Valdeorras e A Rúa de Valdeorras invértese a tendencia das anteriores décadas, converténdose en receptor de inmigración.

1981-2010

Nestes anos os movementos migratorios de Galicia, desenvólvense dentro da autonomía, nun primeiro lugar con desprazamentos da zona interior á costeira, sendo A Coruña e Pontevedra, as máis favorecidas e nun segundo lugar polo envellecemento que experimentaron, onde as pirámides de poboación se atopan invertidas, cunha base estreita de poboación nova, que a vai superada en boa medida pola xente maior, que se localiza na súa parte alta. Nesta mesma dirección, a capacidade de comunicación co resto de provincias, tanto da propia comunidade galega, como de fóra dela, xogan un papel moi importante, que permite una maior mobilidade.

Se estas circunstancias as levamos ao ámbito comarcal, observamos que todos os concellos perden poboación, en diferentes porcentaxes, sendo a cabeza de bisbarra, a única que experimentou incremento.



2.3.2.- A DEMOGRAFÍA MUNICIPAL

2.3.2.1.- O estado da poboación

Segundo as proxeccións de habitantes, a poboación de Vilamartín de Valdeorras mantivo un número máis ou menos constante desde 1900, data que tomaremos como referencia e que nos vai permitir crear unha comparativa na súa evolución, ata 1960, onde a perda e constante.

AÑO	HABITANTES	ÍNDICE
1900	3.866	100%
1910	4.222	109%
1920	4.120	107%
1930	4.190	108%
1940	4.313	112%
1950	4.059	105%
1960	3.902	101%
1970	3.252	84%
1981	2.917	75%
1991	2.446	63%
2001	2.457	64%
2010	2.072	54%

Datos: IGE 2011

O descenso de poboación producido desde mediados dos anos 60 debeuse fundamentalmente a un envellecemento da poboación e o desprazamento aos concellos limítrofes, motivados neste último caso por unha mellora nos servicios.

A pirámide de poboación, segundo os datos do IGE do 2010, amósanos una base estreita que supón o 30% da poboación (desde 0 anos ata os 40 anos), sendo o 70% restante, que nos da unha idea do envellecemento da poboación, cunha pobre renovación xeneracional, a cal súmase o preocupante o descenso da natalidade dos últimos anos.



Pirámide de poboación de Vilamartín
Datos: IGE 2010

2.3.2.2.- Evolución da poboación municipal

Se atendemos á evolución da poboación no último decenio, observamos unha perdida constante desta, sendo as parroquias de Correxais e Leira, as peor comunicadas, as que maiores perdidas presentan, significando no primeiro caso un descenso do 33,2% (saldo negativo de -30 hab) e no segundo do 26,3% (saldo negativo de -63 hab).

Cabe destacar ao respecto a parroquia de San Miguel del Outeiro, que é a única que mantido constante o seu balance de entradas e saídas, chegando mesmo a incrementar levemente a mesma.

Crecimiento da poboación no último decenio

PARROQUIA	Población 1999	Población 2009	Porcentaje %	Índice de crecimiento
ARCOS (SAN LOURENZO)	251	201	80,08	F.R.
ARNADO (SAN CLEMENTE)	58	51	87,93	R.
CERNEGO (SAN VICTOR)	62	54	87,10	R.
CORGOMO (SANTA COMBA)	275	242	88,00	R.
CORREXAIS (SAN PEDRO)	114	84	73,68	F.R.
LEIRA (SAN VICENTE)	190	127	66,84	F.R.
MAZO, O (SANTO ANTONIO)	36	31	86,11	R.
PORTELA, A (XAN XULIAN)	193	177	91,71	R.
SAN MIGUEL do OUTEIRO (SANTO ANTONIO)	52	54	103,85	E.
VALENCIA do SIL (SAN BERNABE)	124	99	79,84	F.R.
VILAMARTIN de VALDEORRAS (SAN XURXO)	1172	1044	89,08	R.

FR	≤	85		
85	<	R	≤	95
95	<	E	≤	105
105	<	P	≤	115
115	<	FP		

Da análise da evolución da poboación dos núcleos durante os últimos anos (período 1999-2008) despréndese que dos 15 computables a nivel de censos de poboación no municipio de Vilamartín, 13 teñen o carácter de regresivos ou fortemente regresivos; é dicir, perden poboación en termos absolutos. Soamente 2 núcleos son estacionarios, o solo urbano de Vilamartín y San Miguel de Outeiro, na parroquia do mesmo nome.

Parroquia	**F.R.**	**R.**	**E.**	**P.**	**F.P.**
ARCOS (SAN LOURENZO)	1	-	-	-	-
ARNADO (SAN CLEMENTE)	-	1	-	-	-
CERNEGO (SAN VICTOR)	1	1	-	-	-
CORGOMO (SANTA COMBA)	-	1	-	-	-
CORREXAIS (SAN PEDRO)	2	-	-	-	-
LEIRA (SAN VICENTE)	1	-	-	-	-
MAZO, O (SANTO ANTONIO)	-	1	-	-	-
PORTELA, A (XAN XULIAN)	-	2	-	-	-
SAN MIGUEL do OUTEIRO (SANTO ANTONIO)	-	-	1	-	-
VALENCIA do SIL (SAN BERNABE)	1	-	-	-	-
VILAMARTIN de VALDEORRAS (SAN XURXO)	1	-	1	-	-
Total	7	6	2	0	0

2.4..- PROBLEMAS DERIVADOS DA DEMOGRAFÍA MUNICIPAL

O problema demográfico mais importante a contemplar, aparte do xeral do país, relativo ó envellecemento da poboación, cun crecemento vexetativo moi baixo, é atender o saldo inmigratorio do termo municipal e a unha poboación descontinua, e contar con valores ambientais e naturais notables. Este feito pódese constatar de maneira palpable comparando o crecemento da poboación e do parque de novas vivendas sendo, neste caso, proporcionalmente maior o número das segundas en relación ó primeiro.

Non obstante, hai que sinalar que a distribución da poboación no ámbito do termo municipal é moi desigual, con parroquias moi afastadas e de difícil acceso, como son as de Cernego, O Mazo o Arnado, que son as que maiores perdas presentan, mentres que as próximas as vías de comunicación, as perdas son menores.

2.5.- A ACTIVIDADE ECONÓMICA

Os factores económicos atópanse determinados pola influencia comarcal, e onde o sector primario baséase fundamentalmente nas explotacións vitivinícolas, sendo Valdeorras un dos principais centros productores de viño, e permitindo un axuste racional da man de obra nas explotacións industriais da lousa, que por outra banda é o sector económico que máis caracteriza a este concello, constituíndo un dos piares básicos da súa economía.

A modernización do sector pasou tamén pola creación de novos canais de comercialización, cooperativas e un Consello Regulador con Denominación de Orixe Valdeorras, para garantir a calidade dos seus caldos.

INFORMACIÓN ECONÓMICA

- Evolución da distribución económica da poboación activa:

Poboación ocupada segundo sexo e rama da actividade

Actividad	**1991**	**2001**
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	31,52%	4,64%
Pesca	-	0,14%
Industria	26,73%	34,52%
Construción	14,63%	12,55%
Servizos	27,13%	48,16%

Nunha análise histórica constátase a reducción da ocupación na agricultura. O 31,52% dedicábase a ela en 1991, reducíndose de modo drástico ata ó 4,64% en 2001. A taxa actual reduciuse froito da diversificación noutros sectores.

O sector que máis se favoreceu desta diversificación foron os servicios. Ocupaban ó 27,13% en 1991, ascendendo ó 48,16% en tan só dez anos. A súa taxa de ocupación actual sitúan ó sector como a rama principal da ocupación.

En canto ós outros sectores, a construción diminuíu desde o 14,63 % en 1991 ó 12,55% dez anos despois. A industria experimentou un ascenso da súa ocupación, sobre todo o que atinxe á industria manufactureira, pasando do 26.73 % no 1991 ó 34.52% de 2001.

- Distribución da superficie territorial segundo o seu uso:

A consulta de datos actualizados para o concello de Vilamartín no Mapa Nacional de Cultivos e Aproveitamentos amosa os seguintes resultados:

Uso y Sobrecarga	Superficie (Ha)	Participación (%)
Agua (masas de agua, balsas,etc..)	53,18	0,60%
Chopo y Álamo	33,2	0,38%
Coníferas	1.141,30	12,90%
Coníferas asociadas con Eucalipto	117,58	1,33%
Coníferas asociadas con otras frondosas	600,07	6,78%
Cultivos herbáceos en regadío	4,64	0,05%
Frutales en secano	60,06	0,68%
Huerta o cultivos forzados	80,54	0,91%
Improductivo	235,67	2,66%
Labor en secano	8,83	0,10%
Matorral	4.099,31	46,33%
Matorral asociado con coníferas	352,71	3,99%
Matorral asociado con coníferas y frondosas	158,93	1,80%
Otras frondosas	1.000,35	11,31%
Pastizal	96,39	1,09%
Pastizal-Matorral	286,04	3,23%
Prados naturales	130,19	1,47%
Viñedo en secano	388,3	4,39%
SUPERFICIE TOTAL	8.847,30	100,00%

- Producción agrícola:

A producción agrícola está ligada na súa maior parte, ao consumo dos animais, aínda que hai certos productos como a pataca que ao producirse en grandes cantidades (entre 2 a 3 mil quilos), destínase a consumo animal, humano e á venda.

Tamén a castaña ten gran importancia nesta zona, xa que os beneficios obtéñense directamente da súa venda; hai que destacar lugares moi productivos, como San Vicente, nos que hai un gran número de explotacións nas que se recollen máis de 2 mil quilos deste producto. Caso diferente dos dous anteriores constitúeno os cereais, aos que se dedican gran parte de superficie agraria utilizada, estes son principalmente o centeo e o millo e destínanse integramente ao consumo dos animais das explotacións gandeiras.

- Sector gandeiro:

É unha das actividades importantes en Vilamartín, con certa orientación leiteira. Reflexo desta orientación gandeira é o feito de que, en 1978, unha alta porcentaxe da superficie agraria cultivable adícase a cultivos forraxeiros.

2.6.- PROBLEMAS DERIVADOS DA ACTIVIDADE ECONÓMICA

A forte actividade no sector extractivo, derivado da explotación industrial da lousa, condicionou a aparición de numerosas canteiras, repartidas por toda a xeografía municipal, que toda vez que se esgotou o seu mineral de extracción ou se produciu cese da actividade, deberíase realizar unha estudio que permita unha recuperación do ámbito, sobre todo nas situadas na zona norte, mais acorde coa clasificación de Espazo Natural que se propón.

Por outro lado, e aínda que non se detectasen ata a actualidade conflictos co medio agrícola derivados do ámbito do solo urbano, é necesaria unha delimitación da área urbana e os seus crecementos controlados por bolsas homoxéneas, que preserve de forma clara o área rural e o entorno agrícola, e posibilite o correcto desenvolvemento da actividade primaria.

A mellora das vías de comunicación, tanto locais como supramunicipais, considerase fundamental para acadar os obxectivos plantexados.

2.7.- O MEDIO URBANO

O medio urbano de Vilamartín de Valdeorras, atendendo ás Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal vixentes, atópase constituído polo núcleo de Vilamartín.

O núcleo de Vilamartín é a capital municipal e caracterízase por ser un asentamento cunhas fases evolutivas ben diferenciadas. En primeiro lugar atopamos unha serie de asentamentos tradicionais, que a día de hoxe conservan a súa estructura orixinaria aínda que non a súa arquitectura. A estes asentamentos estaba vinculada históricamente unha trama de adegas ou "covas". Posteriormente a creación da primeira estrada nacional orixinou un desenvolvemento liñal en torno a ela que foi unindo eses asentamentos tradicionais preexistentes. Vinculado á chegada do ferrocarril xerouse un segundo barrio vinculado á estación. A cuarta e última fase evolutiva correspóndese coa época contemporánea da vila, na que as edificacións con fronte á antiga estrada nacional están a ser substituídas por novas edificacións, moitas de elas de vivenda colectiva, e na periferia destes tecidos antes descritos estanse a producir fenómenos de edificación dispersa sobre todo en residencial unifamiliar.

2.7.1.- ANÁLISE DA MALLA URBANA

A malla urbana no caso concreto de Vilamartín, acorde coa Delimitación do Solo Urbano vixente, atópase constituída polo conxunto que podemos identificar coa Vila, coas tramas anteriormente definidas, é dicir, as zonas de núcleo tradicional e as súas covas, o crecemento liñal ó longo da antiga estrada nacional, o barrio da estación e o crecemento disperso da periferia, amparado polo planeamento vixente.

O núcleo principal anteriormente definido constitúe unha malla urbana complexa, conformada a partir dos camiños existentes, e baseada na edificación en tipoloxía unifamiliar illada ou acaroada de forma xeneralizada e colectiva no viario principal e zonas de acceso a este.

Na actualidade, o esforzo inversor do Concello fixo que tódalas rúas existentes dentro da delimitación do solo urbano prevista pola Delimitación do Solo Urbano, contén, a día de hoxe, con servicios urbanísticos con capacidade suficiente para dar servizo á edificación prevista por esta, e mesmo superando os límites da delimitación do solo urbano de Vilamartín, incorporando novos terreos á malla urbana.

Nesta malla urbana ademais atoamos os principais equipamentos municipais como a Casa do Concello e o Centro de Saúde.

Existe outro gran equipamento, que mesmo transcende os límites municipais que é a residencia da terceira idade de Valdegodos. Nos anos setenta levantouse esta edificación que é un dos referentes para a toda a comarca, xestionado pola Fundación Valdegodos, que ademais xestiona outras residencias, algunha delas tamén no concello de Vilamartín. O asentamento de Valdegodos ubícase a un quilómetro escaso da vila de Vilamartín e está constituído, ademais de por un conxunto de edificacións unifamiliares e a residencia de anciáns, por un conxunto de vivendas sociais, edificadas en datas próximas ás da Residencia. Tanto a Residencia como as vivendas sociais constitúen una tipoloxía que non é a característica do ámbito no que se ubican, ó estar conformadas por edificacións de baixo e tres plantas, a primeira nun único volume descomposto e as segundas en varios volumes independentes, resultado máis coherentes con entornos urbanos que no medio rural no que se ubican, dominado polas vivendas unifamiliares illadas en baixo e planta.

En base a isto, e tento en conta o uso principal destas edificacións, sobre as que é facilmente demostrable o interese público para a súa conservación e/ou mellora, así como que unha de elas constitúe un dos principais equipamentos municipais, procede a definición dunha segunda malla urbana no ámbito de Valdegodos.

Dunha análise minuciosa do ámbito pódese concluír que a compoñente básica dunha parte deste núcleo é claramente rural, encaixando perfectamente na definición que de núcleo rural común se dá na Lei 2/2010, que modificou as consideracións deste tipo de asentamentos da Lei 9/2002. Non obstante o ámbito que nos estamos a referir ten unha clara vocación urbana por tipoloxía, pola existencia de servizos urbanísticos e equipamentos, pola posición que ocupa con respecto á Vila, pola súa proxección a nivel comarcal, etc. En base a isto procede definir unha segunda malla urbana marcada pola parcela das vivendas sociais e da residencia de anciáns, de entidade suficiente, ámbalas dúas para poder constituír un asentamento urbano por si mesmas. A parte restante do núcleo de Valdegodos ben pode considerarse englobada dentro do núcleo rural do mesmo nome.

2.8.- PROBLEMAS DERIVADOS DO MEDIO URBANO

A afección principal do solo urbano do termo municipal de Vilamartín prodúcese, como en moitos outros do entorno, na conversión das aldeas orixinarias a núcleos urbanos, deixando tecidos e usos vinculados ó sector primario cunha difícil integración na nova malla urbana, algo que se aprecia fundamentalmente en na zona de edificación tradicional de Vilamartín. A isto únese que, debido á grande dispersión tanto de núcleos rurais como edificacións, favorecido pola bonanza da topografía e o clima, prodúcese nalgún ámbito de solo urbano unha baixa presión urbanística que fai que a substitución destas tipoloxías, nalgúns casos

representadas por edificacións moi deterioradas e noutros casos por usos totalmente incompatibles co uso residencial, demórese no tempo en exceso.

A este respecto, é significativo o proceso de xestión e desenvolvemento do solo, levado a cabo no concello nos últimos anos, e que pon a Vilamartín no camiño do correcto desenvolvemento do planeamento vixente.

Polo que respecta ós equipamentos e dotacións cabería mencionar que, debido á posición central dentro da vila no termo municipal, o núcleo urbano de Vilamartín atópase superdotado. As actuacións levadas a cabo polo Concello ata a data, coa creación de varios equipamentos de grande tamaño, así como a mellora das instalacións deportivas existentes, constitúen un superávit, non só para a poboación actual do núcleo urbano se non para todo o municipio.

Por último, a eliminación de barreiras urbanísticas e arquitectónicas como mellora social necesaria, debe acometerse con carácter normativo.

2.9. A VIVENDA

Segundo o Instituto Nacional de Estatística (INE), o concello de Vilamartín contaba no ano 2001 con 1.146 vivendas, das que 810 eran principais, 225 eran secundarias e 81 estaban baleiras. Estas cifras contrastan lixeiramente coas do ano 1991 nas que as vivendas totais ascendían a 1.168 da que 775 eran principais.

A análise destas cifras amosa dous resultados claros: o número de vivendas descende, non tanto pola destrucción destas como pola baixa nos censos de vivendas tradicionais en aldeas illadas que están a perder poboación. O número de vivenda principais aumenta e mesmo para compensar a perda do total de vivendas o que da unha idea que o entorno urbano de Vilamartín e Valdegodos medrar mesmo para compensar a perda de habitantes que se produce nas aldeas máis afastadas e peor comunicadas.

Das mesmas fontes estatísticas despréndese que as únicas vivendas colectivas se ubican no núcleo capital repartíndose as unifamiliares pola restante xeografía municipal.

Non obstante, e á espera do censo de vivendas de 2011, pódese tamén afirmar que esta tendencia crecente no número de vivendas no núcleo urbano e na súa periferia viuse recentemente potenciada en consonancia co ocorrido pola restante xeografía galega, podendo constatar unha certa expansión edificatoria no contorno urbano e do núcleo de Valdegodos. O resultado desta expansión xunto coa limitación da Delimitación do Solo Urbano vixente levou aparellada unha importante situación de indisciplina urbanística e situacións de fora da legalidade que por parte do PXOM considérase necesario corrixir.

Segundo os datos que manexa o concello existe máis dunha vintena de edificacións con diversos expedientes de reposición da legalidade urbanística e outras moitas situacións de fóra de ordenación sobre as que xa transcorreron os prazos legalmente establecidos para a reposición da legalidade. Esta situación que, en condicións normais non debería ter repercusión no campo urbanístico, no concello de Vilamartín debido ó seu tamaño supón un verdadeiro problema que o PXOM ten que abordar de maneira eficaz.

Da análise destes datos pódese estimar o crecemento de parque de vivendas en algo máis 10 vivendas ano.

2.10.1.- ESTIMACIÓN DA DEMANDA DE VIVENDA PROTEXIDA

Segundo establece a Lei 8/2012 de 29 de xuño, de vivenda de Galicia, os plans xerais deberán facer reservas de solo en actuacións de nova urbanización suficientes para ubicar o 30% da edificabilidade prevista neses ámbitos.

Non obstante excepciona deste cumprimento xenérico a determinados concellos en función da demanda potencial de vivenda protexida.

Procede polo tanto calcular a demanda potencial de vivenda protexida para o concello de Vilamartín, en función do disposto na disposición adicional novena da Lei 8/2012.

Os cálculos realízanse a data de 12 de xuño de 2013 sendo susceptibles de modificación no transcurso da tramitación do presente PXOM.

IRT (inscritos como solicitantes de vivendas protexidas no rexistro único de demandantes): 5

IPM (inscritos no padrón municipal de habitantes): 1.988

PRTC (porcentaxe de reserva total do concello de solo para vivenda protexida): (5x10)/1.988 x 100 = 2,51%

Esta porcentaxe non poderá ser inferior á porcentaxe media para o conxunto da Comunidade Autónoma. Na data referida no presente parágrafo o IRT para o conxunto de Galicia ascende a 25.448 solicitantes e o IPM a 2.778.913 habitantes, resultando un PRTC de 9,15%.

Esta cantidade, aplicada ós desenvolvementos residencias previstos no concello de Vilamartín non poderá ser inferior a 5 x 2 x 100 = 1.000 m2.

Tendo en conta as posibles variacións no rexistro de demandantes de vivenda protexida de Galicia óptase por considerar unha reserva de vivendas sometidas a algún réxime de protección do 15% para o concello de Vilamartín, superior ó 9,15%.

2.10.- A ORDENACIÓN MUNICIPAL

2.10.1.- AS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

O Concello de Vilamartín está situado entre os do Barco de Valdeorras e da Rúa, a 6 km do primeiro e a 4 do segundo. Considerado o concello illado poderíamos clasificalo dentro do que as D.O.T. denominan Espazos Rurais Intermedios. Non obstante, dadas as escasas distancias das que estamos a falar teremos que considerar o concello de Vilamartín integrado no sistema urbano intermedio, dentro do que este documento denomina como subsistema urbano independente.

Así, ó referirse ó sistema urbano intermedio do Barco de Valdeorras, as D.O.T. indican:

"O eixo O Barco-Vilamartín-A Rúa discorre ao longo da canle do Sil e é o espazo central onde se concentra a poboación e as principais actividades da zona. Tense constituído nun pequeno subsistema urbano independente favorecido pola distancia das principais cidades galegas. Por iso, proponse articular estratexias de cooperación e maior integración entre os diversos asentamentos deste corredor de alta calidade paisaxística. Preténdese así aumentar a dimensión urbana global dun ámbito organizado entre O Barco de Valdeorras, que é a cabeceira, e A Rúa, que pode asumir o papel urbano de subcabeceira neste interesante ámbito.
A clave de futuro está en potenciar as actividades ligadas aos sectores económicos máis dinámicos, moi especialmente a lousa, facendo evolucionar o importante conglomerado produtivo actual cara a un verdadeiro clúster de relevancia internacional neste sector, potenciando as actividades de transformación da materia prima que xeran maior valor engadido, e impulsar activos singulares apoiados no viño e outras producións locais, así como nas enormes posibilidades turísticas que se estenden desde as gargantas do Sil ata a estación de inverno de Manzaneda. Este obxectivo pode verse reforzado coa mellora das infraestructuras e, en particular, coa conexión cara a Ponferrada a través da A-76 e co desenvolvemento de estratexias e accións de protección paisaxística e ambiental e de recuperación das áreas degradadas pola actividade mineira."

As determinación excluíntes para este tipo de asentamentos son as seguintes:

"2.2.2. Os plans, programas e actuacións en materia de infraestructuras, equipamentos, vivenda de protección oficial e creación de solo empresarial potenciarán o papel territorial destes nodos urbanos, promovendo iniciativas que prioricen o seu fortalecemento.
2.2.3. O planeamento urbanístico destas vilas e pequenas cidades deberá potenciar as dinámicas urbanas proporcionando unha estructura urbana sólida e prever unha reserva de solo axeitada para atender a demanda de servizos, actividades produtivas e equipamentos de carácter supramunicipal, que non poidan atopar acomodo nos niveis urbanos e rurais de menor rango.
2.2.4. Estas vilas e pequenas cidades estarán conectadas co Sistema de cidades mediante vías de altas prestacións."

2.10.2.- O PLANEAMENTO MUNICIPAL

O concello de Vilamartín conta, a día de hoxe, para o seu ordenamento municipal cunha Delimitación do Solo Urbano aprobada definitivamente o 9 de maio de 1995.

Extraído da memoria desta delimitación do solo urbano obtemos a situación urbanística da Vila no momento da súa redacción:

"El núcleo originario de Vilamartín es un caserío denso de estructura cerrada en ladera sur, en torno al arroyo de Filgueira, próximo a la ribera derecha del río Sil. Existe además otro pequeño núcleo tradicional próximo a la desembocadura del río Leira en el Sil.
A partir del primitivo núcleo Vilamartín se desarrolló en tentáculos a lo largo de caminos y posteriormente aparecieron edificaciones en torno a la carretera N-120, en el tramo del antiguo trazado. Finalmente se extendió de modo más disperso por la parte más llana existente entre la carretera y el río, y a lo largo de las vías de acceso a otros núcleos.
El tipo de edificación en la zona antigua es la adosada, siendo la altura dominante la de bajo + 1 planta y el fondo medio de 10 m. La construcción es de muros de mampostería de piedra en muchos casos enfoscados, con cubiertas de losas de pizarra.
La plaza José Luís Núñez y la calle Cervantes (antigua Nacional 120) constituyen el centro de Vilamartín. En esta zona se encuentran el Ayuntamientio, la iglesia parroquial, las sucursales bancarias y los principales establecimientos de la localidad.
El tipo de edificaicón más frecuente sigue siendo el de adosada, aunque los fondos son mayores que en la zona antigua y se alcanzan bajo + 2. En ocasiones la planta más alta es en forma de ático. Las fachadas tienen galerías y miradores volados, balcones y vuelos cerrados.
Los tramo finales de la calle Cervantes, la calle Iryda, la nueva vía de enalce con Valdegodos y el lado norte de la vía del ferrocarril constituyen las vías de extensión del núcleo urbano, encontrándose en las mismas el cementerio y la estación ferroviaria.
En estas zonas existen edificaciones adosadas y aisladas. El fondo de las edificaciones entre medianeras es similar al de la zona céntrica y las alturas son 2 ó 3 plantas."

Como se pode observar, se comparamos o estado do núcleo a maio de 1995 coa estructura actual podemos constatar o claro mantemento das tramas froito do cumprimento do

estipulado pola Delimitación do Solo Urbano vixente e pola presión urbanística tan so moderada no entorno da vila.

Este feito contrasta claramente coa forte presión urbanística na periferia desta que unido á limitación do planeamento vixente xerou un importante número de situación de fóa de ordenamento ou ilegalidade.

2.10.3.- O PLANEAMENTO DOS CONCELLOS LIMÍTROFES

O concello de Vilamartín linda con tres concellos da provincia de Ourense (O Barco de Valdeorras, Petín e A Rúa) un da provincia de Lugo (Quiroga) e un da provincia de León (Oencia), nos que o estado do planeamento é o seguinte:

CONCELLO	FIGURA DE PLANEAMENTO	DATA DE APROBACIÓN
O Barco de Valdeorras	Plan Xeral de Ordenación Municipal	27/06/2003
Petín	NN. SS. P. Municipal	30/07/1985
A Rúa	NN. SS. P. Municipal	05/12/1991
Quiroga	NN. SS. P. Municipal	21/03/1995
Oencia	Sen planeamento xeral	---

Do listado anterior despréndese que de todos os concellos limítrofes co de Vilamartín tan so o concello do Barco conta cun Plan xeral de Ordenación Municipal. Tendo e conta as datas de aprobación trátase dun documento aprobado ó amparo da Lei 1/1997 do solo de Galicia.

É precisamente co concello do Barco co que se producen máis tensións urbanísticas. O concello de Vilamartín linda co do Barco nunha importante extensión de terreo que o PXOM do Barco clasifica como solo rústico a excepción da zona de Arcos, na unión dos dous concellos a través da estrada N-120. Nesta zona os dous concellos están separados por un pequeno regato que no concello do Barco non se protexe, clasificando todo o solo ata o mesmo límite municipal como solo urbanizable delimitado residencial 21 e como solo urbanizable non delimitado tipo V. Analizada a realidade preexistente enténdese que esta non é a clasificación máis axeitada, dada a presencia do curso de auga así como as imposibilidade física de desenvolver un ámbito viable polo reducido tamaño. En base isto no PXOM de Vilamartín óptase por recoñecer a protección do regato existente e clasificar a zona de Arcos máis próxima ó Barco como solo de núcleo rural e non como urbanizable posto que é a natureza dos terreos ó amparo do disposto na Lei 2/2010 de modificación da Lei 9/2002.

Por outra banda a existencia dun parque empresarial en desenvolvemento neste concello, próximo ó límite municipal, non debería limitar a posibilidade de prever un no concello de Vilamartín dada a problemática coa que xurdiu este, ó necesitar dunha nova ponte sobre o río Sil para o acceso co que non contaba, e ó ser terreos de moi baixa capacidade portante que obriga en numerosos casos a realizar recheos. Dende este punto de vista, dos accesos e da capacidade portante do terreo, enténdese que o que se pode propor no concello de Vilamartín será moito máis viable técnica a economicamente.

No concello de Petín todo o límite municipal co concello de Vilamartín está clasificado como zona de especial protección, non existindo núcleos nin outro tipo de actuacións urbanísticas debidos ás especiais condicións do terreo.

No concello da Rúa todo o límite municipal está clasificado como solo non urbanizable de protección agrícola, protección forestal e común, non existindo núcleos nin outro tipo de actuacións urbanísticas debidos ás especiais condicións do terreo.

No concello de Quiroga todo o límite municipal está clasificado como solo non urbanizable, non existindo núcleos nin outro tipo de actuacións urbanísticas debidos ás especiais condicións do terreo.

2.11.- PROBLEMAS DERIVADOS DA ORDENACIÓN URBANISTICA

2.11.1.- A CLASIFICACIÓN DO SOLO

A redacción do PXOM, debe ser coherente coa clasificación do solo urbano da vixente Delimitación do Solo Urbano, modificándoa tan no aspecto de recoller os trocos producidos como consecuencia do desenvolvemento habido ata o momento presente ó longo dos seus anos de vixencia e a cuestións de detalle, corrixindo aquelas inadecuacións que se puidesen detectar durante o tempo transcorrido. Así mesmo, referente á clasificación deste tipo de solo, a posibilidade de introducir mecanismos de reparto de beneficios e cargas que garantan o correcto desenvolvemento de bolsas de solo enclavadas dentro do núcleo existente, que por diversas causas aparecen sen desenvolver, debe reflectirse nunha solución para as mesmas, que permita completar adecuadamente a trama urbana, efectuar as reservas necesarias para espacios libres e equipamentos, á vez que se garante un correcto desenvolvemento do proceso urbanizador.

A sinalización de todas aquelas áreas que deban ser obxecto de especial protección polos seus valores naturais, agrícolas, forestais ou doutra índole, permitirá considerar algunhas áreas de solo do municipio coma apto para o desenvolvemento urbanístico, regulando as condicións que deban cumprirse en cada caso e establecendo os criterios necesarios para potenciar o desenvolvemento destas bolsas de solo.

Neste senso, o Plan Xeral debe contemplar medidas normativas correctoras que impidan o deterioro medioambiental, e protexan o seu desenvolvemento harmónico entre a paisaxe natural e o crecemento urbano.

Destacan polo seu interese paisaxístico e medioambiental as zonas limítrofes co curso do río Sil así como as zonas altas do concello, que deberán ser preservadas de calquera transformación urbanística, centrando estas actuacións na franxa de terreo que vai dende a zona protexida do río Sil e o seu encoro ata a cota aproximada 450, límite aproximado no que se están a desenvolver as vivendas de resente construcción.

Existen grandes áreas forestais de especies autóctonas, repartidas uniformemente, sobre todo na zona norte, xunto con outras de menor tamaño distribuídos por todo a superficie do concello.

2.11.2.- O SOLO URBANO

O solo urbano de Vilamartín, de acordo coa Delimitación do Solo Urbano en vigor, concéntrase no núcleo de Vilamartín, onde se dispón case a totalidade da vivenda colectiva do termo municipal.

Desde a aprobación deste documento, o crecemento experimentado polo núcleo de Vilamartín foi destacable con respecto ó resto do concello, aparecendo actuacións de vivenda colectiva e unifamiliares, sen que, acorde coa ordenación prevista, se dotase ó solo urbano de espacios dotacionais, xerando un núcleo desarticulado en canto á tipoloxía das edificacións existentes, o cal haberase de solucionar desde o planeamento, coa introducción dos mecanismos de xestión adecuados que corrixan esta tendencia.

Aínda así no núcleo de Vilamartín a vivenda colectiva e minoritaria, sendo na súa maioría unifamiliares. Non se detectaron problemas graves respecto da implantación do solo urbano no entorno inmediato, sendo necesario regular desde o PXOM a localización de novas vivendas seguindo a pauta das existentes así como a substitución de usos vinculados ó sector primario, incompatibles co uso residencial.

Fóra do solo urbano, a aproximadamente 1 km, atopamos outro asentamento, Valdegodos, non incluído na delimitación vixente pero que presenta, en determinadas zonas, características propias do solo urbano. Conta este asentamento co equipamento de maior incidencia dentro do concello, a Residencia de Anciáns, e cun conxunto de vivendas sociais de tipoloxía residencial colectiva, sendo este tipo de edificacións as que lle confiren ó asentamento as características propias do solo urbano, ademais de contar cos servizos urbanísticos municipais en condicións de subministro axeitado ás necesidades destas edificacións.

En resumo, para o solo urbano, e paralelamente ó desenvolvemento da trama urbana, mediante a introducción de correctos mecanismos de xestión, deben corrixirse as deficiencias de espazos libres.

2.11.3.- OS NÚCLEOS RURAIS

Os núcleos rurais existentes ó leste e oeste de Vilamartín vense presionados polo desenvolvemento da edificación nos mesmos, tensionados pola puxanza urbanística das vilas da Rúa e O Barco respectivamente, sendo esta presión inexistente nos núcleos ubicados ó norte e sur do termo municipal. Este feito, convintemente analizado, xunto coa introducción dos servicios urbanísticos que se está efectuando, reflectidos nos planos do abastecemento e

saneamento, deberá dar lugar, no seu caso, a un replantexamento da actual ordenación nalgúns núcleos, adecuando as premisas da redacción do PXOM ós obxectivos que se fixen para o seu futuro desenvolvemento.

2.11.4.- OS SISTEMAS XERAIS

2.11.4.1.- A rede de comunicacións

É imprescindible o estudio da rede viaria que cruza o termo municipal. A distribución dos asentamentos, predominantemente espallados, fai que as vías de comunicación xoguen un papel primordial no desenvolvemento socioeconómico do concello, e, en xeral, da bisbarra. Unha adecuada rede viaria é un factor decisivo no aforro de tempo para o transporte de bens e persoas, contribúe á elevación do nivel de vida e fomenta as relacións humanas entre as aldeas.

Neste senso, considérase fundamental o correcto funcionamento das estradas principais que cruzan o termo municipal: fundamentalmente a estrada nacional N-120 e en menor medida a estrada provincial OU-0807.

Plantexado isto, trátase de analizar o vertebramento que produce o resto do sistema viario no termo municipal, e os seus efectos sobre a localización dos posibles desenvolvementos.

Deberase recoller na normativa xeral do Plan, un correcto posicionamento das edificacións respecto ás vías de comunicación.

2.11.4.2.- Os equipamentos

O sistema de equipamentos do termo municipal debe ser complementado naqueles casos que máis demanda social poidan ter no momento actual e no futuro, como son os de carácter asistencial e administrativo, e debe buscarse a obtención doutras que incentiven ou promovan a actividade terciaria.

2.11.4.3.- Os espacios libres

Un dos aspectos máis relevantes do PXOM que se redacta, será facer posible, mediante o establecemento dos oportunos mecanismos de xestión, a obtención dalgúns solos de alto valor naturalístico ou forestal, co fin de os converter en parques urbanos do termo de Vilamartín.

A potenciación dos espacios libres e a creación doutros novos que completen a oferta existente, sobre todo no contorno do solo urbano, debe ser un obxectivo prioritario desde a redacción do presente PXOM.

Para posibilitar a materialización destas actuacións, será necesario establecer os sistemas de xestión que as leis contemplan para facer viable a obtención do solo.

Dende este punto de vista as actuacións xa iniciadas no contorno do río Sil coa creación da área recreativa e deportiva do Bañadoiro deben servir de base para un programa previsto desde este PXOM de ampliación e mellora.

2.12.- INCIDENCIA DA LEXISLACIÓN SECTORIAL VIXENTE

A continuación, desenvólvese un listado da normativa e as actuacións previstas polos distintos organismos sectoriais:

- Organismo: Dirección General de Carreteras del Ministerio de Fomento, Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia.
  - Lexislación sectorial: Ley 25/1998, de 29 de julio, de Carreteras.
  - Ámbito: estradas de titularidade estatal que discorren polo termo municipal: N-120.
  - Afeccións: 100 metros medidos a partir da aresta exterior da explanación para autopistas, autovías e vías rápidas e 50 metros para o resto das estradas. Neste ámbito a lexislación sectorial fixa as diferentes zonas e usos permitidos en cada unha delas.
  - Actuacións previstas: non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.

- Organismo: Deputación Provincial de Ourense.
  - Lexislación sectorial: Lei 4/1994 de 14 de setembro, de Estradas de Galicia.
  - Ámbito: estradas de titularidade provincial que discorren polo termo municipal: OU-0807.
  - Afeccións: 30 metros medidos a partir da aresta exterior da explanación. Neste ámbito a lexislación sectorial fixa as diferentes zonas e usos permitidos en cada unha delas.
  - Actuacións previstas: non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.

- Organismo: Dirección General de Ferrocarriles del Ministerio de Fomento y A.D.I.F..
  - Lexislación sectorial: Ley 39/03, de 17 de noviembre, del sector ferroviario
  - Ámbito: Ferrocarril Monforte-Ponferrada.

- Afeccións: 70 metros, medidos a partir da aresta exterior da explanación. Neste ámbito a lexislación sectorial fixa as diferentes zonas e usos permitidos en cada unha delas.
- Actuacións previstas: Non se prevén actuacións inmediatas por parte deste organismo para este concello.

- Organismo: Confederación Hidrográfica Miño-Sil. Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino.
  - Lexislación sectorial: texto refundido da Lei de Augas aprobado por R.D.L. 1/2001, de 20 de xullo. Regulamento do D.P.H. RD 849/1986 de 11 de abril, modificado polo RD 606/2003 de 23 de maio.
  - Ámbito: augas continentais, leitos de correntes naturais, continuos ou discontinuos, leitos dos lagos e lagoas e os dos encoros superficiais en leitos públicos, acuíferos subterráneos, ós efectos dos actos de disposición ou de afección dos recursos hidráulicos.
  - Afeccións: as marxes dos leitos están suxeitos, en toda a súa extensión lonxitudinal, a unha zona de servidume de 5 metros de anchura, para uso público e unha zona de policía de 100 metros de anchura, no que se condicionará o uso do solo e as actividades que nel se desenrolen.
  - Actuacións previstas: non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.

- Organismo: Dirección Xeral de Avaliación e Calidade Ambiental.
  - Lexislación sectorial: Orde do 9 de xuño de 2003 pola que se declaran provisionalmente as zonas propostas para a súa inclusión na Rede Europea Natura 2000, como espacios naturais en réxime de protección Xeral (DOG, luns 16 de xuño do 2003, nº 115). Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza. Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia. Espacios naturais e inventario de patrimonio das Normas Complementarias e Subsidiarias Provinciais, de 3 de abril de 1991, DOG nº72 de 16 de abril.
  - Ámbito: espacios naturais inventariados, humidais e calquera outro elemento incluído nalgún dos inventarios sectoriais.
  - Afeccións: variables en función do espacio natural protexido.
  - Actuacións previstas: non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.

- Organismo: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Consellería de Cultura e Turismo. Xunta de Galicia.
  - Lexislación sectorial: Lei 16/1985, de 25 de Xuño, do Patrimonio Histórico Español. Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia. Decreto 449/1973, do 22 de febreiro, sobre protección dos "hórreos" e "cabazos". Decreto 571/1963 de 14 de marzo, sobre protección de escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico-artístico. Decreto de 22 de abril de 1949 sobre protección de castelos españois.
  - Ámbito: elementos arquitectónicos e xacementos arqueolóxicos catalogados polas Normas Subsidiarias Provinciais, municipais ou incluídos nalgún dos inventarios da Dirección Xeral de Patrimonio.
  - Afeccións: variables entre os 50 m e os 200 m dende o punto máis exterior do elemento que se protexe.
  - Actuacións previstas: non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.

- Organismo: Consellería de Medio Rural en materia de montes.
  - Lexislación sectorial:
    - Lei 43/2003 de 21 de novembro de montes, modificada pola Lei 10/2006 e pola Lei 25/2009.
    - Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
    - Decreto 105/2006 de 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.
    - Lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza de Galicia.
  - Actuacións previstas: non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.

2.13.- ANÁLISE DAS INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS

2.13.1.- INFRAESTRUTURAS VIARIAS

A estructura viaria do concello de Vilamartín atópase formada por unha estrada da Rede de Interese Xeral (RIXE), a N-120, unha estrada autonómica da rede secundaria, unha provincial e un número importante de locais, pertencentes ó concello.

A estructura destas estradas, abarcando as tres tipoloxías, é liñal, e dá servizo de maneira bastante adecuada á meirande parte da poboación.

A estrada N-120, principal vía de comunicación do concello cos veciños municipios de da Rúa e O Barco, atravesa o termo municipal de leste a oeste e sirve de principal acceso a San

Miguel de Outeiro, Vilamartín, Valdegodos e Arcos, sendo estes os núcleos máis dinámicos do concello.

Por último a estrada OU-0807 penetra dende a estrada nacional N-120 ata o corazón do concello na súa ladeira norte atravesando os núcleos de Valdegodos, Córgomo, As Gralleiras, Baxeles, San Vicente e Os Chelos.

Os núcleos da zona máis alta, O Robledo e Cernego, así como os da ribeira sur do río Sil, Arnado, Penouta, Valencia do Sil e Correxais dependen exclusivamente da rede viaria municipal.

As estradas restantes son de titularidade municipal e teñen anchos, firmes e estados de conservación dispares, non podendo establecerse criterios de prioridade dalgunha delas.

Por outra banda nestes momentos estase a tramitar o estudo informativo da Autovía A-76. Nunha das súas alternativas, a que previsiblemente sexa a seleccionada, a nova infraestructura atravesa o concello pola falda norte do val do río Sil. Tendo en conta a próxima aprobación co Estudo Informativo procede incorporar ente trazado.

A rede viaria rodada compleméntase coa rede ferroviaria, co ferrocarril Monforte-Ponferrada que ten estación no termo municipal. Actualmente na estación operan trens de media distancia que enlazan Vilamartín con León, Ponferrada e Vigo.

Os ámbitos afectados polas limitacións á propiedade e proteccións do ferrocarril rexeranse polo disposto na lexislación vixente. Todo isto extensivo a calquera tipo de obra ou instalacións fixas ou provisionais, cambiar o destino das mesmas ou o tipo de actividade e plantar árbores, que deberán contar coa previa autorización do ADIF.

2.13.2.- INFRAESTRUCTURAS DE SERVIZOS

2.13.2.1.- Abastecemento de auga

No concello de Vilamartín existe unha rede de subministración de auga potable que cobre a totalidade do ámbito municipal. Nun intento de reducir a lonxitude de tubaxe da rede de subministración optouse en gran parte por traídas individuais e depósitos municipais para cada núcleo. Dado o escaso número de habitantes, as dotacións destes pequenos depósitos así como as traídas, fundamentalmente de mananciais, outorgan a estes núcleos unhas condicións de servizo e caudal suficientes.

Para o solo urbano executáronse dous depósitos, un en Valdegodos de 170 m3 e outro ó norte de Vilamartín de 1.000 m3. A poboación servida a día de hoxe entre Vilamartín e Valdegodos ascende, segundo os censos oficiais a 1.044 habitantes. Supoñendo un consumo medio diario de 220 l/hab/día que inclúe unha parte de usos industrias obtemos un consumo medio diario de 230 m3, moi inferior á capacidade dos depósitos existentes, co cal pódese afirmar que o concello e suficientemente excedentario neste tipo de infraestructuras urbanísticas, garantido condicións de servizo máis que axeitadas para totalidade da poboación.

Para cada un dos dous depósitos téñense instalado cadansúa ETAP, cunha capacidade total de 11,5 l/sg que representa unha dotación diaria equivalente a 4.516 habitantes coa súa parte proporcional de usos industriais.

Polo que respecta á malla urbana compre indicar que totalidade desta dispón de subministración de auga en condicións de presión e caudal axeitadas, tal e como se pode apreciar nos correspondentes planos de información.

2.13.2.2.- Saneamento

O saneamento municipal, debido a razóns evidentes de topografía e espallamento dos núcleos de poboación, non está concentrado nunha soa infraestructura, se non que se reparte en numerosas fosas sépticas municipais, a razón de unha para cada aldea, o que garante en maior ou menor medida, en función do funcionamento e control destas, o saneamento do totalidade do concello.

Para o ámbito urbano executáronse dúas estacións depuradoras unha en San Miguel de Outeiro e outra en Vilamartín, a primeira cunha capacidade de 16.500 m3/ano (200 H.E.) e a outra de 85.794 m3/ano (1.567 H.E.). Tamén no apartado desta infraestructura, como se pode apreciar pola capacidade exposta, o concello de Vilamartín á excedentario ó cubrir moito máis da demanda de auga potable. Este feito ponse de manifesto no feito de que a día de hoxe aínda non entrou en funcionamento o segundo módulo da depuradora de Vilamartín. O ámbito que abarcan estas infraestructuras recolle ademais do servido polos depósitos de Vilamartín e Valdegodos o do núcleo de San Miguel de Outeiro.

2.13.2.3.- Residuos sólidos urbanos

O Concello de Vilamartín, a día de hoxe, ten recollida de residuos sólidos urbanos e recollida selectiva e reciclaxe de vidro en determinados puntos, recollida de materiais sensibles, como

baterías e plásticos agrícolas, e recollida de voluminosos. Na actualidade, está en execución un punto limpo na parcela que existe xusto detrás do CEIP.

2.14.- ANÁLISE DOS ESPACIOS LIBRES E EQUIPAMENTOS EXISTENTES

Os equipamentos do Vilamartín localízanse principalmente na capital municipal podendo estes considerarse como sistemas xerais mentres que os ubicados nos restantes núcleos rurais do concello entran dentro das dotación locais de cada parroquia. Facendo unha análise no ámbito parroquial obtéñense os seguintes datos:

ARCOS: a parroquia dispón dun campo da festa e dunha pista polideportiva. Como equipamentos relixiosos dispón de igrexa e cemiterio parroquial.

ARNADO: Esta parroquia constituída por un so núcleo tan so conta coa igrexa parroquial como único equipamento.

CERNEGO: Ó igual que no caso anterior nesta parroquia os únicos equipamentos existentes son os relixiosos, unha capela, a igrexa parroquial e o cemiterio.

CÓRGOMO: A parroquia dispón dun local social. No caso de equipamentos relixiosos conta con igrexa e cemiterio parroquial.

CORREXAIS: Como no caso anterior os equipamentos da parroquia son o local social, a igrexa parroquial e o cemiterio. A capela de Penouta completa o equipamento relixioso.

LEIRA: No lugar dos Chelos está o local social o cemiterio parroquial e unha capela, ubicándose a igrexa parroquial no lugar de San Vicente.

O MAZO: Esta parroquia de pequeno tamaño tan so conta como equipamentos cunha igrexa e cemiterio parroquiais.

A PORTELA: É unha da parroquias rurais con maior número de equipamentos. No lugar dos Baxeles atopamos un local social, unha capela e a igrexa parroquial. No lugar da Portela encóntranse outro local social e unha pista polideportiva.

SAN MIGUEL DE OUTEIRO: No núcleo de San Miguel está o local social, a igrexa parroquial e o cemiterio.

VALENCIA DO SIL: A dotación deste núcleo é similar á do anterior, é dicir local social igrexa e cemiterio parroquial, todo isto no mesmo núcleo de Valencia.

VILAMARTÍN: en Vilamartín é onde se concentran a maioría dos equipamentos e servicios, fundamentalmente os de carácter xeral, non en vano constitúe a capital municipal. Aquí se atopan a Casa do Concello, o xulgado, a cámara agraria, o centro de saúde e o edificio de usos múltiples, o centro sociocultural e xuvenil Santa Lucía e o centro ocupacional.
Un pouco máis afastado do núcleo urbano atopamos o CEIP Xosé Manuel Folla Respino, na estrada de Valdegodos. Nesta mesma zona, na parcela municipal, está prevista a construcción dun punto limpo e un novo cemiterio municipal.
Xa na zona de Valdegodos atopamos a residencia de Anciáns “Virgen de los Milagros”, centro de referencia par todo o contorno comarcal.
Na zona do río atopamos, vinculado á Área Recreativa do Bañadoiro, a piscina municipal, o campo de fútbol, o pavillón polideportivo e o centro ocupacional.
Na mesma parroquia, pero xa non integrados na malla urbana, atopamos o Consello regulador da Denominación de Orixe de Valdeorras, e a residencia de anciáns “Natividad de María”.
As principais zonas verdes e espazos libres concéntranse na Á rea recreativa O Bañadoiro e en pequenas prazas na vila como son Praza do Concello, Praza José Luís Núñez, Praza Rosalía de Castro, Praza dos Grecos e Praza de Dª Justa.

De todo isto dedúcese que a capital municipal non é deficitaria nin en equipamentos nin en zonas libres e zonas verdes.

CÓDIGO	EQUIPAMENTO	PARROQUIA	NÚCLEO	SUP. (m2)
CEL-01	Cemiterio	Arcos(San Lourenzo)	Arcos	710
ELL-01	Campo da festa	Arcos(San Lourenzo)	Arcos	511
REL-01	Igrexa	Arcos(San Lourenzo)	Arcos	224
SCL-01	Local Social y pista deportiva	Arcos(San Lourenzo)	Arcos	530
RCL-02	Igrexa de San Pedro	Arnado (San Clemente)	Arnado	832
CEL-03	Cemiterio	Cernego (San Víctor)	Cernego	273
REL-03a	Capela de San Cosme	Cernego (San Víctor)	O Robledo	425
REL-03b	Igrexa	Cernego (San Víctor)	Cernego	436
CEL-04	Antigo Cemiterio	Córgomo (Santa Comba)	Santa Marta	1.731
REL-04	Igrexa de Santa Comba	Córgomo (Santa Comba)	Santa Marta	651
SCL-04	Local Social	Córgomo (Santa Comba)	Córgomo	202
SRX-06	Depósito – E.T.A.P.	Córgomo (Santa Comba)	Córgomo	533

RCL-05a	Capela de Penouta	Correxais (San Pedro)	Penouta	212
RCL-05b	Igrexa de San Pedro	Correxais (San Pedro)	Correxais	1.176
SCL-05	Local Social	Correxais (San Pedro)	Correxais	111
CEL-06	Cemiterio	Leira (S. Vicente)	Os Chelos	464
REL-06a	Capela de San Tirso	Leira (S. Vicente)	Os Chelos	64
REL-06b	Igrexa de San Vicente	Leira (S. Vicente)	San Vicente	474
SCL-06	Local Social	Leira (S. Vicente)	Os Chelos	291
CEL-07	Cemiterio	O Mazo (Santo Antonio)	O Mazo	103
REL-07	Igrexa de San Antonio	O Mazo (Santo Antonio)	O Mazo	114
DPL-08	Pista Polideportiva	A Portela (San Xulián)	A Portela	506
REL-08a	Capela de San Martín	A Portela (San Xulián)	Baxeles	80
REL-08b	Igrexa de San Xulián	A Portela (San Xulián)	Prox. Baxeles	976
SCL-08a	Local Social	A Portela (San Xulián)	Baxeles	68
SCL-08b	Local Social	A Portela (San Xulián)	A Portela	124
CEL-09	Cemiterio	S. Miguel de Outeiro (S. Antonio)	S. Miguel de Outeiro	242
REL-09	Igrexa de San Mateo	S. Miguel de Outeiro (S. Antonio)	S. Miguel de Outeiro	209
SCL-09	Local Social	S. Miguel de Outeiro (S. Antonio)	S. Miguel de Outeiro	82
SRX-03	E.D.A.R.	S. Miguel de Outeiro (S. Antonio)	S. Miguel de Outeiro	930
RCL-10	Conxunto Parroquial	Valencia do Sil (San Bernabé)	Valencia do Sil	763
SCL-10	Local Social	Valencia do Sil (San Bernabé)	Valencia do Sil	94
ADL-11	Consello Regulador de Valdeorras	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	753
ADX-01	Casa do Concello	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	374
ADX-02	Xulgados	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	112
CEX-01	Cemiterio	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	1.408
DCX-01	CEIP Xosé Manuel Folla Respino	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	7.232
DPL-11	Campo de Fútbol	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Valdegodos	4.268
DPX-01	Piscina Municipal	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	4.973
DPX-02	Campo de Fútbol	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	10.334
DPX-03	Pavillón polideportivo	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	3.516
ELL-11	Praza de Dona Justa	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	120
ELX-01	Praza do concello	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	580
ELX-02	Praza de José Luís Núñez	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	1.296
ELX-03	Praza dos Grecos	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	422
ELX-04	Prza de Rosalía de Castro	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	3.685
REL-11	Igrexa	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	1.140
SAL-11(a)	Residencia da 3ª idade (Virgen de los Milagros)	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	29.369
SAL-11(b)	Residencia da 3ª idade (Natividad de María)	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	1.815
SAX-03	Centro de Saude	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	456
SAX-04	Cruz Vermella	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	1.207
SCX-01	Cámara Agraria	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	183
SCX-02	Edificio Usos Multiples	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	268
SCX-03	Centro Socio Cultural e Xuvenil Santa Lucia	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	357
SCX-04	Centro Ocupacional	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	705
SCX-05	Almacen Municipal	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	741
SRX-01	E.D.A.R.	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	1.504
SRX-04	Subestación Electrica	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	2.121
SRX-05	Depósito – E.T.A.P.	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	731
ZVL-11a	Parque	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	308
ZVX-01	Área Recreativa e Deportiva O Bañadoiro	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	3.131
ZVX-02	Zona verde	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	702
ZVX-03	Zona verde	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	7.695
ZVX-04	Zona verde	Vilamartín de Valdeorras (S. Xurxo)	Vilamartín	6.060

CAPÍTULO 3- MEMORIA DE ORDENACIÓN

3.1.- O MODELO DE ASENTAMENTO PROPOSTO E A ESTRUCTURA XERAL E ORGÁNICA DO TERRITORIO

O que debe entenderse como estructura xeral e orgánica do termo municipal, recóllese nos artigos 53.1.e) da LOUPMRG e 19.b e 25 do RP que, de modo sintético, indican que estará "*integrada polos sistemas xerais determinantes do desenvolvemento urbano e, e particular, polos sistemas xerais de comunicacións e as súas zonas de protección, de espacios libres e zonas verdes públicas, de equipamento comunitario público e de servicios urbanos".*

A estructura proposta, que desenvolve este PXOM, parte dun dobre criterio contrastado co goberno municipal: por unha banda inténtase por en ordenación un importante número de edificacións que xurdiron ó marxe da legalidade e por outra preténdese manter a morfoloxía existente no termo municipal, tensionada entre a capitalidade da Vila e o asentamento de Valdegodos, no que se concentran os principais equipamentos municipais como os colexios e gardería, residencia de anciáns ou vivendas sociais. En base a isto recoñécense estas dúas estructuras de asentamentos como aglutinadoras dos crecementos do PXOM cunhas delimitacións que por unha parte tenten recoller as edificacións existentes e por outra recoñecer a malla urbana preexistentes recollida na Delimitación do Solo Urbano vixente. Esta dous ámbitos especializaranse nas dúas tipoloxías dominantes. Así o núcleo de Valdegodos recolleranse exclusivamente as edificacións colectivas existentes, especializando a parte restante do núcleo en vivenda unifamiliar. No núcleo de Vilamartín, capital municipal, acorde co previsto na Delimitación o Solo Urbano vixente prevese a completación da malla urbana, rematando en edificación colectiva as mazas xa iniciadas e proxectando os bordes en vivenda unifamiliar de cara a unha mellor integración do núcleo co medio rural circundante.

A partir desta dualidade prevese delimitar os restantes núcleos rurais atendendo á súa tipoloxía histórica ou común, coa intención exclusiva de recoller as vivendas existentes e rematar os espacios intersticiais entre elas.

Este criterio desenvólvese mediante a asignación de usos globais que se efectúa neste documento. Así, planifícase a vivenda colectiva exclusivamente no núcleo de Vilamartín, con especialización das distintas tipoloxías nas correspondentes zonas, intentando eliminar as tipoloxías non axeitadas có medio, como a vivenda unifamiliar en zonas de vivenda colectiva, ou certos usos industriais. Nos solos restantes, tendo en conta a tipoloxía maioritaria e os antecedentes de planeamento, preverase exclusivamente vivenda unifamiliar.

No documento de Estudio do medio rural recóllese o tratamento da vivenda unifamiliar nestes núcleos, e nos planos de clasificación do solo, clasifícase e protéxese o solo rústico que, por diversas características, debe someterse a algún réxime de preservación. Unha pequena parte do termo municipal, en función das súas posibilidades reais de integrarse no desenvolvemento urbanístico, e das súas posibilidades de conexión cos sistemas xerais propostos, e atendendo tamén ós criterios de aproveitamento racional dos recursos naturais e do desenvolvemento sostible, poderá clasificarse como solo urbanizable, delimitado ou non delimitado, e cunhas condicións de desenvolvemento que fican especificadas máis adiante.

Unha vez definido o solo rústico sometido a algún tipo de protección en función dos seus valores, e a estructura xeral do sistema viario e os servicios, dentro do ámbito do solo urbanizable, á vista das expectativas que coa nova lexislación do solo ábrense para o seu desenvolvemento, realízase a delimitación de sectores de solo urbanizable, coa consideración de delimitados ou non, en función da súa proximidade ó solo urbano, e da súa programación, plasmada na correspondente estratexia do presente Plan Xeral.

Como rede xeral viaria, que estructura o termo municipal, a estrada nacional N-120 constitúe o principal eixo de comunicación que insire ó concello de Vilamartín no Sistema Urbano Intermedio O Barco-Vilamartín-A Rúa. Ademais desta, a estrada provincial OU-0807 proporciona accesibilidade á zona alta do concello

Polo que respecta ás infraestructuras de servizos urbanísticos, habería que aclarar que, nestes momentos, dos datos que figuran no presente PXOM, o abastecemento de auga e o saneamento cobren a totalidade do termo municipal con condicións de servizo axeitadas. No solo urbano os depósitos e a depurados teñen capacidade suficiente para a poboación existente e para as máis optimistas previsións de crecemento.

No plano de Estructura Xeral e Orgánica do Territorio, reflíctese o trazado de todas as vías sobre as que se soporta o crecemento previsto do termo municipal, ficando patente, a solución da problemática existente a día de hoxe, e a posibilidade de efectuar o desenvolvemento proposto neste documento.

Este documento de planeamento, en canto ó sistema xeral de espacios libres e zonas verdes, pretende dar cumprimento ós estándares que en relación a este punto aparecen na LOUPMRG. Así prevese a ampliación da área recreativa do Bañadoiro que a día de hoxe pode considerarse o auténtico lugar de esparcemento da poboación municipal

En canto ós equipamentos tamén se pode afirmar que os existentes da cobertura suficiente á poboación actual non sendo necesaria a súa ampliación.

3.2.- XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA

3.2.1.- CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL APLICADOS

A redacción do PXOM do Concello de Vilamartín, para substituír á Delimitación do Solo Urbano, parte co propósito de adaptar a normativa urbanística á lexislación vixente, e o de acometer unha nova política urbanística tendente a perfeccionar o modelo territorial existente mediante a introducción dos sistemas de xestión e actuación que o novo marco legal nesta materia posibilita, evitando que o proceso urbanizador xere desequilibrios, e polo contrario, poida ser utilizado para mellorar a realidade física existente e o nivel de equipamentos e servicios.

En tendencia da consecución destes fins, plantéxanse os seguintes obxectivos e criterios de carácter xeral:

A) Reestructuración funcional do tecido urbano:

- A.1) Equilibrio urbanístico entre diferentes áreas do municipio.
- A.2) Impedir a invasión indiscriminada do territorio.
- A.3) Completar a trama urbana dos núcleos existentes, mellorando a súa funcionalidade.
- A.4) Prever o enlace dos novos crecementos cos núcleos rurais circundantes.

B) Consideración da importancia do medio rural:

- B.1) Manter e fortalecer o actual sistema de núcleos.
- B.2) Recoñecer o carácter histórico de certos núcleos e prever medidas para a súa preservación.
- B.2) Conservar a parroquia como institución básica de convivencia rural.
- B.3) Ordenar os usos residenciais en consonancia coas actividades agropecuarias e forestais.
- B.4) Potenciar a rehabilitación e recuperación do patrimonio arquitectónico popular.
- B.5) Eliminar usos non desexados e incompatibles co uso residencial.

C) Conservación ambiental:

- C.1) Conservar a paisaxe natural e os seus compoñentes individualizados (acuíferos, cursos fluviais, masas forestais, paisaxes, etc.
- C.2) Conservación e recuperación do patrimonio arquitectónico, cultural e medioambiental. O estudio pormenorizado establece este obxectivo en relación co patrimonio arquitectónico e cultural.
- C.3) Acadar para uso público, áreas de interese natural que pasen a constituír o sistema xeral de espacios libres do termo municipal.
- C.4) Recoñecer e potenciar aquelas áreas con alto valor ecolóxico, incluídas ou non en inventarios de espacios naturais.
- C.5) Ordenar as actividades vinculadas co aproveitamento dos recursos naturais e transformación de productos vinculados ó sector primario.

D) Dotación de elementos comunitarios:

- D.1) Equilibrio dos aproveitamentos lucrativos e os usos comunitarios a establecer nos solos intersticiais vacantes situados dentro da trama urbana.
- D.2) Mellora no funcionamento das actuacións infraestructurais que supoñen unha recuperación da calidade de vida (saneamento, abastecemento, viario e rede xeral de comunicacións).

E) Integración dos diferentes grupos sociais, urbanos e rurais do municipio, conservando cada unha das súas particularidades.

- E.1) Respecto á distribución descentralizada e xerárquica da poboación no municipio.
- E.2) Defensa do equilibrio intersectorial existente.
- E.3) Fomento, de acordo coa LOUPMRG, da construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección.

3.2.2.- CRITERIOS SECTORIAIS

A formulación e realización do PXOM para o municipio de Vilamartín ten unha orientación destinada a obter un modelo de utilización do solo a longo prazo, equilibrado e de desenvolvemento sostible, no que a estructura xeral e orgánica do mesmo resolva as disfuncionalidades fundamentais que o municipio presenta, e permita sentar as bases da ordenación municipal futura, para acadar as mellores condicións e calidade de vida para os seus habitantes.

A formulación do PXOM preparará ó municipio para resolver os actuais problemas de modernización, á procura dun maior dinamismo dos sectores productivos, sobre todo o industrial, sendo capaz de prever unha medra continuada e sostida nos próximos anos.

Apoiándose na mencionada estructura xeral, clasifícase o solo urbano como unha simple constatación de feito dos condicionantes que a tal efecto establece o Artigo 11 da LOUPMRG, así como os solos urbanizables e rústicos, tendo en conta o conxunto de obxectivos urbanísticos.

O PXOM plantéxase como obxectivo, favorecer o desenvolvemento cualitativo de Vilamartín e ser eminentemente realista, e capaz de ser levado á práctica, permitindo acadar a materialización das determinacións do planeamento que se fixan, nos prazos que se determinan. Un Plan Xeral no que o equilibrio entre as propostas de planeamento, as de xestión urbanística e a capacidade da Administración actuante sexa notoria e patente.

Como desenvolvemento deste obxectivo xeral, considérase, así mesmo, obxectivo básico para o conxunto do termo municipal, coñecer a vocación fundamental de cada parte do seu solo, a fin de recuperar de forma positiva os recursos do medio físico, as actividades agrarias, industriais e comerciais: potenciar as comunicacións e os servicios comunitarios, e favorecer o máximo rendemento posible a través das determinacións de planeamento que se lle asigne a cadanseu tipo de solo.

Para iso, e en directa relación cos problemas urbanísticos detectados, defínese a continuación o sistema de obxectivos urbanísticos sectoriais que a redacción do Plan Xeral persegue.

3.2.2.1.- Criterios en orden a acadar o acabado e mellora do modelo e medio urbano existente

O obxectivo fundamental, no actual solo urbano do municipio de Vilamartín, é o de acadar a súa ordenación, facendo fronte á situación actual, que demanda completala mediante determinacións directas de ordenación e posterior execución. O solo urbano clasificado como tal, deriva da aplicación das condicións obxectivas establecidas no artigo 11 da LOUPMRG, en función da información urbanística sobre servizos existentes, así como dos antecedentes de planeamento.

O PXOM incorpora o planeamento vixente na actualidade constituído pola Delimitación do Solo Urbano.

O resto do solo urbano do termo municipal analízase co máximo detalle posible para coñecer a realidade do tecido existente, en relación cos obxectivos básicos comentados, a fin de que as medidas propostas sexan factibles de levar á práctica, fuxindo, por tanto, de propostas xeralistas, fáciles de formular, pero claramente afastadas dun necesario e eficaz pragmatismo.

En resumo, no solo urbano realízanse as seguintes actuacións:

- Redacción dunhas novas Normas Urbanísticas que no solo urbano teñen carácter de ordenanzas da edificación, de forma que se sistematizan, simplifícase a súa aplicación práctica, e fan máis alcanzable o seu entendemento ós cidadáns e corrixen e obxectivan ambigüidades existentes.

- Conservación e respecto, en xeral, das aliñacións e alturas, tanto vixentes como existentes, completando aqueles preceptos normativos que se consideran deficitarios, e corrixindo disfuncións detectadas na súa aplicación práctica.

- O logro dun equilibrio entre a dimensión dos núcleos urbanos e as súas dotacións e equipamentos, é un dos obxectivos fundamentais do Plan Xeral. Así mesmo, a obtención do solo necesario para a ampliación das dotacións existentes, e implantación doutras novas, mediante o establecemento dos instrumentos de equidistribución adecuados para os actuais propietarios do solo, permite absorber as necesidades da poboación á que serven. Inclúense, para a súa obtención, en Areas de Reparto de solo urbanizable ou de solo urbano non consolidado. Neste aspecto, o Concello deberá comprometer o seu esforzo nos próximos anos de desenvolvemento do Plan, mediante a aplicación directa de parte dos seus recursos e a estimulación e o logro de acordos cos propietarios de solo, os cales, á súa vez, deberán afrontar con pleno rigor a consecución da culminación do proceso de desenvolvemento urbanístico.

- Delimitación das Áreas de reparto, e cálculo dos seus aproveitamentos tipo, conforme establece a LOUPMRG.

- Protección dos elementos de patrimonio existentes ou de novo achado.

3.2.2.2.- Criterios específicos nos núcleos rurais

O obxectivo fundamental, no actual solo de núcleo rural do municipio de Vilamartín, é o de acadar a súa ordenación, facendo fronte á situación actual, que demanda completala mediante determinacións directas de ordenación e posterior execución. O solo de núcleo rural

clasificado como tal deriva da aplicación das condicións obxectivas establecidas no artigo 13 da LOUPMRG, así como das condicións establecidas no Modelo de asentamento poboacional e no Estudio do medio rural.

En resumo, no solo de núcleo rural, realízanse as seguintes actuacións:

- Redacción dunhas novas Normas Urbanísticas de forma que se sistematizan, simplifícase a súa aplicación práctica, faise máis alcanzable o seu entendemento ós cidadáns e corríxense e obxectivan ambigüidades existentes.

- Conservación e respecto, en xeral, das edificacións existentes procurando en cada caso englobalas, na medida do posible, dentro da delimitación dos núcleos rurais proposta.

- Diminución dos déficits de dotacións, equipamentos e espacios libres existentes no conxunto do termo municipal e na periferia dos núcleos rurais de primeira orde.

- Protección dos elementos de patrimonio arquitectónico ou de elementos arqueolóxicos existentes ou de novo achado.

3.2.2.3.- Criterios específicos nas áreas para novos asentamentos

Comprenden estas áreas, o solo clasificado como urbanizable, estando regulada a súa clasificación polos artigos 14, 21 e 22 da LOUPMRG, que estipulan que "*constituirán o solo urbanizable os terreos que non teñan a condición de solo urbano, de núcleo rural, nin rústico e poidan ser obxecto de transformación urbanística nos termos establecidos na lei*".

Neste documento sinálanse as áreas de solo rústico aptas para a súa incorporación ó proceso de desenvolvemento urbanístico como solo urbanizable, en atención ó uso racional dos recursos naturais e o desenvolvemento sostible; e aqueloutros que, polo seu valor agrícola, forestal, gandeiro ou polas súas riquezas naturais, deben ser preservados.

Acorde coa mencionada lexislación, o PXOM contempla dúas situacións perfectamente diferenciadas: por un lado, o solo clasificado como urbanizable delimitado ou inmediato, correspondente a solos que teñan comprometidos prazos de execución e condicións de transformación; e por outro, o solo urbanizable non delimitado, para o cal o Plan define as condicións xerais para a delimitación de sectores, desenvolvemento dos mesmos e usos globais. No concello de Vilamartín, á vista do expresado en parágrafos anteriores non se contempla solo urbanizable non delimitado.

Para o solo que se clasifica como urbanizable delimitado o Plan Xeral plantexa os seguintes obxectivos:

- Incluír e definir nas Áreas de reparto, a parte do solo urbanizable que poida ser necesaria para conseguir os obxectivos plantexados no PXOM, adscribindo as mesmas ós solos de sistemas que se consideran necesarios, a efectos da súa obtención a través da aplicación do instrumento do aproveitamento tipo e cesión obrigatoria.

- Prever un tratamento adecuado das áreas para novos asentamentos residenciais, canalizando suficientemente o deseño da futura ordenación no propio PXOM, á fin de garantir a súa inserción na estructura urbana existente.

- Delimitar as Áreas de reparto e calcular os seus aproveitamentos tipo no solo urbanizable.

3.2.2.4.- Criterios específicos para o solo rústico

O obxectivo xeral que o PXOM se plantexa para esta clase de solo é a revisión da delimitación daquelas áreas que deben ser obxecto de especial protección fronte ó proceso de urbanización e edificación, en función de que así o demanden as circunstancias intrínsecas naturais, ou porque así o requiran os seus actuais usos, a lexislación sectorial, ou en razón dos seus valores paisaxísticos, históricos, arqueolóxicos, científicos, ambientais, culturais ou outros de similar natureza, segundo establece o artigo 15 da LOUPMRG.

Este obxectivo tradúcese directamente na protección das áreas de interese medioambiental ou bioecolóxico, ou de interese pola súa capacidade agrícola, gandeira ou forestal, consideradas na información urbanística, e que realmente teñan este valor.

Como segundo obxectivo neste tipo de solo, o PXOM contempla as condicións das edificacións permitidas no mesmo, de acordo co sinalado nos artigos 36 a 40 da LOUPMRG.

3.2.2.5.- Obxectivos e criterios socioeconómicos

A situación actual do termo municipal, a importancia dos sectores vitivinícola e louseiro, o forte desenvolvemento que se espera que experimente o tecido empresarial coa creación do polígonos industriais, a terciarización das principais actividades económicas do concello, contraposto cos baixos índices de natalidade e o envellecemento da poboación, fai necesario

que o PXOM contemple medidas tendentes a fomentar a fixación da poboación no termo municipal, que corrixan a tendencia de desprazamento a concellos limítrofes.

As xestións con diversos operadores de solo e propietarios do mesmo durante a redacción e vixencia do Plan, orientaranse a conseguir os seguintes obxectivos:

- Mellora e modernización das explotacións agrícolas, establecéndose a protección agrícola do solo destinado a este fin.

- Mellora das infraestructuras de transporte e comunicacións que discorren polo municipio, que sen dúbida algunha, estimularán o tecido empresarial local.

- Potenciación dos valores ambientais e paisaxísticos do termo municipal, como xeradores dunha industria de lecer e recreo.

3.2.2.6.- Obxectivos e criterios en orden a resolver problemas estructurais

Contémplanse neste apartado as necesidades a cubrir polos novos sistemas xerais que completen a estructura urbana e eliminen as disfuncionalidades observadas no momento actual.

Así, fundamentalmente, prevese a corrección das deficiencias observadas nas infraestructuras de transporte e comunicacións expostas no catálogo de problemas, mediante:

- Difusión e dotación de accesibilidade a todo o territorio, de maneira que ningunha parte do mesmo fique marxinada ou disgregada, e á vez, se evite a interferencia funcional co núcleo urbano, mediante a mellora da actual rede, que eviten o estrangulamento do tráfico ó atravesar os distintos núcleos.

- Establecemento das necesarias conexións entre a rede viaria municipal e o sistema viario metropolitano e comarcal.

- Mellora da rede interior de intercomunicación entre os diversos núcleos, mediante un estudio pormenorizado do seu trazado que elimina os problemas puntuais de ordenación existentes ó longo da mesma.

3.2.2.7.- Consecución do sistema xeral de espacios libres

É vontade municipal que o PXOM se plantexe como obxectivo dotar ó planeamento dos mecanismos de xestión que fagan posible a obtención de solos de interese paisaxístico, ou bioecolóxico da forma máis inmediata no tempo, a fin de obter o solo necesario e os recursos para a súa execución.

Neste sentido, preténdese a creación dunha grande zona verde á beira do Sil.

Por último, o estudio pormenorizado da totalidade do medio rural do termo municipal, carrexará a reserva de espacios con valor natural localizados dentro dos núcleos ou nas súas proximidades, que poden ser reconvertidos para o uso público e mellora da calidade de vida de toda a poboación.

3.2.2.8.- O tratamento dos equipamentos que constitúen o sistema xeral

Vilamartín necesita a regulación dalgúns aspectos dos seus equipamentos, fundamentalmente, efectuar a reserva de solo que posibilite a súa ampliación e adecuación segundo as necesidades da poboación, á fin de impedir a falta ou escaseza destes, ou, nalgúns casos, a nova implantación dos mesmos.

Unha vez analizados os diversos equipamentos, deducíronse os seguintes obxectivos, criterios e actuacións.

3.2.2.8.1.- Equipamento docente

O coidado e mellora da dotación docente considérase fundamental como fórmula de mellora da preparación dos habitantes máis xoves do municipio, o que lles permitirá acceder a traballos máis cualificados.

A ausencia de competencias municipais na planificación da rede de centros, obriga a que no PXOM, por parte do municipio, so sexa posible efectuar as reservas de solo para a súa implantación no caso de que pola Administración competente se decida a súa realización.

Estudiadas as necesidades da poboación actual, estímase suficiente a dotación existente no núcleo de Valdegodos (gardería, infantil e primaria), dada a proximidade do Barco e Rúa que contan con secundaria e bacharelato.

3.2.2.8.2.- Equipamento sanitario

Non se observaron problemas funcionais na rede existente de equipamentos nesta materia. Considérase suficiente co Centro de Saúde de Vilamartín, tendo en conta a cercanía do Barco na que existe Hospital Comarcal.

3.2.2.8.3.- Equipamento asistencial

O envellecemento paulatino da poboación acrecenta é un problema básico a afrontar no conxunto de Galicia.

Non obstante no concello de Vilamartín levan anos realizando previsións sobre esta tema. Neste caso a creación nos anos setenta da Residencia de Anciáns de Valdegodos veu a cubrir case a nivel comarcal unha necesidade que naqueles momentos xa se podía adiviñar. Posteriormente creouse tamén en Vilamartín, na Sobreira, unha segunda residencia de anciáns, tamén da fundación Valdegodos, motivo polo cal pode considerarse que esta dotación no concello de Vilamartín está suficientemente dimensionada.

3.2.2.8.4.- Equipamento sociocultural

A descentralización e o pequeno tamaño deste tipo de equipamentos é o modelo predominante nos municipios rurais de Galicia. Vilamartín englóbase dentro desta categoría con centros sociais ou veciñais repartidos polas distintas parroquias, moitas veces teleclubes ou escolas unitarias reconvertidos a locais sociais, ás veces casa de cultura, e que dan servizo abondo ás necesidades da poboación. Non obstante, obsérvase nalgún deles unha escasa dotación e investimento para este tipo de centros, que se considera que debería ser corrixida.

3.2.2.8.5.- Equipamento deportivo e zonas verdes

No referinte a instalacións deportivas, as instalacións existentes na área recreativa do Bañadoiro, permite afirmar que as existentes constitúen unha reserva suficiente para as previsións de poboación. Non obstante de cara a cubrir as necesidades da poboación prevista en desenvolvemento do presente PXOM, será necesaria a previsión da súa ampliación.

3.2.2.8.6.- Equipamento relixioso

O número e distribución de centros parroquiais dentro do termo municipal, considérase adecuado ás necesidades actuais da poboación

3.2.2.8.7.- Cemiterios

Se o modelo de cemiterio que se quere no municipio de Vilamartín é o parroquial, semella suficiente o número deles existente, facendo as ampliacións contiguas ou independentes necesarias nos que teñen esgotado o solo.

3.2.2.9.- Obxectivos, criterios e actuacións dirixidos a resolver os problemas existentes nos servizos urbanos básicos e no medio ambiente

O PXOM fixa os obxectivos e criterios nesta materia, sendo os seguintes:

- Mellora e renovación programada da rede de abastecemento de auga municipal que nestes momentos abarca a totalidade do termo municipal.

- Mellora do servizo de depuración dalgunhas aldeas con melloras no mantemento ou substitución das actuais fosas.

3.2.2.10.- Accións tendentes á actualización da normativa urbanística

Como xa se comentou, un dos obxectivos primordiais do PXOM é a adecuación da normativa urbanística e do planeamento municipal á lexislación vixente e, polo tanto, a actualización da normativa é primordial para o logro de dito obxectivo.

3.2.2.10.1.- Marco legal.

O marco legal ó que se adecúa a redacción do PXOM está definido a nivel estatal polo Texto Refundido da Ley Suelo (RD 2/2008); e a nivel autonómico, pola Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUPMRG), e as súas posteriores modificacións. A primeira delas, no seu artigo 2, establece a función social que a propiedade do solo debe cumprir, e subordina o seu uso ó principio de desenvolvemento sostible e ó uso racional dos recursos naturais.

A lexislación autonómica, materializada na LOUPMRG, establece no Capítulo I do Título II, Planeamento Urbanístico, sobre clases de instrumentos de ordenación, na súa Sección 3ª, o contido do PXOM, sinalando claramente as determinacións que debe conter debendo estas "*ser congruentes cos fins que neles se determinen e adaptarse ás características e complexidade urbanística do territorio que sexa obxecto de ordenación, garantindo a coordinación dos elementos fundamentais dos respectivos sistemas xerais*."

As determinacións tanto xerais como particulares para cada tipo de solo regúlanse nos artigos 56 a 60 da mencionada lexislación.

3.2.2.10.2.- Sistema normativo

A normativa do PXOM parte da contemplada na vixente Delimitación do Solo Urbano, modificándoa e mellorándoa nas carencias que manifesta para, procurando evitar calquera tipo de interpretación subxectiva das súas determinacións, permitir a consecución dos seguintes obxectivos:

- Adaptación ó marco legal: xa se xustificou a necesidade e obrigatoriedade de realizar este axuste normativo.

- Adaptación da normativa ás novas circunstancias e condicionantes: a nova Normativa Urbanística recolle a regulación de usos que non contempla a actual, ben por omisión ou por se tratar de novos conceptos de utilización ou producción, así como a adaptación ás novas tecnoloxías.

- Adaptación a normas específicas: recóllense tamén aquelas normas específicas de carácter xeral e obrigado cumprimento que son de aplicación á edificación, tales como as que fan referencia á supresión de barreiras arquitectónicas, protección contra incendios, acústica, comunicacións interiores, recollida e tratamento de residuos sólidos ou contaminantes, etc., que ata o momento, non estaban incluídas na Normativa ou en ordenanzas municipais ou noutros tipos de normativas, facilitando así a súa localización e posterior cumprimento e esixencia.

- Adaptación ás esixencias medioambientais: establécense por normativa as medidas preventivas do posible impacto ambiental previas á elaboración do planeamento, chegando mesmo á definición de normas específicas de protección ambiental nos sectores de solo rústico e urbanizable que así o requiran.

- Reaxuste da normativa de usos: inclúense os usos que non contempla a normativa actual, cunha implantación que resultou difícil pola súa falta de regulación.

- Reaxuste das ordenanzas: contémplase a modificación daquelas ordenanzas cunha posta en práctica dificultosa, sentando claramente os criterios adecuados para a súa correcta interpretación.

- O obxectivo destes axustes e adaptacións é a clarificación da Normativa, de acordo coa experiencia adquirida, para facela máis alcanzable a todos os axentes intervintes e ós encargados do seu control.

3.2.3.- MODELO DE XESTIÓN URBANÍSTICA PROPOSTO

Os criterios que se teñen que seguir para acadar os obxectivos e desenvolver os criterios propostos acostuman definirse ó longo do proceso de formulación das determinacións do PXOM e, no caso do concello de Vilamartín, preténdese que sexa o máis consensuado posible cos propietarios do solo, administracións públicas e operadores urbanísticos, a fin de permitir unha rápida materialización das previsións.

A política urbanística municipal diríxese cara a consecución dun Plan Xeral no que:

- A Corporación Municipal dirixe e controla a evolución urbanística do municipio, encauzando as iniciativas privadas que incidan no desenvolvemento urbano.

- A política urbanística do Concello, da cal o Plan é un instrumento operativo, diríxese a garantir o adecuado nivel de dotacións, equipamentos e infraestructuras para todos os sectores da poboación, a fluidez no prazo inmobiliario, evitando retencións especulativas, e o dereito dos cidadáns ós espacios, ambientes, infraestructuras, etc., necesarios para o mellor desenvolvemento das esferas de actividade que enmarcan a súa vida.

- A clasificación do solo como urbano limítase á constatación da súa situación de feito como tal. O solo rústico protexido está constituído por aquel que debe preservarse da urbanización polas súas peculiares características ou condicións que fagan necesaria a súa protección, mentres que no solo urbanizable non delimitado se considera que nel tense que continuar co uso que corresponde á súa natureza rústica, ata que se crea necesaria a súa transformación en urbano a través do proceso urbanizador. A clasificación do solo como urbanizable debe respostar a unha economía de oferta concorrente en lugar de tentar liquidar tan só as necesidades de medra vexetativa e inmigratoria da poboación do municipio, acorde coas aptitudes e potencialidades dos distintos terreos do termo municipal.

- A xestión urbanística municipal, proposta polo Plan, debe levarse á práctica polos servicios técnicos municipais en colaboración co equipo administrativo.

En cada unha das clases de solo, a política urbanística municipal diríxese cara ás seguintes liñas de actuación en canto á ordenación urbana:

- Comprensión e análise do marco comarcal real do que o municipio de Vilamartín forma parte e que, se ben impide a súa ordenación territorial como un feito illado en si mesmo, non debe interferir nin verse interferido pola dos municipios limítrofes.

- Defensa dos valores naturais, medioambientais e productivos, (agrícolas, forestais, paisaxísticos, arqueolóxicos e de recursos naturais), tanto para a selección dos solos a protexer como para a posta en valor daqueles que pasen a formar parte dos sistemas xerais do municipio, en especial os parques urbanos, así como a posta en valor dos núcleo rurais existentes.

- Revisión dos mecanismos de xestión previstos no planeamento vixente que non permitiran, ben pola súa complexidade, ben por unha disfunción dimensional, alcanzar os obxectivos de desenvolvemento propostos naquel.

- Adecuación á lexislación estatal e autonómica vixente das determinacións do planeamento actual, mediante a introducción dos mecanismos de planeamento e xestión que, en orde a un xusto reparto de cargas e beneficios, se considera necesarios.

En cada unha das clases de solo a política urbanística municipal diríxese cara as seguintes liñas de actuación en canto á súa ordenación.

3.2.3.1.- Xestión do solo urbano

A xestión a realizar neste tipo de solo, irá encamiñada a:

- Equilibrar os sistemas xerais e locais, tanto de zonas verdes e espacios libres, como de equipamentos e comunicacións.

- Completar a ordenación da área urbana existente.

- Evitar a segregación social, equilibrando as dotacións e equipamentos sociais nas parroquias, facilitando, acorde coa nova lexislación do solo, a promoción de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública.

- Reordenar as áreas de medra perimetral que na actualidade non se atopen ben estructuradas.

- Conservar e revitalizar o patrimonio edificado do municipio.

Como instrumento de xestión, introdúcese a delimitación de Áreas de reparto en solo urbano non consolidado, con sinalización do aproveitamento tipo patrimonializable polos propietarios do solo.

Tamén, para os casos puntuais que se presentan, onde a clasificación do solo como urbano consolidado é indiscutible en base a edificacións existentes que se pretenden transformar pola súa inadecuación ás previsións ou obxectivos do plan, ou solares inadecuados para servir ás necesidades da edificación prevista sobre os cales cómpre un proceso reparcelatorio, realízase a delimitación de unidades de reparcelación obrigatoria, onde se deixa prevista a execución das operacións de transformación necesarias.

3.2.3.2.- Xestión do solo de núcleo rural

No Estudio do medio rural e no Modelo de asentamento territorial procedeuse á delimitación daquelas áreas do territorio que "*serven de soporte a un asentamento tradicional de poboación singularizado. identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais, que o plan xeral defina e delimite tendo en conta, polo menos, a súa inclusión como tal ou na da súa área de influencia en plans anteriores, o número de edificacións, a densidade de vivendas, o seu grao de consolidación pola edificación ...*".

Preténdese o seu mantemento e potenciación, dentro dos seus actuais límites, na medida do posible, co fin de evitar a progresiva perda de habitantes que estean a sufrir, primando os usos relacionados coa actividade primaria, para o que se admitirán melloras e pequenas ampliacións dos usos agrícolas, gandeiros e forestais.

Déixase prevista a necesidade de redactar Plans especiais de protección, rehabilitación e mellora do medio rural, de maneira que se posibilite un desenvolvemento ordenado dos núcleos rurais e a creación dos espacios libres e dotacións de que puidesen ser deficitarios.

3.2.3.3.- Xestión do solo urbanizable

O tratamento deste tipo de solo no PXOM responde ás seguintes directrices de xestión:

- Definición dun modelo de utilización do solo có máximo apoio da poboación e da promoción.

- Realismo na selección e sectorización das áreas para novos asentamentos industriais e de equipamentos.

- Control da ordenación das novas áreas de desenvolvemento para a súa adecuada inserción na estructura urbana xeral.

- Delimitación sectorial para o seu desenvolvemento en Plans Parciais.

- Programación dos sectores nos que exista concertación cos posibles promotores.

- Consecución de parques públicos e espacios libres.

- Incentivar, acorde coa lexislación vixente, a construción de vivendas sometidas a algún réxime de protección.

3.2.3.4.- Xestión do solo rústico

Para posibilitar a concreción das medidas propostas no Plan neste tipo de solo, atenderase ás seguintes pautas:

- Control disciplinado da edificación nas áreas que resulten solo rústico na clasificación do solo.

- Protección das áreas de interese bioecolóxico e ambiental.

- Categorización do solo rústico en protección ordinaria e protección especial en función dos seus valores agrícolas, gandeiros, forestais, ambientais, científicos, naturais, paisaxísticos, culturais, suxeitos a limitacións de servidumes ou doutra índole.

3.2.4.- CRITERIOS E ESTRATEXIAS DE XESTIÓN DO PLANEAMENTO

A lexislación urbanística diferenza o planeamento (como norma ordenadora de todas as actividades que necesitan territorializarse) da xestión do planeamento (como actividades que levan a efecto a execución física e xurídica do PXOM).

Sen embargo, a lexislación urbanística establece que os Plans xerais conteñan algunhas determinacións que aínda non sendo propias do planeamento si son determinacións que figuran no mesmo para facilitar a súa posterior execución unha vez aprobado.

As determinacións de xestión que han de estar contidas no PXOM con carácter obrigatorio son:

- División do solo urbano en distritos para asegurar o cumprimento dos estándares de reserva mínima para dotacións urbanísticas.

- Delimitación de áreas de reparto en solo urbano non consolidado e solo urbanizable.

- Establecemento do aproveitamento tipo en cada área de reparto.

3.2.4.1.- Criterios de xestión en solo urbano consolidado

Co obxecto de facilitar no posible a posterior execución do PXOM trátase de:

- Redefinir, aclarar, sistematizar e complementar, aqueles conceptos básicos que, ó longo da vixencia da Delimitación do Solo Urbano foron obxecto de diverxencias e xeradores de problemas.

- Propor e delimitar zonas de normalización de predios cando fose necesario adaptar a configuración física das parcelas en aplicación das determinacións do planeamento.

3.2.4.2.- Criterios de xestión en solo urbano non consolidado e solo urbanizable delimitado

Para este solo procédese á delimitación ponderada dos sectores ou áreas nos que este queda dividido, para que, sometidos todos eles aos patróns de estructuración e ordenación instituídos no Plan Xeral, a delimitación e superficie que abarquen sexa a que permita a súa mellor xestión posterior.

En función da prioridade das actuacións, queda reflectido e contemplado un prazo para o seu desenvolvemento por un dos sistemas de xestión contemplados na lexislación vixente.

3.2.4.3.- Criterios para o calculo do aproveitamento tipo

O PXOM calculará os aproveitamentos tipo, conforme ó establecido nos artigos 113 e 114 da LOUPMRG.

3.3.- DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DOS PARÁMETROS URBANÍSTICOS DA ORDENACIÓN PROPOSTA

3.3.1.- CUANTIFICACIÓN DA CLASIFICACIÓN DO SOLO E AS CAPACIDADES DO PLANEAMENTO

Acorde coa definición dos distintos tipos de solo establecida na lexislación vixente, e os criterios de clasificación utilizados na redacción do Plan, as superficies sinaladas nos planos de clasificación, amosan a seguinte cuantificación porcentual por tipos de solo :

Solo Urbano	44,67 Ha	0,51 %
Solo Urbanizable Delimitado	18,38 Ha	0,21 %
Solo de Núcleo Rural	97,76 Ha	1,12 %
Solo Rústico:		
. de protección Ordinaria	28,73 Ha	0,33 %
. de protección Agropecuaria	410,21 Ha	4,64 %
. de protección Forestal	1855,40 Ha	21,04 %
. de protección de Augas	389,73 Ha	4,41 %
. de protección de Infraestructuras	217,91 Ha	2,46 %
. de protección de Espacios Naturais	5.460,90 Ha	61,80 %
. de protección Paisaxística	247,11 Ha	2,80%
. de protección de Patrimonio	62,01 Ha	0,70 %
TOTAL	8.837,03 Ha	100,00%

Así pois, da superficie total do termo municipal, cuantificada segundo a cartografía en 88,33 km², aparece clasificada como solo urbano, un 0,51% en dous núcleos urbanos, como solo de núcleo rural coas súas dúas clasificacións un 1,12% do termo municipal, distribuído en 22 entidades rurais de poboación, un 0,21% como solo urbanizable delimitado, e un 98,17% como solo rústico protexido, do que un 61,80% é de protección de espazos naturais e un 21,04 forestal, repartíndose o resto do termo municipal en proporcións non significativas.

3.3.1.1.- Ordenación e cuantificación das capacidades do solo urbano consolidado

Clasifícanse como solo urbano consolidado dous ámbitos: Por un lado o solo urbano vixente correspondente coa Vila de Vilamartín e que, a día de hoxe, presenta servicios urbanísticos axeitados á tipoloxía edificatoria á que serven, fundamentalmente por un proceso temporal de consolidación. Por outro lado un ámbito que aínda que non se atopaba incluído no Documento de Delimitación do Solo Urbano vixente atópase totalmente integrado na malla urbana como sistema xeral, serve de asentamento a unha poboación dende hai anos, conta coa totalidade dos servizos urbanísticos en condicións de funcionamento axeitadas e representa un equipamento de ámbito supramunicipal. Estámonos a referir á zona de Valdegodos na que se atopa a día de hoxe a Residencia de Anciáns e as vivendas sociais. Este conxunto de edificacións responden a unha tipoloxía tipicamente urbana e pola súa antigüidade forman parte da estructura territorial do concello, constituíndo un enclave complementario da Vila a un quilómetro escaso desta. Ademais no que se refire á Vila, e como xa se comentou anteriormente, preténdese ter en conta os antecedentes de planeamento en canto á delimitación do solo urbano pois, entre outras cousas, parte do esforzo inversor en infraestructuras realizado polo concello nos últimos anos, destinouse a dotar a todo o solo urbano así clasificado duns servicios urbanísticos adecuados ás necesidades da poboación residente.

En virtude disto, clasifícanse como solo urbano os seguintes ámbitos, definidos no plano correspondente:

SOLO URBANO RESIDENCIAL DE VILAMARTÍN. Clasifícase como tal, no ámbito de Vilamartín, o solo urbano xa clasificado na actual D.S.U., que conta con servicios urbanísticos na súa totalidade. Dentro da malla urbana distínguense claramente os seguintes tecidos:

- Unha trama de núcleos tradicionais, repartidos en varias zonas e que constituíron os primeiros asentamentos do conxunto, en principio de carácter tradicional e vinculados co aproveitamento dos recursos naturais. Esta trama distínguese pola tipoloxía dominante de vivenda unifamiliar de carácter tradicional, os viarios estreitos sen uniformidade xeométrica que obedecían na maior parte dos casos a cuestións de propiedade, e a utilización de materiais de construcción tradicionais.
- Unha trama de “covas”. Asociados a estes núcleos, ocupando sobre todo a parte alta do núcleo, construíronse unha serie de adegas ou covas, vinculadas ós cultivos vitivinícolas da zona e que tradicionalmente marcaban os límites dos núcleos tradicionais co medio rústico.
- A segunda trama histórica vinculouse á antiga estada nacional que se introducía entre os núcleos tradicionais de Vilamartín e á que se foi vinculando un tecido residencial decimonónico que paulatinamente foi substituído por edificacións contemporáneas, en moitos casos de vivenda colectiva. No espazo entre o núcleo orixinario e o desenvolvido ó longo da antiga estrada nacional ubicouse un foco de centralidade constituído pola casa consistorial (actual casa de cultura) e a praza.
- A terceira trama vincúlase á chegada do ferrocarril a Vilamartín e á creación da estación. Vinculada a esta infraestructura xerouse un tecido disperso no que se entremezclan vivendas e naves en menor proporción, que aproveita o viario paralelo á infraestructura e os tres viarios

de conexión da estación co núcleo orixinario que xurdira ó longo da estrada nacional. A continuidade deste tecido co núcleo orixinario viuse interrompida pola apertura da nova estrada N-120 que segrega a vía en dúas zonas claramente diferenciadas, o barrio da estación e a Vila.
- Paralelamente foise xerando unha trama de periferia, dispersa, de vivenda unifamiliar, en primeiro lugar sen normativa urbanística e con posterioridade amparada na Delimitación do Solo Urbano vixente.

Estes catro ámbitos son os que constitúen o entramado urbano da vila de Vilamartín, incluídos na delimitación do solo urbano vixente e que contan coas redes de servizos públicas en condicións axeitadas á tipoloxía á que serven.

SOLO URBANO DE VALDEGODOS

A inexistencia de parcelas de tamaño axeitado no solo urbano para acoller equipamentos de certa entidade motivou que estes foran xurdindo na periferia en ámbitos relativamente desligados do entramado existente. Así as grandes actuacións deportivas centráronse no borde do río Sil, as actuacións docentes na estrada municipal de Vilamartín a Valdegos e a actuación asistencial máis importante na zona de Valdegodos. Estámonos a referir á residencia de anciáns construída a mediados dos anos setenta e que a partir desas datas constituíu un no foco de centralidade dentro do concello, ubicándose ó seu redor un bo número de edificacións de vivenda unifamiliar. Dentro desta estratexia de nova centralidade, e tamén aproveitando a existencia de parcelas de maior tamaño, con posterioridade, o MOPU executou as vivendas sociais tamén nesta zona, constituídas por 40 unidades repartidas en catro bloques exentos de tres alturas.

A tipoloxía das edificacións así como o seu carácter e a representatividade coa que contan no conxunto do termo municipal, e por extensión dentro da estructura xeral e orgánica do territorio, fai que o presente PXOM, a estes dous ámbitos contiguos, lles outorgue a clasificación de solo urbano consolidado, toda vez que ademais de criterios tipolóxicos contan coa totalidade dos servizos urbanísticos en condicións axeitadas a tipoloxía edificatoria á que serven.

En base ó anterior defínese a malla urbana constituída por dous ámbitos, un correspondente coa vila de Vilamartín, coincidente coa delimitación do solo urbano vixente e outra en Valdegodos, abarcando a residencia de anciáns e as vivendas sociais.

A efectos do presente planeamento e acorde co reseñado no artigo 49 do LOUPMRG, o solo urbano mencionado considérase como un único distrito.

No presente planeamento mantense a tipoloxía e os aproveitamentos dominantes en cada zona, neste caso, de vivenda unifamiliar encostada de tipoloxía tradicional no núcleos orixinarios de Vilamartín, de vivenda colectiva en mazá pechada no borde da antiga estrada nacional, en residencial colectiva en edificación aberta nos viais de comunicación do barrio da estación co núcleo orixinario, así como na parte correspondente ás vivendas sociais no núcleo de Valdegodos, e en vivenda unifamiliar no resto, distinguindo entre as zonas nas que predomina a vivenda enconstada e nos que predomina a illada.

Dentro do solo urbano así delimitado detectáronse dous ámbitos nos que é necesario levar a cabo actuacións integrais de urbanización para que os terreos adquiran a condición de soar e que polo tanto deberán cualificarse como solo urbano non consolidado.

Naquelas zonas onde non se necesitan procesos de reparto de cargas e beneficios pero si reorganización da propiedade poderanse propor e delimitar zonas de normalización de predios cando fose necesario adaptar a configuración física das parcelas en aplicación das determinacións do planeamento.

CUANTIFICACIÓN DAS PREVISIÓNS DO PLAN XERAL NO SOLO URBANO CONSOLIDADO DE VILAMARTÍN E VALDEGODOS

ORDENANZA	SUP. (m2)	SUP. EDIF. (m2)	OCUPAC. (%)	ALTURAS	EDIFICAB. (m2/m2)	CONST (m2)
Resid colect. mazá pechada	17.859	9.104		3,5		31.864
		591		2,5		1.422
Resid colect. edif. aberta	53.420		0,50	3,50		93.485
Viv. unifam. adosada.	5.698				0,90	5.128
Viv. unifamiliar illada	124.058				0,60	74.435
Núcleo Tradicional Urbano	50.938		0,70	2,50		89.142
TOTAL	251.973					295.476

TOTAL SOLO URBANO CONSOLIDADO DELIMITADO NETO	251.973 m^2
CAPACIDADE TOTAL DO SOLO URBANO CONSOLIDADO	295.476 m^2

A partir desta cifra resulta necesario calcular a capacidade do PXOM en novas vivendas en solo urbano consolidado a cal deriva da diferencia entre a capacidade edificatoria total por aplicación das ordenanzas correspondentes, e a superficie edificada existente.

Analizada a superficie edificada do entramado urbano delimitado obtense unha superficie edificada a día de hoxe de 142.542,50 m^2 (froito de multiplicar a superficie ocupada en planta polo número de alturas das edificacións). Segundo o censo de vivendas de 2001 a vila de Vilamartín conta con 376 vivendas. Estimando que ata actualidade foron executadas un total de 40 vivendas máis podemos concluír que no conxunto do asentamento, sempre que se respecten as tipoloxías existentes, podemos partir dunha repercusión de 340 m2/vivenda.

A capacidade edificatoria do solo urbano proposto no PXOM é de 295.476 m^2, da cal resultan, seguindo os mesmos parámetros de edificabilidade actuais, 869 vivendas. A este número de vivendas restámoslle as vivendas xa edificadas, resultando un número de **453 novas vivendas en solo urbano** consolidado.

A superficie equivalente de uso residencial para esas 869 vivendas totais, a razón 150 m2 de uso residencial ascende a **130.350 m^2** totais considerando a diferencia ata o total adicada a outros usos e construccións auxiliares, algo moi común neste tipo de asentamentos.

3.3.1.2.- Ordenación e cuantificación das capacidades do solo urbano non consolidado

De acordo co artigo 12.b) da LOUPMRG, clasifícanse como solo urbano non consolidado aqueles terreos incluídos dentro da delimitación do solo urbano, por estar rodeados de viario que soporta tódolos servicios urbanísticos, pero que aínda deben someterse a un proceso de execución integral.

Estes terreos inclúense en Áreas de reparto coa finalidade de fixar o aproveitamento tipo, así como as cesións de cada un dos polígonos en función dos límites de sostibilidade e as reservas mínimas de dotacións asignados a cada distrito, segundo o estipulado nos artigos 46 e 47 da LOUPMRG.

Dado o seu tamaño o solo urbano de Vilamartín constituirá un único distrito. Dentro do solo urbano de Vilamartín delimítanse dúas áreas de solo urbano non consolidado.

A escasa complexidade dos polígonos delimitados e a intención de simplificar a xestión fai que, a efectos prácticos, se identifique cada polígono cunha área de reparto. A ordenación destes polígonos será de tal xeito que garanta os estándares fixados pola lexislación do solo para o conxunto do solo urbano de Vilamartín, pois como se indicou anteriormente, constitúe un único distrito.

CUANTIFICACIÓN DAS PREVISIÓNS DO PLAN XERAL EN SOLO URBANO NON CONSOLIDADO

DISTRITO VILAMARTÍN				
ÁMBITO	SUPERFICIE BRUTA	SUPERFICIE NETA	SUP. EDIFICABLE	EDIFICABILIDADE
SUNC-01	17.217 m²	16.832 m²	8.200 m²	0,487 m²/m²
SUNC-02	2.653 m²	2.653 m²	1.300 m²	0,490 m²/m²
SUNC-03	4.684 m²	4.469 m²	1.340 m²	0,300 m²/m²
SUNC-04	12.537 m²	12.181 m²	3.650 m²	0,300 m²/m²
SUNC-05	8.429 m²	8.065 m²	2.420 m²	0,300 m²/m²
TOTAIS	**45.520 m²**	**44.200 m²**	**16.910 m²**	**0,382m²/m²**
ESTÁNDAR				0,50 m²/m²

DISTRITO VILAMARTÍN					
POLÍGONO	ZONAS VERDES	EQUIPAMENTO	PRAZAS APARC. PUB.	PRAZAS APARC. TOTAL	EDIFICABILIDADE VIV. PROTEXIDA
- O solo urbano non consolidado está composto por cinco polígonos de uso residencial e o solo urbanizable delimitado por dous sectores de uso industrial e un terciario. Así, por tipo de uso, non procede condicionar o desenvolvemento destes ámbitos entre solo urbano non consolidado e solo urbanizable. Por outra banda os polígonos de solo urbano non consolidado e solo urbanizable son independentes entre si, motivo polo cal poden ser desenvolvidos de maneira totalmente autónoma. En base a todo o anterior non se fixa ningún criterio de priorización entre os cinco ámbitos de xestión pendentes de desenvolvemento.

4.2.- ESTUDIO ECONÓMICO

Trátase agora de definir as previsións sobre execución de sistemas xerais a cargo do Concello, que se reflectiron no epígrafe correspondente. Prevese a súa execución nos catro quinquenios de vixencia do PXOM, existindo dispoñibilidade de recursos para garantila mediante as aplicacións correspondentes do orzamento municipal, ademais dos ingresos derivados da cesión do 10% do aproveitamento lucrativo de cada un dos sectores de solo urbanizable.

O contido do estudio económico e financeiro fica regulado no artigo 42 do Regulamento de Planeamento, que textualmente di: "*O estudio económico e financeiro do Plan Xeral conterá:*

1.- A avaliación económica da execución das obras de urbanización correspondentes á estructura xeral e orgánica do territorio definida no Artigo 19.1.b do presente Regulamento e á implantación dos servicios, incluídos ambos nos programas cuadrienais correspondentes ao solo urbanizable programado.

2.- A mesma avaliación referida ás actuacións que, no seu caso, se programasen para o solo urbano.

3.- A determinación do carácter público ou privado dos investimentos a realizar para a execución das previsións do Plan Xeral, expresadas nos apartados anteriores, con suficiente especificación das obras e servicios que se atribúen ao sector público e privado e indicación, no primeiro caso dos Organismos ou Entidades Públicas que asumen o importe do investimento".

Por outro lado, a LOUPMRG establece, no seu artigo 60, que: "*3. O plan xeral de ordenación municipal conterá unha avaliación do custe de execución dos sistemas xerais e das actuacións previstas, con indicación do carácter público ou privado da iniciativa de financiamento, xustificando as previsións que haxan de se realizar con recursos propios do concello. No suposto de que se atribúa a financiamento a administracións ou entidades públicas distintas do municipio, deberá acreditarse a conformidade das mesmas*."

Realízase a continuación o cadro de sistemas xerais con execución adscrita ó Concello e a valoración destas actuacións:

DENOMINACIÓN	**NOVO ACCESO A ARNADO**
CÓDIGO	VL-02
TIPO DE SISTEMA	S.L. Viario
SUPERFICIE	1.649 m^2
CUSTE DO TERREO	9.894 €
CUSTE EXECUCIÓN	65.960 €
INVERSIÓN TOTAL	75.854 €
PROGRAMACIÓN	Primeiro e segundo quinquenio

DENOMINACIÓN	**AMPLIACIÓN DA EDAR DE VILAMARTÍN**
CÓDIGO	SRX-01
TIPO DE SISTEMA	S.X. Infraestructuras
SUPERFICIE	1.558 m^2
CUSTE DO TERREO	Parcela municipal
CUSTE EXECUCIÓN	300.000 €
INVERSIÓN TOTAL	300.000 €
PROGRAMACIÓN	Primeiro e segundo quinquenio

DENOMINACIÓN	**NOVA EDAR DE SAN MIGUEL**
CÓDIGO	SRX-03
TIPO DE SISTEMA	S.X. Infraestructuras
SUPERFICIE	930 m^2
CUSTE DO TERREO	Parcela municipal
CUSTE EXECUCIÓN	150.000 €

INVERSIÓN TOTAL	Con cargo ó desenvolvemento do sector S-01
PROGRAMACIÓN	Segundo quinquenio

DENOMINACIÓN	**DÚAS EDAR DE ARCOS**
CÓDIGO	
TIPO DE SISTEMA	S.X. Infraestructuras
SUPERFICIE	
CUSTE DO TERREO	Parcela municipal
CUSTE EXECUCIÓN	150.000 €
INVERSIÓN TOTAL	Con cargo ó desenvolvemento dos sectores S-02 e S-03
PROGRAMACIÓN	Primeiro e segundo quinquenio

DENOMINACIÓN	**PARQUE DO COLEXIO**
CÓDIGO	ZVX-05
TIPO DE SISTEMA	S.X. zonas verdes e espazos libres
SUPERFICIE	2.588 m^2
CUSTE TERREO	Propiedade municipal
CUSTE EXECUCIÓN	46.584 €
INVERSIÓN TOTAL	46.584 €
PROGRAMACIÓN	Segundo e Terceiro quinquenio

DENOMINACIÓN	**AMPLIACIÓN DA ÁREA RECREATIVA O BAÑADOIRO**
CÓDIGO	ZVX-06
TIPO DE SISTEMA	S.X. zonas verdes e espazos libres
SUPERFICIE	24.921 m^2
CUSTE TERREO	194.889 €
CUSTE EXECUCIÓN	389.778 €
INVERSIÓN TOTAL	584.667 €
PROGRAMACIÓN	Terceiro e cuarto quinquenio

DENOMINACIÓN	**PASEO DA CANLE**
CÓDIGO	ZVL-11b
TIPO DE SISTEMA	S.L. zonas verdes e espazos libres
SUPERFICIE	404 m^2
CUSTE TERREO	2.424 €
CUSTE EXECUCIÓN	16.160 €

INVERSIÓN TOTAL	18.584 €
PROGRAMACIÓN	Primeiro e segundo quinquenio

DENOMINACIÓN	**NOVO CENTRO SOCIO CULTURAL**
CÓDIGO	SCX-06
TIPO DE SISTEMA	S.X. equipamentos
SUPERFICIE	686 m^2
CUSTE TERREO	41.160 €
CUSTE EXECUCIÓN	200.000 €
INVERSIÓN TOTAL	241.160 €
PROGRAMACIÓN	Terceiro e cuarto quinquenio

DENOMINACIÓN	**NOVO CEMITERIO MUNICIPAL**
CÓDIGO	CEX-02
TIPO DE SISTEMA	S.X. equipamentos
SUPERFICIE	4.551 m^2
CUSTE TERREO	Propiedade municipal
CUSTE EXECUCIÓN	120.000 €
INVERSIÓN TOTAL	120.000 €
PROGRAMACIÓN	Primeiro e segundo quinquenio

O resumo da inversión por quinquenios das táboas anterior resúmese como segue:

1º quinquenio	2º quinquenio	3º quinquenio	4º quinquenio
257.219 €	280.511 €	436.205 €	412.914 €

Así pois, o investimento total a asumir polo Concello derivado deste Planeamento ascende á cantidade de UN MILLÓN TRESCENTOS OITENTA E SEIS MIL OITOCENTOS CORENTA E NOVE (1.386.849 €)

Estas cifran dan unha inversión media anual entre 53.000 € e 88.000 € que, acorde co Orzamento Corrente do Concello, é posible executar dentro dos catro quinquenios de vixencia do PXOM.

Sinálase a continuación o montante dos presupostos correntes e dispoñibilidade para inversións reais dos orzamentos municipais do Concello de Vilamartín durante os seis últimos exercicios:

	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Dereitos liquidados	1.737.945	2.578.209	1.575.528	1.418.202	1.329.791	1.351.129
Impostos directos	302.144	472.826	367.207	380.657	377.376	423.989
Impostos indirectos	15.559	7.279	56.615	10.887	35.824	36.126
Taxas e outros ingresos	142.519	119.205	92.396	99.710	111.178	173.907
Transferencias correntes	563.797	651.775	581.163	605.406	636.012	620.800
Ingresos patrimoniais	2.281	3.444	408	357	191	321
Alleamento de investimentos reais	0	0	0	0	0	0
Transferencias de capital	711.646	1.067.181	477.738	321.186	52.011	95.985
Activos financeiros	0	0	0	0	0	0
Pasivos financeiros	0	256.500	0	0	117.198	0
Obrigas recoñecidas netas	1.720.566	2.438.948	1.692.212	1.481.788	1.227.196	1.285.532
Gastos de persoal	493.953	610.762	587.340	555.502	543.917	558.757
Gastos en bens correntes e servicios	404.361	469.144	435.176	400.946	429.896	389.495
Gastos financeiros	13.538	11.987	18.771	22.957	25.444	37.704
Transferencias correntes	11.447	17.829	28.750	36.464	29.755	28.322
Investimentos reais	760.458	1.285.787	569.234	285.157	165.909	250.583
Transferencias de capital	0	5.808	15.591	5.472	0	0
Activos financeiros	0	0	0	0	0	0
Pasivos financeiros	36.809	37.632	37.350	175.291	32.275	20.670

Á vista dos datos anteriores pódese concluír unha capacidade de investimento con cargo ós presupostos do concello de 552.854 €/anuais, os cales repercutidos sobre o horizonte temporal de catro quinquenios previsto polo PXOM, bota unha capacidade de investimento total de 11.057.093 €, ó cal habería que engadir os investimentos por parte de organismos supramunicipais, e que se estima que deberían completar o orzamento total contemplado polo plan.

Se temos en conta que se pode estimar un 75% de gasto fixo dos recursos propios obtemos unha capacidade inversora do concello a 20 anos de 2.764.273 € (cunha media anual de 138.2147€), suficientes para dar cumprimento ás necesidades económicas derivadas da execución do PXOM.

A esta cantidade poderíase engadir o valor do 10% do aproveitamento lucrativo dos ámbitos de xestión que se delimitan no presente PXOM.

O equipo redactor

Julio C. Rojo Martínez — Isidro López Yáñez

Enxeñeiro de Camiños — Arquitecto

ANEXO I: INFORME DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA

ANEXO II. INFORME PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL

ANEXO III: CUMPRIMENTACIÓN DO INFORME PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL

ANEXO IV: CUMPRIMENTACIÓN DOS INFORMES EMITIDOS DURANTE O PERÍODO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

ANEXO V: INFORME DE ALEGACIÓNS

ANEXO VI: ESTUDO DE AFECCIÓNS Ó RÉXIME HÍDRICO

ANEXO I: INFORME DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA

1.- NATUREZA DO INFORME 3

2.- ESTABLECEMENTO E REFORZO DAS REDES DE SERVIZOS, INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS: 3

3.- MANTEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS. 4

4.- CUSTOS ANUAIS DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS E EQUIPAMENTOS PÚBLICOS MUNICIPAIS 5

5.- CÁLCULO DOS INGRESOS DO CONCELLO ORIXINADOS POLO DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO DO ÁMBITO 6

6.- IMPACTO SOBRE A FACENDA LOCAL 7

7.- SUFICIENCIA E ADECUACIÓN DOS USOS PRODUCTIVOS E COMERCIAIS NO PXOM DE VILAMARTÍN 9

1.- NATUREZA DO INFORME

A Lei 8/2007, do 28 de maio, de solo estatal determina no apartado 4 do artigo 15 que:

"La documentación de los instrumentos de ordenación de las actuaciones de urbanización debe incluir un informe o memoria de sostenibilidad económica, en el que se ponderará en particular el impacto de la actuación en las Haciendas Públicas afectadas por la implantación y el mantenimiento de las infraestructuras necesarias o la puesta en marcha y la prestación de los servicios resultantes, así como la suficiencia y adecuación del suelo destinado a usos productivos."

O presente documento ten por obxecto desenvolver e xustificar tales determinacións no ámbito de municipio de Vilamartín de Valdeorras, tomando como datos de partida os datos facilitados polo concello e a propia experiencia.

2.- ESTABLECEMENTO E REFORZO DAS REDES DE SERVIZOS, INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS:

Os custos de implantación das dotacións públicas de espazos libres e equipamentos acordo á legalidade vixente, son o resultado da suma dos capítulos correspondentes reflectidos no estudo económico financeiro, que corresponden, por un lado a financiamento privado (ámbitos de desenvolvemento de solo urbanizable) e por outro a financiamento público, que é precisamente o que detallará este informe.

No referente á obtención de solo para a implantación das dotacións, este correrá maioritariamente a cargo do concello e en menor medida, pola escasa representatividade na superficie total do PXOM, dos propietarios de solo dos ámbitos a desenvolver.

No seguinte cadro aparece reflectidas por quinquenios as superficies en metros cadrados para os diferentes usos que o concello debe expropiar ou executar.

CÓD.	DENOMINACIÓN	1º Q.	2º Q.	3º Q.	4º Q.	OBTENCIÓN DO SOLO
VL-02	Novo acceso a Arnado	825	825			Expropiación
SRX-01	Ampl. EDAR Vilamartín					Parc. Municipal
SRX-03	Ampl. EDAR San Miguel					Parc. Municipal
	Ampl. EDAR Arcos					Parc. Municipal
ZVX-05	Parque do Colexio					Parc. Municipal
ZVX-06	Ampl. área recreativa O Bañadoiro			12.461	12.461	Expropiación
ZVL-11b	Paseo da Canle	202	202			Expropiación
SCX-06	Novo centro socio-cultural			343	343	Parc. Municipal
CEX-02	Novo cemiterio municipal					Parc. Municipal
TOTAIS		1.027	1.027	12.804	12.804	

O custo en euros resultado das expropiacións así como da execución das infraestruturas asignadas ó concello móstrase no seguinte cadro:

CÓD.	DENOMINACIÓN	1º Q.	2º Q.	3º Q.	4º Q.
VL-02	Novo acceso a Arnado	37.927 €	37.927 €		
SRX-01	Ampl. EDAR Vilamartín	150.000 €	150.000 €		
SRX-03	Ampl. EDAR San Miguel				
	Ampl. EDAR Arcos				
ZVX-05	Parque do Colexio		23.292 €	23.292 €	
ZVX-06	Ampl. área recreativa O Bañadoiro			292.334 €	292.334 €
ZVL-11b	Paseo da Canle	9.292 €	9.292 €		
SCX-06	Novo centro socio-cultural			120580	120580
CEX-02	Novo cemiterio municipal	60000	60000		
TOTAIS		**257.219 €**	**280.511 €**	**436.206 €**	**412.914 €**

Por outra banda, a cesión e execución dos sistemas xerais adscritos e locais do ámbitos de desenvolvemento correrán por conta dos propietarios dos aproveitamentos dos ámbitos no memento de realizar a operación urbanística que os desenvolve, sendo as superficies as seguintes:

SISTEMAS XERAIS ADSCRITOS

TIPO DE SOLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	1º Q.	2º Q.	3º Q.
S-01	SRX-03	Ampl. EDAR San Miguel	75.000 €	75.000 €	
S-02 e S-03	Por determinar	Ampl. EDAR Arcos	75.000 €	75.000 €	
TOTAIS			**150.000 €**	**150.000 €**	

VIARIO LOCAL

TIPO DE SOLO	CÓDIGO	1º Q.	2º Q.	3º Q.
SUNC-01	por determinar			3.366 m2
SUNC-02	por determinar	625 m2		
SUNC-03	por determinar	894 m2		
SUNC-04	por determinar		2.436 m2	
SUNC-05	por determinar			1.613 m2
S-01	por determinar	8.649 m2	8.649 m2	
S-02	por determinar	8.891 m2		
S-03	por determinar		10.568 m2	
TOTAIS		**19.059 m2**	**21.654 m2**	**4.979 m2**

ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES

TIPO DE SOLO	CÓDIGO	1º Q.	2º Q.	3º Q.
SUNC-01	por determinar			1.800 m2
SUNC-02	por determinar	250 m2		
SUNC-03	por determinar	500 m2		
SUNC-04	por determinar		1.300 m2	
SUNC-05	por determinar			850 m2
S-01	por determinar	4.325 m2	4.325 m2	

S-02	por determinar	4.445 m2		
S-03	por determinar		5.284 m2	
TOTAIS		**9.520 m2**	**10.909 m2**	**2.650 m2**

EQUIPAMENTOS

TIPO DE SOLO	CÓDIGO	1º Q.	2º Q.	3º Q.
SUNC-01	por determinar			820 m2
SUNC-02	por determinar	130 m2		
SUNC-03	por determinar	220 m2		
SUNC-04	por determinar		600 m2	
SUNC-05	por determinar			400 m2
S-01	por determinar	865 m2	865 m2	
S-02	por determinar	889 m2		
S-03	por determinar		1.057 m2	
TOTAIS		**2.104 m2**	**2.522 m2**	**1.220m2**

3.- MANTEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS.

En canto ao mantemento das redes de infraestructuras públicas de abastecemento de auga, saneamento e depuración, servizos de recollida e limpeza de residuos sólidos urbanos, rede eléctrica e rede de telecomunicacións, con concesión administrativa, serán asumidos polas compañías concesionarias con cargo ás cotas dos novos abonados.

A continuación móstrase o cálculo dos custos de mantemento do resto das infraestructuras e dotacións baseados nos datos aportados polo Concello, previo resumo dos parámetros urbanísticos de crecemento do concello, que amosarán os gastos que terá que asumir o concello froito dos desenvolvementos urbanísticos.

PARÁMETROS URBANÍSTICOS A DESENVOLVER EN CADA QUINQUENIO

QUINQUENIO 1

EDIFICABILIDADE POTENCIAL	58.670 m2
SUC. VILAMARTÍN E VALDEGODOS	19.553 m2
SUNC. VILAMARTÍN	7.122 m2
NR	2.655 m2
SUD industrial	29.340 m2
NOVAS VIVENDAS PREVISTAS	98

Poboación	245 hab.

REDE VIARIA E DOTACIÓNS	
Viario (Concello)	825 m2
Viario (propietarios)	19.059 m2
Zonas verdes e espazos libres (Concello)	202 m2
Zonas verdes e espazos libres (propietarios)	9.520 m2

QUINQUENIO 2

EDIFICABILIDADE POTENCIAL	91.475 m2
SUC. VILAMARTÍN E VALDEGODOS	19.553 m2
SUNC. VILAMARTÍN	12.181 m2
NR	2.655 m2
SUD industrial	57.086 m2
NOVAS VIVENDAS PREVISTAS	98

Poboación	245 hab.

REDE VIARIA E DOTACIÓNS	
Viario (Concello)	824 m2
Viario (propietarios)	21.654 m2
Zonas verdes e espazos libres (Concello)	202 m2
Zonas verdes e espazos libres (propietarios)	10.909 m2

QUINQUENIO 3

EDIFICABILIDADE POTENCIAL	40.711 m2
SUC. VILAMARTÍN E VALDEGODOS	19.553 m2
SUNC VILAMARTÍN	2.650 m2
NR	2.655 m2
SUD industrial	15.853 m2
NOVAS VIVENDAS PREVISTAS	98

Poboación (a maiores)	245 hab.

REDE VIARIA E DOTACIÓNS	
Viario (Concello)	0 m2
Viario (propietarios)	4.979 m2
Zonas verdes e espazos libres (Concello)	12.461 m2
Zonas verdes e espazos libres (propietarios)	2.650 m2

QUINQUENIO 4

EDIFICABILIDADE POTENCIAL	22.208 m2
SUC. VILAMARTÍN E VALDEGODOS	19.553 m2
SUNC VILAMARTÍN	0 m2
NR	2.655 m2
SUD industrial	0 m2
NOVAS VIVENDAS PREVISTAS	85

Poboación (a maiores)	213 hab.

REDE VIARIA E DOTACIÓNS	
Viario (Concello)	0 m2
Viario (propietarios)	0 m2
Zonas verdes e espazos libres (Concello)	12.461 m2
Zonas verdes e espazos libres (propietarios)	0 m2

CUSTOS DE MANTEMENTO ANUAL DAS NOVAS INFRAESTRUTURAS

ANOS 2º, 3º, 4º E 5º

CONCEPTO	RATIO	CUSTO
Mantemento e limpeza do viario	0,86 €/m²	4.275 €
Zonas verdes e espazos libres	0,95 €/m²	2.309 €
Alumeado público	0,146 €/m²	1.081 €
Abastecemento de auga	Autofinanciamento	0,00 €
Saneamento e depuración	Autofinanciamento	0,00 €
Xestión R.S.U.	Autofinanciamento	0,00 €
TOTAL		**7.665 €**

ANOS 6º, 7º, 8º, 9º E 10º

CONCEPTO	RATIO	CUSTO
Mantemento e limpeza do viario	0,86 €/m²	7.286 €
Zonas verdes e espazos libres	0,95 €/m²	3.958 €
Alumeado público	0,146 €/m²	1.845 €
Abastecemento de auga	Autofinanciamento	0,00 €
Saneamento e depuración	Autofinanciamento	0,00 €
Xestión R.S.U.	Autofinanciamento	0,00 €
TOTAL		**13.090 €**

ANOS 11º, 12º, 13º ,14ª E 15º

CONCEPTO	RATIO	CUSTO
Mantemento e limpeza do viario	0,86 €/m²	8.143 €
Zonas verdes e espazos libres	0,95 €/m²	6.829 €
Alumeado público	0,146 €/m²	2.432 €
Abastecemento de auga	Autofinanciamento	0,00 €
Saneamento e depuración	Autofinanciamento	0,00 €
Xestión R.S.U.	Autofinanciamento	0,00 €
TOTAL		**17.404 €**

ANOS 16º, 17º, 18º ,19ª E 20º

CONCEPTO	RATIO	CUSTO
Mantemento e limpeza do viario	0,86 €/m²	8.143 €
Zonas verdes e espazos libres	0,95 €/m²	9.197 €
Alumeado público	0,146 €/m²	2.796 €
Abastecemento de auga	Autofinanciamento	0,00 €
Saneamento e depuración	Autofinanciamento	0,00 €
Xestión R.S.U.	Autofinanciamento	0,00 €
TOTAL		**20.135 €**

O primeiro ano do quinquenio 1 non xera gastos de mantemento xa que se considera que as infraestruturas non estarían rematadas.

4.- CUSTOS ANUAIS DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS E EQUIPAMENTOS PÚBLICOS MUNICIPAIS

Os custos que se calculan neste epígrafe débense ao gasto derivado da inversión municipal en seguridade e benestar social para o cidadán, incluíndo policía, servizos e axudas sociais e os servizos subvencionados.

CUSTOS ANUAIS DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS E EQUIPAMENTOS PÚBLICOS MUNICIPAIS

ANOS 2º, 3º, 4º E 5º

CONCEPTO	RATIO	CUSTO
Seguridade e benestar social	17,11 €/hab.	1.050 €
Gastos xerais	60,12 €/hab.	3.688 €
Subvencións	6,83 €/hab.	419 €
Mantemento dos equipamentos municipais	152,97 €/hab.	9.384 €
TOTAL		**14.540 €**

ANOS 6º, 7º , 8º , 9º E 10º

CONCEPTO	RATIO	CUSTO
Seguridade e benestar social	17,11 €/hab.	1.679 €
Gastos xerais	60,12 €/hab.	5.901 €
Subvencións	6,83 €/hab.	670 €
Mantemento dos equipamentos municipais	152,97 €/hab.	15.014 €
TOTAL		**23.264 €**

ANOS 11º, 12º, 13º,14º E 15º

CONCEPTO	RATIO	CUSTO
Seguridade e benestar social	17,11 €/hab.	2.519 €
Gastos xerais	60,12 €/hab.	8.851 €
Subvencións	6,83 €/hab.	1.006 €
Mantemento dos equipamentos municipais	152,97 €/hab.	22.521 €
TOTAL		**34897 €**

ANOS 16º, 17º, 18º,19º E 20º

CONCEPTO	RATIO	CUSTO
Seguridade e benestar social	17,11 €/hab.	3.249 €
Gastos xerais	60,12 €/hab.	11.417 €
Subvencións	6,83 €/hab.	1.297 €
Mantemento dos equipamentos municipais	152,97 €/hab.	29.049 €
TOTAL		**45.012 €**

O primeiro ano do quinquenio 1 non xera gastos de prestacións de servizos e equipamentos públicos xa que se considera que as infraestruturas non estarían rematadas.

5.- CÁLCULO DOS INGRESOS DO CONCELLO ORIXINADOS POLO DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO DO ÁMBITO

Como en epígrafes anteriores diferenciaremos uns ingresos iniciais para cada quinquenio, que se corresponden coas hipóteses do desenvolvemento urbanístico e arquitectónico integral dos ámbitos determinados en cada un, e uns ingresos anuais nos sucesivos. Para cuantificar ditos valores consideraremos os factores que interveñen de forma máis significativa a raíz do desenvolvemento urbanístico do sector que se reflicten nas táboas que se presentan a continuación.

Os datos obtéñense cos valores dos impostos e taxas facilitadas polo Concello de Vilmartín.
En canto aos ingresos derivados do deber de cesión dos propietarios, destacar que a cesión ao Concello é do 10% do aproveitamento tipo, pero de cara a simplificar a hipótese económica, calcúlase o 10% da edificabilidade sen homoxeneizar, cun valor medio de repercusión de 60 €/m².

Por outra banda, os ingresos por licenzas obtéñense aplicando ditas taxas ao número de licenzas supostas que se pedirían de acordo coa ordenación para os diferentes usos e tipoloxías edificatorias.
En canto aos ingresos derivados do IBI, o valor catastral das construccións calcúlase acordo ao “Real Decreto 1020/1993, de 25 de xuño polo que se aproban as normas técnicas de valoración e o cadro marco de valores do solo e das construccións para determinar o valor catastral dos bens inmobles de natureza urbana”.
Distinguindo entre os ingresos do inicio do desenvolvemento do primeiro año de cada quinquenio, e os ingresos anuais:

INGRESOS INICIAIS QUINQUENIO 1

CONCEPTO	RATIO/TAXA/PORCENTAXE	CUSTO
10% Cesión do aproveitamento	10%	318.480 €
ICIO Licenzas de obra residencial	2,00% P.E.M.	351.954 €
ICIO Licenzas de obra industrial/terciario	2,00% P.E.M.	176.040 €
TOTAL		**846.474 €**

INGRESOS INICIAIS QUINQUENIO 2

CONCEPTO	RATIO/TAXA/PORCENTAXE	CUSTO
10% Cesión do aproveitamento	10%	586.136 €
ICIO Licenzas de obra residencial	2,00% P.E.M.	412.662 €
ICIO Licenzas de obra industrial/terciario	2,00% P.E.M.	342.516 €
TOTAL		**1.341.314 €**

INGRESOS INICIAIS QUINQUENIO 3

CONCEPTO	RATIO/TAXA/PORCENTAXE	CUSTO
10% Cesión do aproveitamento	10%	148.118 €
ICIO Licenzas de obra residencial	2,00% P.E.M.	298.290 €
ICIO Licenzas de obra industrial/terciario	2,00% P.E.M.	95.118 €
TOTAL		**541.526 €**

INGRESOS INICIAIS QUINQUENIO 4

CONCEPTO	RATIO/TAXA/PORCENTAXE	CUSTO
10% Cesión do aproveitamento	10% 60 €/m²	0 €
ICIO Licenzas de obra residencial	2,00% P.E.M.	266.490 €
ICIO Licenzas de obra industrial/terciario	2,00% P.E.M.	0,00 €
TOTAL		**266.490 €**

INGRESOS ANUAIS

CONCEPTO	IMPORTE ACTUAL	RATIO POR HABITANTE
Impostos directos	423.989 €	190,81 €/hab
Impostos indirectos	36.126 €	16,26 €/hab
Taxas e outros ingresos	173.907 €	78,27 €/hab
TOTAL	**634.022 €**	**285,34 €/hab**

6.- IMPACTO SOBRE A FACENDA LOCAL

Como resultado dos cálculos anteriores, para analizar o impacto sobre a facenda local, realizaremos un balance considerando o saldo de cada ano como a diferencia dos ingresos menos os gastos.

Como algúns ingresos teñen carácter anual e outros presentan un único cobro, realízase unha estimación temporal (sen ter en conta efectos inflacionistas) de dita progresión.

O resumo de resultados do primeiro quinquenio móstrase nas táboas que figuran a continuación:

1º ANO SALDO CONCELLO

	INGRESOS	GASTOS	SALDO	FLUXO DE CAIXA
	169.295 €	51.444 €		
	14.003 €			
TOTAIS	183.298 €	51.444 €	131.854 €	**131.854 €**

2º ANO SALDO CONCELLO

	INGRESOS	GASTOS	SALDO	FLUXO DE CAIXA
	169.295 €	51.444 €		
	14.003 €	22.205 €		
TOTAIS	183.298 €	73.649 €	109.649 €	**241.503 €**

3º ANO SALDO CONCELLO

	INGRESOS	GASTOS	SALDO	FLUXO DE CAIXA
	169.295 €	51.444 €		
	14.003 €	22.205 €		
TOTAIS	183.298 €	73.649 €	109.649 €	**351.152 €**

4º ANO SALDO CONCELLO

	INGRESOS	GASTOS	SALDO	FLUXO DE CAIXA
	169.295 €	51.444 €		
	14.003 €	22.205 €		
TOTAIS	183.298 €	73.649 €	109.649 €	**460.801 €**

5º ANO SALDO CONCELLO

	INGRESOS	GASTOS	SALDO	FLUXO DE CAIXA
	169.295 €	51.444 €		
	14.003 €	22.205 €		
TOTAIS	183.298 €	73.649 €	109.649 €	**570.450 €**

O resumo de resultados do segundo quinquenio móstrase nas táboas que figuran a continuación:

6º ANO SALDO CONCELLO

	INGRESOS	GASTOS	SALDO	FLUXO DE CAIXA
	268.263 €	56.102 €		
	28.006 €	36.354 €		
TOTAIS	296.269 €	92.457 €	203.812 €	**774.263 €**

7º ANO SALDO CONCELLO

	INGRESOS	GASTOS	SALDO	FLUXO DE CAIXA
	268.263 €	56.102 €		
	28.006 €	36.354 €		
TOTAIS	296.269 €	92.457 €	203.812 €	**978.075 €**

8º ANO SALDO CONCELLO

	INGRESOS	GASTOS	SALDO	FLUXO DE CAIXA
	268.263 €	56.102 €		
	28.006 €	36.354 €		
TOTAIS	296.269 €	92.457 €	203.812 €	**1.181.887 €**

9º ANO SALDO CONCELLO

	INGRESOS	GASTOS	SALDO	FLUXO DE CAIXA
	268.263 €	56.102 €		
	28.006 €	36.354 €		
TOTAIS	296.269 €	92.457 €	203.812 €	**1.385.699 €**

10º ANO SALDO CONCELLO

	INGRESOS	GASTOS	SALDO	FLUXO DE CAIXA
	268.263 €	56.102 €		
	28.006 €	36.354 €		
TOTAIS	296.269 €	92.457 €	203.812 €	**1.589.511 €**

O resumo de resultados do terceiro quinquenio móstrase nas táboas que figuran a continuación:

11º ANO SALDO CONCELLO

	INGRESOS	GASTOS	SALDO	FLUXO DE CAIXA
	108.305 €	87.241 €		
	42.009 €	52.301 €		
TOTAIS	150.314 €	139.542 €	10.772 €	**1.600.284 €**

12º ANO SALDO CONCELLO

	INGRESOS	GASTOS	SALDO	FLUXO DE CAIXA
	108.305 €	87.241 €		
	42.009 €	52.301 €		
TOTAIS	150.314 €	139.542 €	10.772 €	**1.611.056 €**

13º ANO SALDO CONCELLO

	INGRESOS	GASTOS	SALDO	FLUXO DE CAIXA
	108.305 €	87.241 €		
	42.009 €	52.301 €		
TOTAIS	150.314 €	139.542 €	10.772 €	**1.621.829 €**

14º ANO SALDO CONCELLO

	INGRESOS	GASTOS	SALDO	FLUXO DE CAIXA
	108.305 €	87.241 €		
	42.009 €	52.301 €		
TOTAIS	150.314 €	139.542 €	10.772 €	**1.632.601 €**

15º ANO SALDO CONCELLO

	INGRESOS	GASTOS	SALDO	FLUXO DE CAIXA
	108.305 €	87.241 €		
	42.009 €	52.301 €		
TOTAIS	150.314 €	139.542 €	10.772 €	**1.643.373 €**

O resumo de resultados do cuarto quinquenio móstrase nas táboas que figuran a continuación:

16º ANO SALDO CONCELLO

	INGRESOS	GASTOS	SALDO	FLUXO DE CAIXA
	53.298 €	82.583 €		
	54.186 €	65.147 €		
TOTAIS	107.484 €	147.730 €	-40.246 €	**1.603.127 €**

17º ANO SALDO CONCELLO

	INGRESOS	GASTOS	SALDO	FLUXO DE CAIXA
	53.298 €	82.583 €		
	54.186 €	65.147 €		
TOTAIS	107.484 €	147.730 €	-40.246 €	**1.562.881 €**

18º ANO SALDO CONCELLO

	INGRESOS	GASTOS	SALDO	FLUXO DE CAIXA
	53.298 €	82.583 €		
	54.186 €	65.147 €		
TOTAIS	107.484 €	147.730 €	-40.246 €	**1.522.634 €**

19º ANO SALDO CONCELLO

	INGRESOS	GASTOS	SALDO	FLUXO DE CAIXA
	53.298 €	82.583 €		
	54.186 €	65.147 €		
TOTAIS	107.484 €	147.730 €	-40.246 €	**1.482.388 €**

20º ANO SALDO CONCELLO

	INGRESOS	GASTOS	SALDO	FLUXO DE CAIXA
	53.298 €	82.583 €		
	54.186 €	65.147 €		
TOTAIS	107.484 €	147.730 €	-40.246 €	**1.442.142 €**

A ordenación municipal que presenta o Plan Xeral para o municipio de Vilamartín é economicamente sostible, con fluxo de caixa positivo para o horizonte de vixencia do mesmo.

7.- SUFICIENCIA E ADECUACIÓN DOS USOS PRODUCTIVOS E COMERCIAIS NO PXOM DE VILAMARTÍN

O PXOM de Vilamartín contempla un ámbito para a regularización das actividades industriais e comerciais existentes, o S-02, un para a ubicación de usos terciarios, S-03, fundamentalmente hoteleiros, e o S-01, en previsión de futuro, para a ubicación de usos industriais, creando un parque empresarial de carácter municipal. As superficies destes ámbitos son as seguintes:

Sector	Ubicación	Sup total delimit. m^2	Uso	Aprov. m^2/m^2	Densidad (viv/Ha)	Sup. edific. total m^2
S-01	A Sobreira	86.494 m^2	Industrial	0,66	0	57.086 m^2
S-02	Arcos	44.468 m^2	Industrial	0,66	0	29.349 m^2
S-03	Paladium	52.842 m^2	Terciario (hoteleiro e hostaleiro)	0,30	0	15.853 m^2
total		**183.804**				**102.288 m^2**

Do primeiro ámbito, SUD-01, compre indicar que no punto 3.3.1.3. apórtase unha ampla xustificación da adecuación da delimitación superficial á demanda de solo. A este respecto haberá ademais que engadir que o concello de Vilamartín está a inscribir esta iniciativa nunha estratexia conxunta que aproveita a súa proximidade ás cabeceiras comarcais do Barco de Valdeorras e a Rúa e ó eixo que se vincula á estrada N-120, para atraer novos residentes a través dunha oferta de actividade e residencia, nun contorno medioambiental de calidade e coas vantaxes comparativas de habitar no contorno próximo do polo central da cidade difusa do sur de Galicia, cun prezo de solo axeitado.

A inexistencia ata agora, de solo apto para implantacións destas características motivou por unha banda a fuxida de potenciais usuarios cara a outros concellos de menor centralidade cando non fora da comarca urbana, e pola outra ó desorde na implantación de actividades industriais de pequeno tamaño, ó non dispor de solo axeitado no que implantarse.

Así, a necesidade deste solo ven avalada pola actividade que ata a data se ven desenvolvendo na Comarca, e tamén polo mantemento da actividade en pequenas naves en ámbitos rurais do contorno dos núcleos de poboación, moitas delas á marxe da legalidade, pola falta de solo convintemente dotado.

O número de empresas non instaladas no concello ante a falla de solo dispoñible no termo municipal é difícil de cuantificar. De todo os xeitos e á marxe dos polígonos existentes no contorno algunhas tiveron que instalarse nos concellos veciños que dispoñían de solo industrial.

Dos restantes sectores o segundo, S-02, atopa xustificada a súa clasificación en base á existencia dunhas instalacións previas pertencentes a varias empresas que é necesario regularizar para que poidan seguir o seu proceso de expansión. Ó respecto deste ámbito compre indicar que o no conxunto do solo productivo non resulta significativo o aporte realizado por este sector.

O terceiro ámbito, o S-03, plantéxase para usos terciarios, fundamentalmente hoteleiros. A necesidade de regularizar unhas instalacións de hostalería, de referencia comarcal, así como prever a súa posible ampliación para pasar ó sector hoteleiro, é unha necesidade a día de hoxe para o municipio de Vilamartín.

Vilamartín de Valdeorras

Isidro López Yáñez
Arquitecto do equipo redactor do PXOM

ANEXO II: INFORME PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL

INFORME PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VILAMARTÍN DE VALDEORRAS (OURENSE).

O Concello de Vilamartín de Valdeorras remite o Plan xeral de ordenación municipal solicitando informe previo á aprobación inicial, conforme ao disposto no artigo 85.1 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG).

I. ANTECEDENTES.

O Concello do Vilamartín de Valdeorras dispón na actualidade dunha Delimitación de solo urbano, aprobada definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo o 09/05/95.

Con data 18/10/05, a CPTOPT ditou Orde pola que se resolveu denegar a aprobación definitiva do PXOM do Concello de Vilamartín de Valdeorras, de conformidade co disposto no art. 85.7.c da LOUG.

Ao abeiro do disposto no art. 85.1 da LOUG, o 27/03/08 a Dirección Xeral de Urbanismo emite informe previo á aprobación inicial dun novo PXOM redactado por "Servicat. S.L" en decembro 06; visto presentaba, no fundamental, as deficiencias detectadas na Orde do 18/10/05, o Concello contrata un novo equipo redactor para elaborar un novo Plan, que agora se somete a este informe.

Con data 15/12/10, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental emite o Documento de referencia para a Avaliación Ambiental Estratéxica, que substitúe ao inicialmente emitido o 17/04/08.

II. INFORME.

Logo de analizar a documentación que integra o PXOM redactado por "Estudio Técnico Gallego. S.A", con data marzo 2011, e visto o informe subscrito pola Subdirección Xeral de Urbanismo, cómpre sinalar:

II.1. CONSIDERACIÓNS SOBRE O MODELO TERRITORIAL E A ESTRUTURA XERAL E ORGÁNICA.

II.1.1. O modelo de ordenación.

1. Deberanse acreditar as necesidades do solo industrial que xustifiquen a entidade de solo urbanizable clasificado, de acordo cos principios de racionalidade e sostibilidade que demandan os art. 4 e art. 52 da LOUG, e a determinación 3.2 das DOT.
2. Non consta alusión á autovía A-76 na memoria e normativa do PXOM, ao abeiro do establecido no artigo 10.3 da Lei 25/1988, do 29 de xullo, de estradas. Cómpre xustificar a inclusión do seu trazado no plan, por canto non se achegan datos sobre o estado de tramitación do estudo informativo.

II.1.2. Dotacións urbanísticas.

1. Para os efectos de establecer as reservas ás que obriga o art. 47.1 da LOUG, cómpre corrixir o cálculo da capacidade residencial do PXOM, considerando as seguintes cuestións:
   - Deberán xustificarse as discrepancias entre a capacidade residencial do solo de núcleo rural e a superficie edificada existente total segundo a ordenación proposta, que recollen as táboas de capacidade máxima residencial.
   - A capacidade residencial do solo urbano consolidado no cómputo de sistemas xerais (139.950 m^2) deberá corresponderse coa máxima estimada no plan para esta clase de solo (317.437 m^2).

2. En aplicación dos artigos 47 e 165 da LOUG, os sistemas xerais en ningún caso poderán ser de titularidade privada, polo que débense excluír as dotacións SAX-01 e SAX-02 do cómputo do cálculo do cumprimento de estándares de reservas mínimas establecidas no art. 47.1 da LOUG.

3. O espazo libre ELX-04, semella non cumprir a función propia de sistema xeral, pola súa forma e dimensión, non podendo computarse aos efectos do art. 47.1 da LOUG. Asemade, nos sistemas xerais

ZVX-03, ZVX-06, e ZVX-04, de existir beiras inundables nas que resulte imposible o seu uso público, estas deberán descontarse do cómputo.

4. De conformidade co art. 47.3 da LOUG, resultaría máis coherente o emprazamento dos novos sistemas xerais de zonas verdes, de modo que se integren no tramado urbanístico existente do asentamentos de Vilamartín e Valdegodos, resolvendo o déficit actual destes espazos.

5. Na xustificación da suficiencia das infraestruturas deberán cuantificarse as demandas previstas dos novos desenvolvementos urbanísticos, así como xustificar o seu correcto tratamento respecto a suficiencia ou necesidade de ETAP.

6. Non se inclúe a reserva de solo para o depósito e recollida de residuos procedentes da actividade agrogandeira que se cita no Informe de Sustentabilidade Ambiental (ISA, apartados 6.3.7, 6.3.13 e 8).

7. Cómpre xustificar o equipamento deportivo DPL-11, atravesado por unha liña de alta tensión.

8. As instalacións necesarias para o servizo das infraestruturas deberán vir identificados, segundo os casos, como sistema xeral ou local de equipamentos de servizos urbanísticos.

9. Consonte ao ISA (apartados 4.12, 6.3.12, e 6.3.11) resultan deficientes a calidade e suficiencia das redes das infraestrutura de saneamento e abastecemento de auga, o que resulta contraditorio coas conclusións expostas na memoria de ordenación (apartado 2.13.2) asemade, o consumo medio estimado non ten correspondencia cos criterios de dimensionado que establece a normativa do PXOM (art. 7.2.5 e 7.2.6).

10. Cómpre corrixir as discrepancias detectadas nas dotacións entre a documentación gráfica e escrita no apartado 3.3.2 da memoria de ordenación do PXOM: O ZVX-06 da memoria, aparece identificado nos planos coma ELX-05; o DPX-01 como DPX-01 e DPX-02; e o DPX-02 como DPX-03.

11. Os sistemas xerais propostos CEX-02 e SRX-02, cemiterio e punto limpo respectivamente, en aplicación do art. 4.2.5 da normativa do PXOM, resultan usos prohibidos; así como o sistema xeral proposto ZVX-05, localizado na área de respecto de xacementos arqueolóxicos.

II.2. CLASIFICACIÓN E DETERMINACIÓNS DO SOLO.

II.2.1. Clasificación e determinacións do solo urbano.

1. Non queda acreditado que nas parcelas de ordenanza Zona 4, ao oeste da rúa da Magdalena sen fronte a vía pública e no extremo leste da estrada Sacerdote, non incluídas na actual delimitación de solo urbano, se dean os requisitos que, conforme ao artigo 11 da LOUG, determina a clasificación como solo urbano, no que respecta á suficiente dotación de servizos, consolidación pola edificación e inclusión nunha malla urbana existente:

2. A área fóra da delimitación do solo urbano vixente, de ordenanza Zona 4, ao nordeste do solo urbano de Vilamartín, de recente urbanización xurdida ao marxe do planeamento, debe ter a categoría de solo urbano non consolidado ao abeiro do disposto no art. 12.b) da LOUG.

3. Debe revisarse a delimitación do solo urbano non consolidado P-01, para abranguer as parcelas necesarias para resolver o acceso ao polígono, así como as localizadas ao leste de ordenanza Zona 4, sen fronte o viario público. A parcela VPP, está excluída do ámbito o que deberá corrixirse.

4. No ámbito de solo urbano non consolidado P-02, debe incluírse na delimitación o novo acceso localizado ao oeste do ámbito.

5. Tendo en conta a avaliación de riscos que recolle o artigo 4.3 do ISA, e o Documento de avaliación preliminar do risco de inundación e identificación das áreas con risco potencial significativo de inundación, do Ministerio de Medio Ambiente, deberá xustificarse o cumprimento do art. 104.f da LOUG, nas zonas urbanas atravesadas por cursos fluviais ou localizadas nas proximidades deles.

6. En cumprimento dos artigos 46.1 e 48 da LOUG, observáronse certas disfuncións que cómpre aclarar axeitadamente, ou no seu caso, emendar:
   - Non resulta admisible a altura proposta en relación ao largo do viario para as edificacións de ordenanza Zona 1 con fronte a rúa do Dr. Folla Respiño; e a calella ao leste desta.
   - A regulación de corpos voados, debe garantir as correctas condicións de ventilación e iluminación, cómpre establecer limitacións para vías excesivamente estreitas.
   - A separación entre bloques da ordenanza Zona 2, debe ser coherente coas condicións de vivenda exterior que regula o art. 6.7.2 da normativa do Plan.
   - A ordenanza Zona 1, residencial colectiva en mazá pechada, ao suroeste da calle Miguel Cervantes, non resulta coherente co tramado urbanístico existente, por canto a maioría das edificacións consolidadas teñen fachadas aos frontes laterais.
   - Ao obxecto resolver o entronque coa ordenanza de Zona 5, e evitar a situación de fóra de ordenación absoluta, cómpre incluír como uso compatible o residencial clase A nas ordenanzas de Zona 1, e Zona 2, onde a vivenda colectiva coexiste con tipoloxía tradicional dunha única vivenda.
   - Os usos industriais de categoría C e D, non resultan compatibles coa ordenanza Zona 4, residencial unifamiliar illada ou pareada.
7. Segundo os artigos 55.2, 123.1, e 127.2 da LOUG, a delimitación dos polígonos e a elección do sistema de actuación son determinacións que deben estar contidas no planeamento que conteña a ordenación detallada do ámbito.

II.2.2. Clasificación e determinacións do solo urbanizable.

1. O ámbito de solo urbanizable S-01, invade zonas que pola súa alta produtividade agrícola deben clasificarse como solo rústico de especial protección agropecuaria (artigos 14,15 e 32.2.a) da LOUG).
2. Cómpre xustificar a inclusión da residencia de anciáns existente no sector de solo urbanizable S-01, por canto resulta un uso incompatible co industrial.
3. No caso de que se xustifique a necesidade de solo urbanizable, o PXOM deberá incorporar a totalidade das determinacións previstas no art. 57.c) e 57.d) da LOUG.

II.2.3. Clasificación e determinacións do solo de núcleo rural.

1. Co criterio de regularizar as edificacións periféricas, a delimitación proposta para a parte común dos núcleos de Corgomo, Correxais, Carballal, Valencia do Sil, a zona sur de Arcos e Valdegodos, obedece á presenza de calquera tipo de edificación. Ao abeiro do art.13 da LOUG e da determinación 3.1.10 das DOT, deben revisarse estas delimitacións, que deberán axustarse ás pegadas físicas naturais existentes, consolidando a edificación nas vías internas dos núcleos, evitando crecementos lineais, excluíndo as bolsas de terreos desligadas dos asentamentos orixinarios, e as áreas vacantes de edificación sitas na periferia e para as que non se xustifican as necesidades de crecemento en base á demanda previsible de uso residencial.
2. Deberán verificarse as delimitacións da parte común dos seguintes núcleos co fin de dar cumprimento a consolidación mínima establecida no art. 13.3.b) da LOUG: Arcos, Arnado, Correxais, Valencia do Sil e Valdegodos. O cálculo debe referirse á proporción entre o número de parcelas edificadas e o número de parcelas edificables, expresado en porcentaxe para cada ámbito concreto de estudo, considerando a ordenación proposta e as posibles segregacións ou agregacións. A tal efecto, os criterios que segue esta Secretaria veñen recollidos na Instrución 4/2011, do 12 de Abril, sobre a metodoloxía de cálculo da consolidación edificatoria na delimitación do solo de núcleo rural (DOG 11/05/2011).

3. Ao abeiro do art. 28 da LOUG, os uso industrial categoría C, e o uso agropecuario grado 1.a) para actividade gandeira non resultan compatibles coa ordenanza de núcleo rural.

4. O uso compatible servizos urbanos categoría 4, debe limitarse á ampliación de cemiterios existentes, e o uso compatible dotacional, debe limitarse a edificio exclusivo.

II.2.4. Clasificación e determinacións do solo de rústico.

1. De conformidade co art. 32.2.d) da LOUG, deben clasificarse como solo rústico de protección de augas os terreos con risco de inundación e os cursos de auga, ata a zona de policía, habendo de xustificarse a redución da devandita franxa por debaixo dos 100 metros, en especial nos casos das áreas vacantes dos seguintes núcleos: Arnado, San Miguel de Outeiro, Valencia do Sil, Santiago.

2. En aplicación do art. 32.2.f), debe clasificarse como solo rústico de protección de espazos naturais, o Humidal do Encoro de Santiago, delimitado como espazo natural no plano de información I-10, así como tódolos terreos comprendidos na delimitación dos espazos naturais das Normas Subsidiarias e Complementarias de Planeamento Provincial; nº 8, Encoro de San Martiño e nº 16, Serras de Cereixidos, dos Cabalos, da Enciña da Lastra e Montes de Oulego, agás que se xustifique o reaxuste das delimitación do seu perímetro de conformidade co expresado no art. 28 desas Normas.

3. Sen prexuízo da súa clasificación simultánea con outras categorías de solo rústico, segundo o disposto no art. 32.2.a) deben incluírse na categoría de solo rústico de protección agropecuaria, os terreos localizados ao sur do río Sil, de alta produtividade agrícola ou gandeira.

4. Deben ser clasificadas como solo rústico especialmente protexido para zonas de interese patrimonial, artístico ou histórico (artigo 32.2.h) da LOUG) os elementos arquitectónicos situados en solo rústico.

II.3. NORMATIVA.

1. Deberá revisarse a redacción dos seguintes apartados da normativa, cuxa transcrición non resulta correcta, ou non se axusta á nova redacción dos artigos respectivos da LOUG logo das modificacións introducidas polas Leis 15/2004, 2/2010 e 15/2010: art. 2.2.8_2d), (72.3 LOUG); art. 3.2.1_1a), (11.1a) LOUG); art. 3.3.3, (24.3 LOUG); Art. 3.4.7._1, (62.2 LOUG); art. 3.5.5, art. 3.5.6, e art. 3.5.7, (32.2 LOUG); art. 7.1.24, (219.1 LOUG); art.11.3.2 e art. 11.3.3, (37.2 LOUG); art. 11.3.11_2 (45.2 LOUG).

2. Os supostos indemnizatorios do art. 2.2.2 deberán referirse aos previstos nas leis.

3. No art. 2.2.10 da normativa, cómpre incluír no contido do deber de conservación o establecido no art. 199.3 da LOUG de adaptación ao contorno; non se pode eximir deste deber as edificacións en situación de fóra de ordenación absoluta, nos termos do art.103.2 da citada lei.

4. A clasificación de solo rústico de protección de infraestruturas abrangue ata a liña límite de edificación, e non só a zona de servidume como figura no art. 3.6.5 da normativa. Respecto aos estudios dos niveis acústicos previos a licenza de edificación que se citan neste artigo, debe remitise ao disposto na normativa de aplicación.

5. Deberanse aclarar os sistemas de obtención de dotacións locais, establecida no art. 3.6.9_2 ao abeiro do disposto no art. 167.1 da LOUG.

6. Resulta confusa a regulación dos artigos 4.3.3, 4.3.4 e 4.3.5 sobre a inclusión nos instrumentos de planeamento do estudio de incidencia ambiental, por canto semella referirse ás licencias de actividade, ademais, a súa regulación debe ser coherente cos procedementos regrados de avaliación ambiental que recolle a propia lexislación sectorial.

7. No capítulo dedicado a protección do patrimonio non se recolle a regulación específica da protección non integral dos bens arqueolóxicos; e agás determinacións específicas para o patrimonio arqueolóxico, non figura recollida a regulación do solo rústico de protección do patrimonio.

8. No art. 5.2.3, a normativa de vivenda protexida debe aplicarse integramente, non só de maneira supletoria respecto a normativa do PXOM.

9. Debe concretarse a pormenorización do uso global industrial establecida no artigo 5.3.3.

10. A excepcionalidade do art. 6.4.7 para o uso na vivenda unifamiliar incumpre o artigo 48.1 da LOUG.

11. As obras descritas no primeiro paragrafo do art. 7.1.3 non poden ser consideradas obras menores de conformidade co artigo 195.3 da LOUG.

12. Nas condicións de edificación, sería recomendable equiparar a limitación de superficie e volume máximo do art. 9.2.6_1e da normativa, coas superficie máxima establecida para os usos complementarios recollidos no art. 9.2.3.

13. No art. 8.3.3, o recuamento para a ordenanza Zona 2 é opcional respecto á aliñación oficial e non fixa máximos; pola contra o art. 8.3.2 establece condicións vinculantes para a aliñación.

14. De conformidade co art. 73 da LOUG, non é función dos estudios de detalle establecer condicións de cesión de solos, a tal efecto, debe corrixirse o art. 8.3.2 da normativa.

15. Segundo o art. 11.3.4, resulta de aplicación o réxime de solo rústico de protección de augas a toda a zona de policía, en contradición cos planos de clasificación onde figura reducida a devandita franxa.

16. Deberá revisarse os artigos 5.5.8_3 ,6.10.2 , 6.10.3, 6.9.10 ,6.9.11 en relación ao cumprimento do Decreto 35/2000, de accesibilidade. Debe recollerse expresamente os criterios básicos que establece o citado decreto, respecto a accesibilidade en espazos de uso público de nova creación, de conformidade co seu art.12.1, e harmonizar as determinacións da normativa coa Orden VIV/561/2010, do 1 de febreiro, de accesibilidade.

17. Erros: o art. 1.1.10 aparece duplicado no art. 2.1.4; o art. 2.3.4 contén unha referencia ás anteriores NNSS; nos artigos 5.7.6, 5.7.7, 5.7.8, 5.7.9, 5.7.10 e 5.7.16 deben corrixirse as referencias ao artigo inexistente 11.2.10; cómpre corrixir os artigos 3.2.5 e 6.2.4, por canto o PXOM non inclúe a ordenación detallada dos ámbitos de solo urbano non consolidado; o art. 3.6.10 contén por erro unha referencia ao solo rústico apto para urbanizar; en contradición co establecido no art. 3.4.4_3, o PXOM non adscribe sistemas xerais a sectores de solo urbanizable; a denominación da zona de afección dos bens arquitectónicos nos art. 4.1.3_b) e art. 4.2.5_6 é distinta; eliminar a referencia ao RAMINP do art. 5.2.2; non hai correspondencia entre o art. 5.6.3 e o art. 11.3.11_4 respecto ás distancias mínimas das explotacións aos asentamentos existentes; o art. 5.7.8 recolle alturas máximas en rústico duplicadas e contraditorias; non coincide a denominación da ordenanza de zona 3, art. 8.4.1, ca lenda do plano de cualificación do solo urbano; o título do art. 8.6.1 non é correcto; non é correcta a remisión ao artigo da LOUG no art. 7.1.1_6; Non figura recollida na normativa urbanística a categoría salas de reunión grao 1º, uso complementario da ordenanza de solo de núcleo rural.

II.4. ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN E ESTUDO ECONÓMICO.

Cómpre corrixir as contradicións existentes entre o apartado 3.3.2.4 da memoria de ordenación e o estudo económico, respecto a titularidade das dotacións ZVX-06, ZVL-01a), e ZVL-01 b), que figuran na memoria como parcelas municipais e se inclúe o custo de obtención na avaliación económica.

II.5. CUESTIÓNS DE ÍNDOLE DOCUMENTAL.

1. Cómpre completar o mapa de riscos naturais recollido no ISA, canto menos no tocante aos riscos naturais e tecnolóxicos que menciona o propio ISA.

2. Non figuran delimitadas as zonas susceptibles de recibir políticas de restauración ecolóxica, segundo establece o ISA (apartado 6.2.7), en especial as zonas de escombreiras de residuos de lousa e zonas de restauración forestal.

3. Nas fichas dos ámbitos de solo urbano non consolidado, debe aclararse cales son as prazas de aparcadoiro de dominio público, e incorporar a determinación das alturas máximas tal como establece o artigo 55.2 da LOUG.
4. Nas fichas dos ámbitos de solo urbanizable, figura un cadro baleiro de sistemas xerais e locais, para evitar confusións, debe conter a remisión ao art. 47 da LOUG, ou ben suprimilo.
5. No modelo de asentamento poboacional o núcleo de Santa Marta, aparece identificado como núcleo rural común no plano 04.01 e como núcleo histórico tradicional no plano 04.03.
6. Os hórreos tradicionais deberán vir identificados na cartografía do Plan, segundo disposto no art. 75 da LOUG. O catálogo deberá conter unha ficha individualizada para cada un destes elementos.
7. Consonte coas consideracións do Documento de Referencia e o art. 53.1g) da LOUG, deberán delimitarse as concas de interese paisaxístico, e establecer as medidas necesarias para a súa protección e conservación, ou de ser o caso xustificar a súa inexistencia.
8. Segundo se cita no apartado 10 do ISA, existen roteiros verdes que non se incorporan o plan.
9. De existir, deben achegarse planos de información das superficies afectadas por incendios forestais a partir da entrada en vigor da LOUG ou nos cinco anos anteriores (o plano I-12 soamente recolle os incendios dos últimos 5 anos) os montes públicos de utilidade pública e as zonas inundables dos cursos fluviais, precisos para xustificar o cumprimento do artigo 32.2 b) e d) e do art. 104 da LOUG.

   O PXOM haberá de conter os planos de subministración de enerxía eléctrica no solo urbano, e trazado fundamental destas redes nos sectores de solo urbanizable.

   Ao obxecto de xustificar o disposto no art.11.a da LOUG identificarase cales das redes e instalacións son públicas nos planos de información dos servizos de saneamento e abastecemento de auga.
10. Deberá recollerse nos planos de ordenación a liña límite de edificación das afeccións de estradas e liña do ferrocarril e identificarse correctamente na lenda.

    No plano de cualificación do solo urbano, nalgúns quinteiros da zona 2, non se recolle a altura máxima permitida. Suprimir da lenda a alusión a unidades de reparcelación obligatoria.

    A terminoloxía empregada na lenda dos planos de ordenación e clasificación, e do catálogo para as proteccións dos restos arqueolóxicos, non ten correspondencia coa do art. 4.1.1 da normativa.

    Segundo a normativa do PXOM, aos contornos de protección dos bens arquitectónicos en solo rústico, lles corresponde a categoría de solo rústico de protección do patrimonio, o que debe reflectirse correctamente no Plan.

II.6. TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE.

Na tramitación do expediente, solicitaranse todos os informes preceptivos en virtude da normativa sectorial aplicable.

O presente informe emítese ao abeiro do previsto no artigo 85.1 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2011.

A SECRETARIA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO

Mª Encarnación Rivas Díaz

ANEXO III: CUMPRIMENTACIÓN DO INFORME PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL

INFORME DE CUMPRIMENTACIÓN DO INFORME PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL

Con data de 3 de novembro de 2011 a Secretaria Xeral de Urbanismo e Ordenación do Territorio emitiu informe con carácter previo á aprobación inicial do PXOM do concello de Vilamartín.

Nel indicábanse unha serie de xustificacións e modificacións que deberían ser contempladas no documento que se aprobase inicialmente.

A continuación refírense as modificacións realizadas no documento así como a xustificación das que se manteñen.

II.1 CONSIDERACIÓNS SOBRE O MODELO TERRITORIAL E A ESTRUCTURA XERAL E ORGÁNICA

II.1.1. O MODELO DE ORDENACIÓN

1. Solicítase acreditar as necesidades de solo industrial que xustifique a entidade do solo urbanizable.

A este respecto é necesario indicar que no PXOM de Vilamartín plantéxanse dous ámbitos de solo urbanizable de uso industrial, un deles para a regularización das actividades alí existentes e outro para a creación de novo solo.

Así o S-02 presenta unha superficie delimitada de 39.977 m2 para unha edificabilidade de 26.254 m2. Segundo a cartografía dispoñible a día de hoxe, no ámbito están edificados aproximadamente 4.500 m2, o que supón un 17% do total. Analizando o ámbito por parcelas pódese comprobar que as parcelas vinculadas ás edificacións existentes abarcan 17.742 m2, o que supón un 67% do total do ámbito delimitado. Atendendo a estas últimas cifras pode constatarse claramente a consolidación en máis do 50% deste sector, existindo un desfase entre parcela ocupada e superficie edificada. En base a isto, e posto que se trata dun ámbito suficientemente consolidado pola edificación, procede manter a delimitación proposta aínda que reducindo o aproveitamento previsto de 0,66 m2/m2 a 0,50 m2/m2.

Por lo que respecta ó ámbito S-01 compre indicar que se trata dun ámbito con dúas zonas claramente diferenciadas, unha consolidada pola edificación e outra totalmente vacante. A zona consolidada pola edificación ocupa unha superficie total de 25.750 m2 o que supón un 18% do total delimitado (145.642 m2). Aínda así restan un total de 119.892 m2 vacantes o que se considera excesivo para as necesidades municipais.

A este respecto é necesario avaliar a situación do contorno a nivel empresarial. No concello do Barco de Valdeorras estase a desenvolver un Parque Empresarial por Xestur Ourense. Na Rúa o concello está desenvolvendo o seu propio. A realidade destes dous ámbitos non amosa boas expectativas acerca da necesidade de solo empresarial posto que ningún dos dous acada un grao de ocupación elevado. Aínda así varios son os factores que inciden negativamente no consolidación destes ámbitos. No primeiro dos casos, o promovido por Xestur, existe un problema de prezo de parcela e de deseño. Segundo declaracións da Asociación de Empresarios de Valdeorras o prezo do solo unido ó excesivo tamaño das parcelas fixo que nas diferentes puxas que levou a cabo o organismo promotor, a demanda de parcelas fose baixa. Este aspecto repercutiu en que a día de hoxe a ocupación deste solo non supere o 50%.

Isto non quere dicir que non exista necesidade de solo na comarca, como así o explicitan os innumerables escritos e artigos publicados por esta asociación. En datas recentes fructificou a iniciativa de construcción dunha planta de Biomasa para a xeración de enerxía eléctrica que ocupará unha superficie total de 66.000 m2 deste parque empresarial. Esta iniciativa xerará 200 postos de traballo e é un exemplo da oportunidade que para esta comarca supón contar con solo empresarial oportunamente dotado.

O peque empresarial da Rúa, de iniciativa municipal está afectado polas deficientes comunicacións e unha topografía desfavorable. Aínda así o seu grao de ocupación rorlda o 50%.

Con todo isto a Asociación de Empresarios de Valdeorras segue a reclamar solo para actividades empresariais. En base ó anterior o solo que terá éxito deberá partir das premisas de parcelas de tamaño axeitado, escaso custe, boas comunicacións e topografía favorable (a este respecto compre lembrar a necesidade de executar unha ponte sobre o río Sil para acceder ó Parque Empresarial do Barco).

Así o solo plantexado no PXOM na zona da Sobreira (S-01) reúne á perfección estas premisas: é un terreo totalmente cha polo que a súa transformación será moi barata; ten conexión directa coa estrada N-120 co enlace xa executado; a súa dimensión e topografía permite unha parcelación dos terreos en función das necesidades empresariais (fundamentalmente pequena industria).

Aínda así, dada a incerteza existente a día de hoxe sobre a evolución do desenvolvemento urbanístico e empresarial procede reducir o ámbito sobre o inicialmente previsto pasando das 14,5 Ha ás 8,6 Ha, das que como xa se aclarou anteriormente 2,5 están ocupadas.

2. A autovía A-76 está en fase de redacción o estudo informativo, aínda non aprobado. Non obstante é esperable que durante a tramitación do PXOM acade un grao de aprobación máis avanzado. En base a isto optouse pola súa inclusión dende as primeiras fases de redacción

do documento. Así é necesario incluír as súas determinacións tanto na memoria como na normativa.

II.1.2. DOTACIÓNS URBANÍSTICAS

1. Como xa se explica convintemente no PXOM nos concellos rurais de Galicia existe unha enorme dispersión entre as superficies edificadas vinculadas ás vivendas e as realmente destinadas a uso residencial. No ámbito rural é moi común que para unha superficie de uso residencial media de 100 a 150 m2 exista unha importante superficie destinada a outros usos vinculados, como garaxes, alpendres, adegas, cuadras, etc.
Segundo establece a LOUGA no seu artigo 47 os estándares de sistemas xerais de zonas verdes e equipamentos deberán referirse a unha determinada porcentaxe do uso residencial. Tendo en conta a variedade de usos que conflúen nunha vivenda no ámbito rural resulta necesario reflexar claramente a dotación en función do uso residencial, que é que a xera poboación que posteriormente desfrutará deses sistemas xerais.

2. Procede modificar a cualificación das dúas residencias de anciáns pasando do sistema xeral de equipamentos ó local.

3. Procede modificar a cualificación do Espazo Libre ELX-04 pasando sos sistema xeral de zonas verdes ó local.
Por outra banda, consultados os datos do visor de zonas inundables do Ministerio do medio Rural e Mariño (SNCZI, Sistema Nacional de Cartografía de Zonas Inundables) púidose comprobar que no concello de Vilamartín non existen zonas inundables.

4. No que respecta á integración dos sistemas xerais previstos compre informar que este se ubican vinculados a outros existentes. Tal e como se pode apreciar no deseño destas ubicacións as zonas verdes plantéxanse como extensión da área recreativa do Bañadoiro, atopándose tamén nesta zona o campo de fútbol, a piscina municipal, o polideportivo e o centro de formación ocupacional. Por outra banda esta zona tan so se atopa a 500 do centro urbano de Vilamartín, considerándose unha distancia totalmente asequible.

5. Procede incorporar a capacidade da ETAP nos cálculos da suficiencia dos servizos urbanísticos existentes.

6. Procede incluír unha reserva de depósito de residuos da actividade agrícola no punto limpo que se executará.

7. Procede modificar a ubicación do equipamento DPL-11 axustándoo á realidade preexistente que o ubica na parcela contigua, non afectada pola liña eléctrica.

8. Procede modificar a normativa en concordancia co indicado nos planos de clasificación identificando os servizos urbanísticos como dotacións integrantes do sistema xeral ou local de infraestructuras.

9. Procede modificar o ISA incorporando os datos da memoria do PXOM nos que se acalara a suficiencia do servizo de abastecemento e saneamento municipal. Procede, por outra banda, modificar os diferentes apartados da normativa e memoria de maneira que sexan coherentes os datos dos diferentes apartados.

10. Procede modificar as incongruencias detectadas nas diferentes dotacións.

11. Procede modificar a normativa de cara a viabilizar a execución das dotacións de cemiterio, punto limpo e novo parque municipais.

II.2. CLASIFICACIÓN E DETERMINACIÓNS DO SOLO

II.2.1. CLASIFICACIÓN E DETERMINACIÓNS EN SOLO URBANO

1. Procede excluír da delimitación do solo urbano consolidado as parcelas situadas ó oeste da rúa Magdalena que non contan con acceso rodado por vía pública. Por outro lado, as parcelas no extremo leste da rúa Sacerdote Manuel Pérez conta cos mesmos servizos que as inmediatamente contiguas e están totalmente integradas na malla urbana coa recente execución da zona verde ZVI-11b polo que procede mantelas dentro da delimitación do solo urbano.

2. Procede incluír a zona de recente urbanización xurdida á marxe do planeamento ó norte do solo urbano de Vilamartín, dentro da cualificación do solo urbano non consolidado.

3. Procede ampliar a delimitación do ámbito de solo urbano non consolidado P-01 ata englobar as parcelas necesarias para resolver o acceso ó polígono. Por outra banda a parcela destinada a VPP é de titularidade municipal, existindo a día de hoxe un convenio coa entidade Urbaourense (da Deputación de Ourense) para levar a cabo nela vivendas protexidas. Por outra banda conta coa totalidade dos servizos urbanísticos como para poder considerala como solo urbano consolidado.

4. Procede incluír dentro da delimitación do ámbito de solo urbano non consolidado P-01 o novo acceso localizado ó oeste deste.

5. Segundo se indica na memoria da "Evaluación preliminar del riesgo de inundación (EPRI) e identificación de las áreas con riesgo potencial significativo de inundación (ARPSIS) del territorio español de la Demarcación Hidrográfica del MIÑI-SIL", este documento "*constituye, en el marco de las competencias del Organismo de Cuenca y para su ámbito territorial, un primer paso en la consideración de este tipo de sucesos. Posteriormente y sobre las Áreas delimitadas se elaborarán mapas de peligrosidad por inundaciones y mapas de riesgo de inundación que mostrarán las consecuencias adversas potenciales asociadas, así como planes de gestión que definirán las medidas que cada una de las administraciones debe aplicar en el ámbito de sus competencias. De la acertada delimitación de estas Áreas dependerá el éxito de este proceso que se prevé termine en diciembre del año 2015*."
Tendo e conta que este estudio non estará concluído ata o ano 2015 e a día de hoxe non existen aínda os mapas de risco de inundación optouse por consultar o visor sobre as áreas inundables do Ministerio de Medio Ambiente, no que se pode apreciar que no concello de Vilamartín non existen de momento zonas declaradas como inundables.

6.1. Procede modificar a altura das edificacións previstas con fronte á rúa Dr. Folla Respino.
6.2. Procede modificar a normativa de corpos voados.
6.3. Procede modificar a normativa no relativo á separación entre bloques en ordenanza de edificación aberta.
6.4. Procede modificar a ordenación prevista ó sureste da Rúa Miguel de Cervantes de mazá pechada a edificaicón aberta.
6.5. Procede modificar a normativa para incluír como uso compatible o residencial clase A nas ordenanzas de mazá pechada e edificación aberta.
6.6. Procede modificar os usos da ordenanza Zona 4 en concordacia co indicado no informe.

7. Procede eliminar das fichas de xestión a división poligonal e o sistema de xestión.

II.2.2. CLASIFICACIÓN E DETERMINACIÓNS EN SOLO URBANIZABLE

1. Como se aclarou en parágrafo precedentes procede redelimitar o ámbito do S-01 reducindo a súa superficie nos ámbitos con potencialidade agrícola.

2. O Sector S-01 contempla unha porcentaxe de uso terciario. Dende este punto de vista considérase coherente a inclusión da residencia de anciáns no ámbito a desenvolver posto que será un uso compatible que poderá regularizarse coa súa execución.

3. Procede incorporar todas as determinacións indicadas no artigo 57.c) e 57.d).

II.2.3. CLASIFICACIÓN E DETERMINACIÓNS EN SOLO DE NÚCLEO RURAL

1. As demandas previsibles de uso residencial están suficientemente xustificadas nos apartados correspondentes da memoria. A determinación 3.1.10 das DOT indica que "*Co fin de evitar crecementos lineais, os planeamentos municipais deseñarán á escala pertinente os viarios internos dos núcleos nos que será posible consolidar as novas edificacións*." É dicir as DOT non prohiben expresamente os crecementos lineais, se non que os regulan a partir da previsión de viario internos. No PXOM de Vilamartín prevense os viarios internos de maneira que os núcleos non medran linealmente ó longo dos viarios salvo nos casos nos que a día de hoxe xa existen edificacións. En base a este último aspecto procede revisar a delimitación dos núcleos rurais, reforzando o criterio de regularización das vivendas existentes nos núcleos rurais, eliminando da delimitación as áreas vacantes de edificación e que si supoñen novos crecementos.

2. Procede revisar a consolidación edificatoria dos núcleos indicados en base ós criterios establecidos na instrucción 4/2011.

3. A LOUGA non prohibe expresamente o uso de industria illada e as estabulacións de carácter familiar, se non que o que se prohibe son as naves industriais de calquera tipo e as instalacións destinadas á producción gandeira respectivamente. En base a isto non procede modificar a normativa do PXOM neste punto concreto.

4. Procede limitar o uso de cemiterios á ampliación dos existentes.

II.2.4. CLASIFICACIÓN E DETERMINACIÓNS EN SOLO RÚSTICO

1. A xustificación da reducción da zona de protección de augas por debaixo do ámbito dos 100 de policía de augas apórtase no punto 3.3.1.5.3. da memoria. En base a isto, e en tanto non se emita o informe preceptivo do organismo de conca, procede manter a proposta de clasificación do solo rústico de protección de augas.

2. Procede redelimitar o solo de protección de espazos naturais vinculado ó humidal do Encoro de de Santiago, Encoro de San Martiño e Serras de Correxais, dos Cabalos, da Enciña da Lastra e Montes Oulego.

3. Procede incluír dentro da clasificación do solo rústico de especial protección agropecuaria os terreos localizados ó sur do río Sil de alta productividade agrícola.

4. Segundo os recentes informes emitidos polo órgano competente da Consellería de Cultura ó respecto doutros Plans Xerais a inclusión dunha edificación no catálogo non implica a súa consideración como solo rústico de especial protección do patrimonio.

II.3. NORMATIVA

Procede modificar a normativa nos puntos 1 a 17 indicados no informe.

II.4. ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN E ESTUDO ECONÓMICO

Procede solventar as incongruencias existentes entre o Estudo Económico e a Memoria ó respecto da titularidade de certos ámbitos.

II.5. CUESTIÓNS DE ÍNDOLE DOCUMENTAL

1. Procede completar o mapa de riscos naturais cos riscos tecnolóxicos.

2. A zonas susceptibles de recibir políticas de restauración ecolóxica circunscríbense no PXOM de Vilamartín ás canteiras de lousa existentes. Estas políticas deberían estar contempladas nas Declaración de Impacto Ambiental de cada unha das actividades autorizadas e exceden claramente o ámbito do PXOM.

3. Tendo en conta que os ámbitos de solo urbano non consolidado quedan pendentes da redacción dun PERI, resulta imposible identificar nas fichas cales son as prazas de aparcamento en dominio público. Por outra banda procede incorporar nas fichas a determinación relativa a alturas máximas.

4. No referente ás fichas do solo urbanizable compre indicar se trata de fichas tipo non considerándose xustificada a eliminación de parámetros susceptibles de ser incorporados.

5. Procede emendar as incongruencias detectadas nas fichas do modelo de asentamento entre a 04.01 e a 04.03.

6. No concello de Vilamartín non existen hórreos tradicionais.

7. Procede delimitar as cuncas de interese paisaxístico e establecer as medidas de protección necesarias.

8. Procede incorporar os roteiros verdes á documentación do PXOM.

9. Solicitados planos dos incendios á Distrito correspondente resultou que estes non están cartografados coa antigüidade esixida. Aínda así compre lembrar que ningún dos tres solos urbanizables clasificados no PXOM de Vilamartín sufriu incendios forestais que inviabilicen a súa clasificación por esta cuestión.
Procede incorporar medidas de protección no PXOM para os montes públicos de utilidade pública, xa clasificados como solo rústico de protección forestal.
Por último xa foi aclarado suficientemente que, segundo os datos que figuran no visor de zonas inundables do Ministerio de Medio Ambiente, no concello de Vilamartín non existen zonas inundables.
Por último, foron solicitados os trazados das redes de subministración de enerxía eléctrica á empresa subministradora resultando que tan so se atopan cartografas as liñas de media tensión que reparten a enerxía eléctrica a todo o concello. As liñas de baixa tensión que se distribúen polo solo urbano non están cartografadas pola empresa subministrados, motivo polo cal resulta imposible aportalas.

10. As liñas límite de edificación tanto do ferrocarril como das estradas supramunicipais coinciden con liña límite da clasificación do solo rústico de protección de infraestructuras, resultando inviable a súa representación ó producirse a superposición exacta das dúas liñas.
Por outra banda procede incorporar a altura do totalidade dos quinteiros do solo urbano consolidado.
Por último xa se aclarou en parágrafos precedentes que procede modificar a normativa de protección de patrimonio en concordancia co expresado nos planos de clasificación.

Vilamartín de Valdeorras, 9 de decembro de 2011

Isidro López Yáñez
Arquitecto do equipo redactor do PXOM

ANEXO IV: CUMPRIMENTACIÓN DOS INFORMES SECTORIAIS EMITIDOS DURANTE O PERIODO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

INFORMES SECTORIAIS E CONSULTAS REALIZADAS DURANTE O PERÍODO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO DO PXOM DE VILAMARTÍN DE VALDEORRAS.

Durante o período de exposición ó público foron solicitados os preceptivos informes sectoriais e consultas.

O concello do Barco de Valdeorras, mediante escrito con nº de rexistro 746 de 9 de abril de 2012, non amosa desconformidade co PXOM de Vilamartín.

Dos organismos oficiais consultados recibíronse os seguintes informes:

Administrador de infraestruturas ferroviarias ADIF
Nº rexistro entrada: 246. Data: 15/02/2012
Resolución: Solicita que se modifiquen diferentes cuestións do PXOM
1.- Que se modifique o punto 2.12. da memoria para recoller a lexislación sectorial vixente en materia de ferrocarrís.
2.- Que se recolla na normativa a posibilidade de reducción da liña de edificación en tramos urbanos segundo o previsto no RD 354/2006.
3.- Que cualifique a liña férrea como sistema xeral ferroviario e se inclúa neste a subestación eléctrica que aparece identificada como SRX-04, vinculada ó servizo ferroviario.
4.- Incluír a obriga dos propietarios de dispor á súa costa dun cerramento dos terreos colindantes co ferrocarril para garantir a seguridade no tráfico ferroviario cos condicionantes técnicos que determine o ADIF.
5.- Incluír a obriga de solicitar a preceptiva autorización ó ADIF para urbanizar e edificar na zona de protección do ferrocarril, debendo incluír os proxectos unha separata que estude o impacto por ruído e vibracións, inducidas polo ferrocarril e as medidas adoptadas no seu caso para que os niveis de ruído e vibracións estean dentro dos niveis admisible pola normativa sectorial vixente.
Modificacións:
1.- Modifícase o apartado 2.12 da memoria no sentido indicado no informe.
2.- Modifícase o artigo 3.6.6. da normativa no sentido indicado no informe.
3.- Modifícanse os planos segundo o referido no informe.
4.- Modifícase o artigo 3.6.6. da normativa segundo o disposto no informe.
5.- Modifícase o artigo 3.6.6. da normativa segundo o disposto no informe.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
Requirimento de documentación Nº rexistro entrada: 343. Data 28/02/2012
Informe Primeiro
Nº rexistro entrada: 1.752 Data: 25/09/2012
Resolución: infórmase desfavorablemente o PXOM, indicando unha serie de modificacións que é necesario introducir no documento e que se resumen a continuación:
Na parroquia de Arcos modificaranse as fichas e/ou as proteccións dos elementos AC-01, AC-02, AC-03 e CP-02.
Na parroquia de Arnado modificaranse as fichas e/ou as proteccións dos elementos AC-04, AR-03, AR-02, CR-01.
Na parroquia de Cernego modificaranse as fichas e/ou as proteccións dos elementos AR-05 e CH-02.
Na parroquia de Robledo modificaranse as fichas e/ou as proteccións dos elementos CH-01.
Na parroquia de Córgomo modificaranse as fichas e/ou as proteccións dos elementos AC-07 e AR-06. Asemade incluiranse como elementos catalogados dúas edificacións situadas na praza que se atopa ó sur da casa do Portón e as das contiguas á AC-07 e a ubicada ó sueste con resío previo.
Na parroquia de Correxais modificaranse as fichas e/ou as proteccións dos elementosAC-09, AC-10, AC-11, AR-09, CH-03. Asemade incluiranse como elementos catalogados varias edificacións con valores culturais significativos na zona máis antiga do núcleo.
Na parroquia de Leira modificaranse as fichas e/ou as proteccións dos elementos AC-23 e AR-15.
Na parroquia do Mazo modificaranse as fichas e/ou as proteccións dos elementos AR-10 e OC-02. Asemade deberanse incluír como elementos catalogados varias vivendas tradicionais: unha na parte sur do núcleo preto do río con varanda corrida, unha na esquina noroeste da igrexa e outra con balconada de madeira na rúa oeste.
Na parroquia de Portela modificaranse as fichas e/ou as proteccións dos elementos AC-12, AC-13, AR-11. Asemade incluiranse como elementos catalogados a casa reitoral coa capela vencellada, as adegas na parte norte do núcleo, a capela de San Martín, unha casa con balconada no centro do núcleo, varias casas con balcóns nas proximidades desta última, un conxunto de edificacións con varandas e escaleiras exteriores na parte sur do núcleo e a adega na parte sur do núcleo ó pé da granxa.
Na parroquia de Outeiro modificaranse as fichas e/ou as proteccións dos elementos AC-17 e AC-18.
Na parroquia de Valencia do Sil modificaranse as fichas e/ou as proteccións dos elementos AR-16 e CP-07.
Na parroquia de Vilamartín de Valdeorras modificaranse as fichas e/ou as proteccións dos elementos AC-22. Asemade incluiranse como elementos catalogados a edificación de 1910 ó pé da oficina de información, a casa Miguel de Cervantes fronte á anterior, a casa tradicional en esquina con carpintería con mazarrón na praza de Dona Xusta e a vivenda con galería na praza dos Grecos.
Deberán estenderse as proteccións dos elementos arquitectónicos e etnográficos ás fincas que os conteñen se estas contan con elementos singulares como airas, camiños, peches, etc.

Neste ámbitos deberá prohibirse a segregación das fincas singulares vencelladas a elementos como pazos, rectorais, casas grandes, etc.

No catálogo arqueolóxico deberá establecerse unha área de protección integral sobre o xacemento arqueolóxico GA32088002; deberase valorar a posibilidade de ampliar a área de protección integral do xacemento GA32088008 cara ó sur; deberán ubicarse correctamente os xacementos GA32088011 e GA32088020; deberá incluírse a área de protección integral dos xacementos GA32088016 e GA32088017.

Nas fichas deberán engadirse as actuacións máis significativas; indicar se o elemento ten a categoría de BIC; grafar o límite da parcela nos pazos e casas grandes con finca; prever a eliminación programada dos nichos altos e construccións sobre rasante pegadas ós muros dos templos; indicar especificamente a protección dos xardíns e espazos exteriores vinculados a pazos e casas rectorais; recoller a totalidade das construcción vinculadas ó ben protexido.

No tocante á normativa deberase corrixir a numeración dos tipos de protección dos bens arqueolóxicos.

Deberán corrixirse os contornos de protección dos diferentes elementos do catálogo arquitectónico e etnográfico.

Deberase incluír na normativa a prohibición de traslado dos bens incluídos no catálogo.

O texto restante do informe refírese a modificacións na normativa do PXOM.

Informe segundo

Nº rexistro entrada: ... Data: 08/05/2013

Resolución: infórmase favorablemente condicionado á realización de certas correccións.

Informe terceiro

Nº rexistro entrada: 945 Data: 14/06/2013

Resolución: infórmase favorablemente.

Dirección Xeral de Montes

Nº rexistro entrada: 409. Data: 05/03/2012

Resolución: Favorable.

Deputación provincial de Ourense

Informe primeiro

Nº rexistro entrada: 439. Data: 06/03/2012

Resolución: Desfavorable.

Solicítase substituír na normativa, no artigo 3.6.5., a referencia da estrada CO-3802 pola OU-0807.

Asemade solicítase modificar a liña límite de edificación dos 7 m previstos no PXOM ós 9,5 m.

Solicítase incluír no plano I-2 a estrada OU-0807.

Solicítase incluír nos planos de ordenación dos núcleos rurais as cotas que marquen as distancias entre aliñacións na estrada provincial.

Enténdese que o estudo económico-financeiro está correcto.

Modificacións:

Modifícase o artigo 3.6.5. da normativa nos termos expresados no informe, inclúese a traza da estrada provincial OU-0807 no plano de información urbanística I-2, e acóutanse os anchos entre aliñacións nos planos dos núcleos rurais polos que pasa a estrada provincial.

Informe segundo

Nº rexistro entrada: 377. Data: 07/03/2013

Resolución: Solicítase a modificación das ordenanzas dos núcleos rurais.

Informe terceiro

Nº rexistro entrada: 828. Data: 24/05/2013

Resolución: Favorable.

Dirección Xeral de Ferrocarrís do Ministerio de Fomento

Nº rexistro entrada: 464. Data: 08/03/2012

Resolución: infórmase favorablemente sempre e cando se leven a cabo unha as seguintes modificacións no documento antes da súa aprobación definitiva.

1 e 2.- Incluír nos epígrafes 2.12 e 2.13 da Memoria as referencias a liña férrea, á lexislación sectorial en materia de ferrocarrís e á Dirección Xeral de Ferrocarrís.

3 e 4.- Identificar nos planos de clasificación a zona de afección do ferrocarril como sistema xeral viario. Tamén deberán identificarse as zonas de dominio público, zona de protección e liña límite de edificación.

5.- Indicar na memoria e na normativa que para os instrumentos de desenvolvemento do PXOM (plans parciais, plans de sectorización, estudos de detalle, plans especiais, proxectos de urbanización, etc.) rexerán tamén as limitacións reseñadas na lexislación vixente e no artigo 3.6.6. do PXOM que se remite a ela, debendo sinalar nestes as limitacións á propiedade e proteccións do ferrocarril, e no seu caso solicitar ó ADIF as autorizacións que sexan precisas.

7.- Indicar a obriga dos propietarios de solo de núcleo rural de dispor á súa costa dun cerramento no contorno das vías férreas no caso de que non exista previamente, debendo ademais executar pola súa conta a instalación de medidas de seguridade ou protección acústica que se esixan como consecuencia da entrada en vigor do PXOM.

Modificacións:

1 e 2.- Modifícanse os apartados 2.12 e 2.13 da memoria en concordancia co indicado no informe.

3 e 4.- Identifícase como sistema xeral ferroviario a zona de afección da liña convencional Ponferrada-Monforte. Tamén se recollen as liñas de dominio público, zona de protección e liña límite de edificación.

5.- Modifícase o artigo 3.6.6. da normativa e o punto 2.13.1 da memoria, no sentido indicado no informe.

7.- Modifícase o artigo 3.6.6. da normativa no sentido indicado no informe.

Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda.

Nº rexistro entrada: 518. Data: 13/03/2012

Resolución: Solicítase o cambio de diferentes clasificacións de solo rústico nunha parcela propiedade da comunidade autónoma.

Modificacións: Modifícase a clasificacións rústica das fincas.

Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación ambiental

Nº rexistro entrada: 701. Data: 03/04/2012

Resolución: Analízase a calidade do ISA do PXOM de Vilamartín de Valdeorras.

Modificacións: respecto da calidade do ISA compre indicar que as modificacións a introducir son convintemente expostas no documento do ISA en cuestión.

Dirección de telecomunicaciones y tecnologías de la información do Ministerio de Industria, Energía y Turismo

Nº rexistro entrada: 811. Data: 20/02/2012

Resolución:

Solicítase modificar os artigos 6.8.5., 7.1.21 e 7.2.11. da normativa de acordo coa lexislación vixente.

Modificacións:

Modifícanse os artigos referidos da normativa segundo o indicado no informe.

Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes

Nº rexistro entrada: 877. Data: 20/04/2012

Resolución: Solicítase a inclusión da necesidade de solicitude de informe para as construcción sen solo rústico queimado durante un prazo de tres anos dende a data en que tivo lugar o incendio forestal. A tal efecto aporta planos dos últimos lume socorridos no concello de Vilamartín.

Modificacións: Modifícase o artigo 11.3.3. no sentido indicado no informe e inclúense nos planos de información os referentes ós últimos incendios que acompañan ó escrito.

Demarcación de Estradas do Estado en Galicia do Ministerio de Fomento.

Nº rexistro entrada: 1.207. Data: 12/06/2012

Resolución: Solicítase a inclusión no documento de varias modificacións.

1.- A inclusión nos planos e na normativa das zonas de protección do viario estatal (zona de dominio público, zona de servidume e zona de afección).

Solicítase incluír na normativa a prohibición de incluír dentro do solo urbanizable terreos expropiados polo Estado.

Tamén se indica a imposibilidade de prever dentro da zona de dominio público dotacións de servizos de infraestruturas, tales como abastecemento de auga, saneamento, enerxía eléctrica, etc.

2.- Solicítase reflectir nos planos e na normativa a liña límite de edificación das estradas estatais, prohibindo, fóra desta, calquera tipo de obra de construción, reconstrución ou ampliación. Solicítase a modificación da normativa en concordancia co expresado na lexislación de estradas.

3.- Deberá delimitarse con precisión o solo urbano. Deberase facer constar na normativa que se exceptúan da suxeición a licenza municipal as obras públicas en xeral ou aquelas obras a realizar nas estradas do estado, tales como ensanche da plataforma ou melloras do trazado actual, obras de conservación, acondicionamento etc.

4.- Deberá incluírse na normativa a obriga de contar con informe favorable e a realización de estudos do tráfico e capacidade da rede para as novas conexións coa Rede de Estradas do Estado. Incluiranse planos de estado actual das estradas estatais afectadas.

5.- Incluirase na normativa que para as novas construcións próximas ás estradas do Estado será necesario con carácter previo ó outorgamento de licenzas, que se leven a cabo os estudos correspondentes de determinacións dos niveis sonoros esperables así como a obriga de establecer limitacións á edificabilidade ou de dispor dos medios de protección acústica imprescindibles en caso de superarse. Estes medios serán executados a cargo dos futuros promotores.

Modificacións:

1.-As zonas de dominio público, servidume e afección xa aparecen recollidas no PXOM no artigo 3.6.5.. Procede incluír nos planos de clasificación estas tres zonas. Por outra banda o PXOM non inclúe dentro do solo urbanizable terreos expropiados polo Estado para a realización das estradas.

2.- A liña límite de edificación xa ven reflectida nos planos ó coincidir coa delimitación do solo rústico de especial protección de infraestruturas. Por outra banda procede modificar a normativa recollendo as referencias ós artigos 25 da Lei 25/1988 e 84 a 87 do seu regulamento.

3.- O PXOM xa delimita coa precisión esixida na lexislación vixente en materia urbanística o ámbito do solo urbano. Por outra banda procede modificar a normativa relativa á regulación das actividades suxeitas a licenza (artigo 2.1.1.).

4.- Modifícase a normativa no extremo indicado no punto 4 do informe.

5.- Modifícase a normativa no extremo indicado no punto 5 do informe

Confederación hidrográfica Miño-Sil.

Informe primeiro

Nº rexistro entrada: 1334. Data: 06/07/2012

Resolución: Carece de resolución, solicitando documentación sobre a dispoñibilidade de recursos hídricos, xustificación relativa ó destino dos verquidos de saneamento, incorporación ós planos dos núcleos e do solo urbano das zonas de servidume e policía de augas, así como a realización de estudos hidrolóxicos-hidráulicos que definan as avenidas correspondentes a períodos de recorrencia de 100 e 500 anos.

Modificacións: Realízanse os cálculos para determinar a dispoñibilidade de recursos hídricos así como da capacidade da rede de saneamento existente, resultando suficiente a dotación de

abastecemento de auga para o máximo desenvolvemento previsto polo PXOM pero non a de saneamento, sendo necesario contemplar ampliacións das depuradoras existentes en Vilamartín, San Miguel de Outeiro e Arcos. Estas ampliacións contémplanse asemade no estudo económico do PXOM así como na estratexia de desenvolvemento.

Por outra banda realizáronse os pertinentes estudos hidrolóxicos-hidráulicos resultando que tan so a zona baixa do río Leira, ó seu paso polo solo urbano de Vilamartín, é inundable. En base a isto procede cautelar as licenzas neste ámbito permitíndose exclusivamente as referentes a conservación e mantemento.

Informe segundo

